

# **O pensamento de Ramón Piñeiro: unha aproximación dende a Teoría Política**

**The political thought of Ramón Piñeiro: an  
approach from Political Theory.**

**Autor: Sergio María Rodríguez Álvarez  
Titor: Dr. Ramón Máiz Suárez**

**Traballo de Final de Grao**  
Universidade de Santiago de Compostela  
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais  
Grao en Ciencia Política e da Administración

## RESUMO

Dende a perspectiva da Teoría Política, o autor deste traballo pretende unha síntese do pensamento político de Ramón Piñeiro López, tratando de sistematizar as súas principais ideas políticas e determinar a súa teoría política da nación. Con este fin compararemos o seu pensamento político co dos principais teóricos do nacionalismo galego, empregando para elo as categorías e conceptos que manexa a Teoría Política no estudo dos nacionalismos. Do mesmo xeito trataremos de apuntar aqueles elementos que se van configurando como hexemónicos no pensamento nacionalista galego en canto a súa teoría política da nación e a súa estratexia mobilizadora ao longo dos séculos XIX e XX, e determinar en que medida o pensamento de Ramón Piñeiro constitúe unha teoría política e unha estratexia enmarcadora diferenciada.

**Palabras chave:** galeguismo, nacionalismo, teoría da nación, federalismo, organicismo, culturalismo, pluralismo, Piñeiro, *piñeirismo*, Galicia, cultura.

## ABSTRACT

From the perspective of Political Theory, the author of this work seeks a synthesis of the political thought of Ramón Piñeiro López, trying to systematize his main political ideas and determine his political theory of the nation. To this end, we will compare his political thought with that of the main theorists of Galician nationalism, using the categories and concepts used by Political Theory in the study of nationalisms. In the same way, we will try to point out those elements that are becoming hegemonic in Galician nationalist thought in terms of its political theory of the nation and its mobilizing strategy throughout the nineteenth and twentieth centuries, and determine the extent to which Ramón Piñeiro's thought constitutes a political theory and a differentiated framing strategy.

**Keywords:** Galeguismo, nationalism, nation theory, federalism, organicism, culturalism, pluralism, Piñeiro, *piñeirismo*, Galicia, culture.

## **AGRADECEMENTOS**

A miña familia por crer en min sempre, incondicionalmente, e darme os medios para ser quen son.

Aos cidadáns galegos de hoxe e de onte, que cren nunha Galicia, célula de universalidade.

*“O federalismo é unha actitude, unha cultura da tolerancia, do respecto, da liberdade e da igualdade.”*

Xosé Luís Franco Grande

# ÍNDICE.

<b>I: INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>6</b>
• Introducción.....	7
• Metodoloxía.....	15
<b>II: O PIÑEIRISMO.....</b>	<b>18</b>
• Ramón Piñeiro, apuntamento biográfico.....	19
• O conflito coa UPG, e a construción da etiqueta “Piñeirismo.”.....	33
<b>III: DÚAS IDEAS DE NACIÓN NO GALEGUISMO.....</b>	<b>45</b>
• A teoría organicista da nación.....	46
• Os fundamentos para unha teoría pluralista da nación.....	53
<b>IV: O PENSAMENTO E A ESTRATEXIA POLÍTICA.....</b>	<b>66</b>
• A política cultural.....	67
• O pensamento económico.....	75
• O pensamento político.....	81
<b>V: CONCLUSIÓNS.....</b>	<b>92</b>
• Conclusións.....	93
• Bibliografía.....	95

# I. INTRODUCCIÓN

## INTRODUCCIÓN

Abordar o pensamento político dun intelectual multidisciplinar como foi Ramón Piñeiro López, pode resultar inconmensurable partindo do feito de que este non se atopa sistematizado, alén da valiosa achega coa que Miguel Barros contribúe a través da súa tese de doutoramento, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. Aínda así, e dende a motivación de que este breve traballo supoña unha contribución persoal ao esforzo profundo que se leva realizando nas últimas décadas dende o eido das Ciencias Sociais e Humanas por dar un sentido científico e sistémico ao pensamento galego, propoñome tratar de comprender o sentido político que cobra o pensamento político de Piñeiro e a súa xeración, no seu contexto e na posterior configuración do sistema político galego. O obxecto deste traballo é politolóxico, e non nun sentido pretencioso, se non cunha perspectiva sistemática de limitar o estudo do actor que protagonizará as vindeiras páxinas ao terreo estrito da Teoría Política. Tratando de sistematizar o máis brevemente posible as ideas centrais que vertebran o pensamento político de Ramón Piñeiro, e que marcan as claves interpretativas do círculo de intelectuais e pensadores que foron próximos ao lancaio. Por extensión será necesario situar as teses centrais do pensamento de Piñeiro ao abeiro do pensamento nacionalista galego en sentido amplo, apuntando as claves interpretativas dos autores que serven de sustento ao intelectual lucense para elaborar a súa difusa obra teórico-política. A dificultade do traballo de campo sitúase na pluralidade de documentos e materiais gráficos e audiovisuais nos que o autor verte o seu pensamento político, que no entanto amósase coherente e sistémico ao longo de toda a súa produción.

Abordar a Ramón Piñeiro supón tanto como abordar o nacionalismo galego na segunda metade do século XX. Ao lucense tocoulle ocupar a posición central entre a intelectualidade galeguista logo da morte de Castelao, até o seu falecemento en 1990. Polo tanto sería enormemente imprudente desprendernos da realidade política, social e económica do seu tempo para comprender as teorías centrais do seu pensamento. A figura de Piñeiro, é de extraordinario interese por que ao igual que en Murguía ou en Risco, a vocación académica como historiador, antropólogo e filósofo anteponse a súa vocación literaria, e polo tanto os tres tratan dende

sendas disciplinas a construción dunha teoría política da nación galega. Partindo desta afirmación reafirmamos o pretendido interese por contrastar a hipótese de que o nacionalismo galego non é un movemento nacionalista peculiar ou distinto aos movementos nacionalistas que aparecen por toda a Europa contemporánea, e que o mesmo pode ser comprendido perfectamente a partir dos mesmos esquemas de análise que apuntan a existencia de dúas grandes correntes de pensamento teórico no ámbito dos nacionalismos, aqueles que se identifican como *primordialistas* dunha banda (Herder), e aqueloutros que teñen unha idea de nación que poderíamos definir como *construtivista* (Anderson e Hobsbawm). Deste xeito, atendendo aos marcos teóricos nos que en cada etapa se vai configurando a proposta de construción nacional. Como é natural o galeguismo entendido politicamente como un movemento histórico, cultural e político, só se comprende a partir dunha concepción diferencial de Galicia, que pode ser entendida de xeito máis ou menos orgánico. Pero en todo caso a afirmación de Galicia como unha unidade monolítica, con existencia autónoma á vontade política social en cada tempo, allea ás estruturas *de oportunidade política* (Tarrow, 1998), é unha afirmación doutrinal que está presente dende as primeiras teses sostidas por Murguía, até o pensamento Risquián, e por extensión o de boa parte do galeguismo anterior a Guerra Civil. No entanto establécese a dicotomía doutra proposta teórica dende o primeiro momento, e que vai máis alá dos postulados *perennialistas* de Murguía e que mesmo supera os trazos liberais murguianos, que recolle na súa obra o enfoque do nacionalismo liberal italiano proposto por Mancini (Máiz 1997, pp. 177 e ss). Esta proposta é a do galeguismo federalista de Aureliano Pereira, hoxe practicamente marxinado aos lindeiros do pensamento político galego, e que por outra banda permite comprender perfectamente as conexións entre o primeiro rexionalismo federalista, que Ramón Máiz denomina *Federorrexionalismo*<sup>1</sup> e o pensamento galeguista de Piñeiro e o seu círculo próximo.

Observamos unha lóxica lineal polo tanto no percurso do discurso galeguista, que pode comprenderse de xeito dialéctico como un debate acerca de que é Galicia, Podemos situar o punto de inicio de este debate nas formulacións de Brañas e Murguía respectivamente, Onde se confronta unha visión de Galicia como comunidade diferenciada en ambos casos, pero con notables diferenzas. Unha articulada sobre o corporativismo católico, que rexeita abertamente as modernas liberdades civís e os sistemas políticos liberais que se estaban institucionalizando na Europa decimonónica, e outro que simpatiza cunha idea liberal da nación, aínda tributaria

1 MÁIZ, Ramón. *A idea de Nación*. Xerais. 1997. pp 238-239

dunha visión orgánico-historicista do país, pero cunha maior apertura cara certos caracteres liberalizantes, e que se atopa influída polas principais correntes liberais da Europa do XIX. Nesta primeira etapa xa se observa unha tensión evidente entre dúas formas de entender a nación. Unha eminentemente nostálxica da vella orde social esmorecente, e a outra aberta a participación da sociedade galega no proceso de institucionalización liberal. Non debemos perder de vista a natureza tépeda e reformista do liberalismo español no século XIX, froito dunha industrialización tardía e dun proceso sucesivo de reforma da estrutura política do vello orde e non de ruptura revolucionaria. Alén da importancia que posteriormente o movemento intelectual galeguista e a academia máis recentemente lle ten dado ao proceso de confrontación dialéctica entre o galeguismo murguiano e tradicionalista, este non deixou de ser anecdótico na axenda política de finais do século XIX, no que en Galicia non existía unha autonomía suficiente que nos permita identificar nin unha axenda, nin unhas dinámicas políticas homologables as que para aquel momento se vivían en Cataluña ou en Euskadi, nas que PNV e Lliga protagonizaban os procesos de construción nacional catalán e vasco respectivamente.

Como xa apuntei anteriormente o proceso de confrontación dialéctica entre a idea de nación como realidade histórica, indiscutida socialmente, con entidade de seu, á marxe da vontade política social, contraposta coa idea de nación como un proceso de construción política e polo tanto discutido e contestado social e politicamente non remata no rexionalismo e esténdese a primeira metade do século XX, onde se opoñen as teses organicistas de Vicente Risco coas teses republicanas e progresistas do galeguismo republicano.

Atopamos o verdadeiro concepto *orgánico* de nacionalidade, asegún o cal, a nación é un feito natural, un feito biolóxico, independente da vontade dos homes estando constituída por unha comunidade de intereses espirituais e vitais, na que asegún diferentes opinións, interveñen causas xeográficas, étnicas, históricas, etc. (Risco, 1918)

A concepción que Risco ten de Galicia oponse en primeiro lugar a concepción liberal que Murguía teoriza de xeito latente na súa obra, e porsuposto oponse a previa concepción federalista e republicana de Pereira, marxinalizada a un segundo plano polo propio Risco.

Para Risco o nacionalismo non constitúe un ideario construtivista, que supoña a necesidade da confrontación política conducente a un proceso de *national building*. Con todo para o intelectual ourensán a nación é un feito obxectivo con existencia orgánica propia, e calquera iniciativa política galeguista debe limitarse a expresar, reflectir e exteriorizar unha nación previa. Partimos pois dunha concepción total de nación. Dun *nós* total, no que a sociedade se imbrica só como un compoñente máis do bloque nacionalitario, e que non ten máis importancia que outros como a lingua, o territorio ou a tradición. Fronte a esta concepción da nación entendida como unha organicidade total, aséntase a idea da nación como unha realidade netamente política. Atenderemos pois a partir de 1931 a construción dun novo discurso no seo do galeguismo que se irá afastando no plano da estratexia política da concepción organicista catalizada por Vicente Risco. De todos xeitos non podemos perder de vista que até Ramón Piñeiro, será complexo atopar un discurso que proveña do núcleo intelectual do galeguismo que non se identifique coas teses etno-culturalistas baseadas no esquema *unha terra, un pobo e unha fala*. Resultará fulcral neste proceso de progresivo afastamento do galeguismo das teses máis totalizadoras da nación como un ente indiscutido politicamente, a necesaria loita política polo Estatuto, e a participación dos galeguistas no sistema político e de partidos. Durante a República veremos un galeguismo máis ou menos uniforme en canto a cosmovisión nacional e a definición do concepto de nación. Mais é notable o progresivo proceso de separación estratéxica en canto a aqueles que teñen unha visión máis tradicional da sociedade e que se traslada ao eido do pensamento político nunha concepción orgánica e étnica da nación, vendo na lingua, na relixión e na estrutura social galega do século XIX un garante para a preservación da cultura política decimonónica. Fronte a este enfoque que representan intelectuais como Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Xosé Filgueira Valverde, establecece unha visión republicana da política e que inexorablemente irá arrombando aqueles elementos máis liberais e republicanos na concepción de nación e incorporando outros provintes do marxismo. Este segundo enfoque acabaría por dar lugar a visións do país como a de Castelao no seu *Sempre en Galiza*. Porén non debemos esquecer a total hexemonía da perspectiva risquiá durante todo o período republicano. A concepción da nación como un *feito biolóxico* e por ende orgánico, marcaría dun xeito nido a perspectiva nacionalista do propio Castelao. Ao longo das páxinas do *Sempre en Galiza*, vese reflectida unha visión nacional que repousa sobre o concepto de *volkgeist* provinte da teoría política alemá de signo nacionalista. Como indica Ramón Máiz no seu ensaio *A idea de nación en Castelao*, a través das páxinas do ensaio máis coñecido do intelectual rianxeiro pódense contemplar tres teorías da nación diferentes, unha primeira de impronta marxista, tributaria da

concepción de nación definida por Stalin, a segunda herdeira da tradición xermana, baseada no espírito do pobo ou *volkgeist*, e outra dependente da idea de “*morfología social e económica*”, desenvolta con maior profundidade na obra de Ruysen *Les minorités nationales*. (Máiz 2000)<sup>2</sup>

Vemos pois como a teoría de nación sostida polos bandos que se configuran no nacionalismo a partir de 1933, coas tensións entre o sector máis conservador e o máis progresista do Partido Galeguista, non establecen unha verdadeira dialéctica en col da idea de nación no plano teórico. E a verdadeira ruptura prodúcese no concernerente á estratexia política. Na III asemblea do Partido Galeguista que se celebra en Ourense, Risco lidera a posición contraria a entenderse cos republicanos de esquerda e socialista de cara a constitución da Fronte Popular, fronte a el Castelao, Suárez Picallo, Vilar Ponte e outros galeguistas posiciónanse a prol do entendemento electoral coa esquerda e isto produce a ruptura dun partido que na altura xa se convertera nun actor político moderno, plenamente adaptado á legalidade republicana e proclive a aproveitar a estrutura *de oportunidade* que a nova orde republicana ofrecía para conquistar a autonomía.<sup>3</sup> É precisamente a partir desta confrontación estratéxica que se divide o nacionalismo galego, quedando arredada a perspectiva tradicionalista defendida por Risco e Filgueira nunha sorte de partido de notables marxinal, e de pouca relevancia política: a Dereita Galeguista, que esmorecería co Golpe de Estado en xullo do 1936. Con esta ruptura a semente tradicionalista, inserida por Brañas no Galeguismo, quedou arredada e definitivamente superada. Supoñendo a incorporación do nacionalismo ao novo orde económico e político. A superación do concepto orgánico de nación no entanto seguirá a ter certa influencia ao longo de todo o século XX, e veremos como se combinará coa perspectiva marxista para dar lugar as teses do novo *nacionalismo radical* de impronta marxista na década dos 60. (Rubiralta 1998)

Pero a perspectiva orgánico historicista tamén se deixa entrever na perspectiva demo-liberal defendida polo grupo de Galaxia no que se insire o propio Piñeiro. Veremos como pouco a pouco as teses de Risco son superadas, e delas só logra manterse o que de Risco hai na teoría da nación defendida por Castelao.

---

2 MÁIZ, Ramón. *A idea de nación en Castelao*. Ed. Xerais. pp. 9-11

3 Como indican BERAMENDI E NÚÑEZ SEIXAS (*O nacionalismo galego*. Ed. A Nosa Terra, 1995. p.148) “ No programa PG aparecen novos temas, tratados con criterios máis progresivos, o que pon en evidencia que prevaleceu a inspiración democrático-reformista, con algúns resabios mesmo socialdemócratas, sobre o tradicionalismo.”

Para comprender o pensamento de Ramón Piñeiro, e efectivamente ver se se configura como unha tese alternativa á teoría da nación sostida polo primeiro rexionalismo murguiano, e o posterior nacionalismo risquián, debemos primeiro degrallar que queda da idea de nación tradicionalmente mantida polo galeguismo logo da morte de Castelao. O certo, e como veremos posteriormente, para a UPG e o PSG foi moi facilitador que o marxismo renunciara na primeira metade do século XX, a elaborar un concepto de nación, non tributario da idea de nación da tradición xermánica.<sup>4</sup> Por outra banda os intelectuais que compoñen a xeración Galaxia tentan pola contra *revisar o nacionalismo* (Barros 2009), coa exclusiva arela de darlle a Galicia un encaixe non só instrumental, se non coherente estruturalmente na realidade política europea do seu tempo. É precisamente nesta causa onde podemos acadar a comprender o sentido profundo da estratexia política de Piñeiro e o grupo da Xeración Galaxia.

Pola forza inevitable da historia, en Galicia haberá as mesmas correntes políticas que no resto de Europa: comunismo pro-ruso, maoísmo, socialismo, social-democratismo, democracia cristiá, liberalismo, etc. Esas correntes que xa existen en España. Esas correntes existen en Galicia e serán, en Galicia o mesmo que no resto de España, e en España o mesmo que no resto de Europa. (Piñeiro 1976)<sup>5</sup>

Este enfoque, supón un cambio profundísimo na concepción do galeguismo, no que até o momento viña sendo hexemónica a visión do nacionalismo como un actor político de natureza partidaria que debería encamiñar a mobilización *política* de xeito unitario conducente a dar lugar a formatos organizativos vencellados ao actor central, un liderado carismático que interpelara e representara a nación, e un repertorio de mobilización eficaz capaz de interpelar as maiorías sociais alén da elite nacionalista dirixente. (Gurr 1993 y 2000; Máiz, 2003; Hale, 2008)<sup>6</sup> O grupo

---

4 En *A Idea de Nación en Castelao. 2000* Ed. Xerais. Ramón MÁIZ apunta unha idea valiosísima para a comprensión da imbricación do nacionalismo radical de corte marxista, coa idea de nación orgánica sostida por Risco: “... a tantas veces desnortada recepción do concepto de nación de Stalin, concepto integrado polos seguintes factores, considerados todos e cada un deles imprescindibles: idioma, territorio, economía e cultura”, engade “... o sobredeterminismo culturalista que permea a devandita definición, caracterizada pola significativa exclusión do elemento político, feito de ningún modo alleo á hora da marxinação do federalismo e o dereito de autodeterminación na realidade da experiencia da URSS”. Apunta tamén MÁIZ que “a renuncia do marxismo a elaboración dun concepto non economicista de nación, para recibir acriticamente as teses centrais do organicismo romántico alemán.”

5 Carta a Rodolfo Prada do 3-02-1976. Copia no Arquivo Ramón Piñeiro.

6 MÁIZ, Ramón. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed Siglo XXI. 2018. p. 147.

da xeración Galaxia, no que Piñeiro exerce un liderado intelectual incuestionable, e no que tamén participan outros como Xaime Isla Couto, Francisco Fernández del Riego, Carballo Rof, Celestino Fernández de la Vega ou Marino Dónega, asentan as bases teóricas para adaptar o galeguismo á inmediata estrutura *de oportunidade política* que ía supoñer a Transición, e ao novo contexto político que se estaba dando no seo da Comunidade Económica Europea, conducente a un crecente proceso de integración política. Aínda que herdeira da concepción histórico-organicista da nación proposta polo galeguismo histórico, a Xeración Galaxia con Piñeiro á fronte, comeza a desprazarse cada vez máis cara unha *teoría culturalista da nación* na que a etnicidade pasa a un segundo plano e os elementos bioloxistas comezan a desaparecer, o resultado é a idea dunha *etnia tenue*<sup>7</sup> na que aínda pervive a idea dunha nación, unha cultura e unha lingua, pero aqueles rasgos máis drasticamente deterministas vanse atepedando. Alén de que segue a haber unha continuidade que é aínda máis evidente no nacionalismo radical de corte marxista, o nacionalismo piñeirista comeza a aproximarse dun xeito asombrosamente temperán aos modernos *nacionalismos pluralistas*. Formulando ao longo de toda a súa obra a idea dunha *comunidade política plural*, e partidario dunha visión aberta e contestada da cultura no proceso de construción nacional. Para Piñeiro a cultura é un produto da sociedade, e nunca pode vir definida como unha totalidade polo Estado, nisto afástase enormemente das concepcións deterministas do nacionalismo organicista e adopta unha visión pluralista da nación.

O Estado é unha forma cultural, unha creación da cultura, mais non é a súa raíz. A verdadeira raíz da cultura é o pobo. (Piñeiro 1956)

Do mesmo xeito que introduce unha idea da cultura non determinista, Piñeiro tampouco acepta o determinismo no plano político o cal o leva a un rexeitamento fulcral do termo nacionalismo, que entende periclitado e vencellado dun xeito irrecuperable coa concepción organicista do país galego sostida polo galeguismo do século XIX e primeiras décadas do XX.

No ano 1934 por exemplo, cando tiña dezanove anos lin a *Teoría do Nacionalismo Galego* de Vicente Risco, que me produciu unha viva impresión, non tanto pola afirmación do

---

7 *Ibidem*. 2018. p. 169.

nacionalismo, unha doutrina que non me atraía demasiado debido ao particularismo no que se baseaba, como reivindicación e a defensa dos intereses de Galicia. (Piñeiro 2002)

Vemos pois como Piñeiro enuncia a súa ruptura co texto central que serve de referencia ao galeguismo republicano, e do que Castelao se tiña declarado seguidor no seu *Sempre en Galiza*. Dende moi cedo Piñeiro comeza a sentirse atraído polo pensamento federalista, do que se declara seguidor xa na altura de 1934.

Polo que respecta ao nacionalismo risquiano, eu sempre me inclinei máis polo federalismo. Por entón lin *El Federalismo* de Pi I Margall, aínda que me decepcionou un pouco polo carácter exclusivamente formal, demasiado estatalista, que lle daba a fórmula política de articulación do Estado. (Piñeiro 2002)<sup>8</sup>

A tenor do seu propio testemuño, Piñeiro dende moi cedo dunha idea determinista de nación e declarase seguidor dunha idea de nación alternativa a hexemonía risquiá no proceso de construción nacional, aínda que con acenos culturalistas, característica esta última extendida a todas as vertentes e expresións políticas do nacionalismo galego até os nosos días. O que compre destacar para poñerlle colofón a esta breve introdución é que o grupo de Galaxia atopou en Piñeiro non só un liderado intelectual, se non a personalización da antítese para os movementos marxistas que na altura sostiñan unha idea determinista de nación, tributaria da tradición galeguista. A asociación do concepto *piñeirista* con un imaxinario colectivo vencellado a tradición do nacionalismo, ou mesmo á nación, existiu e segue viva en certos entornos do nacionalismo que aínda se declaran herdeiros da visión risquiá da nación. Tanto é así que isto convidanos a proceder ao estudo da hipótese de que o nacionalismo galego non é un movemento monolítico. E dende os seus albores co rexionalismo existen cando menos dúas tradicións alternativas, e por veces mesmo antagónicas da idea de nación. Estas conectarían o pensamento *federorrexionalista* de Aureliano Pereira coa formulación *federalista* e baseada nun revisado nacionalismo pluralista proposta pola xeración Galaxia e en particular por Ramón Piñeiro. O obxecto deste estudo é analizar a dialéctica establecida entre eses dous modelos, e analizar as continuidades e discontinuidades na construción dun enfoque federalista da nación galega, en contraposición coa idea de nación como unha totalidade indiscutida.

---

8 PIÑEIRO, Ramón. *Da miña acordanza*. Ed Galaxia. 2002. p.47

## METODOLOXÍA

O obxecto deste traballo consiste nunha aproximación ao pensamento político de Ramón Piñeiro dende a metodoloxía propia da Teoría Política. Antes de abordar brevemente a natureza e encaixe da subdisciplina da Teoría Política e a Historia do Pensamento Político no seo da nosa disciplina: a Ciencia Política. É necesario lembrarlle ao lector que partimos da teoría de que o pensamento de Ramón Piñeiro pode ser enmarcado dentro da corrente de pensamento que denominamos como *nacionalismo pluralista* (Máiz 2018), e que a través do enmarcamento e definición do concepto de nación que manexa o intelectual lucense, poderemos contrastar as dúas hipóteses centrais deste traballo. A primeira, que o nacionalismo galego goza dun pluralidade e diversidade interna igual de ampla que outros movementos políticos conducentes a procesos de *national building* existentes en Europa. E a segunda das nosa hipóteses e que sen dúbida ocupará a parte central deste traballo: que o pensamento de Piñeiro non só responde a un posicionamento *estratéxico* conducente a institucionalización de boa parte das demandas históricas do nacionalismo galego en primeiro lugar, e a posicionar as elites próximas a coñecida como Xeración Galaxia, en posicións de relevancia na nova estrutura de *oportunidade política* que supuña a Transición e a Autonomía. Se non que o pensamento, ideas e teoría da nación sostida por Ramón Piñeiro e o Grupo Galaxia, responde a unha teoría alternativa de nación, directamente conectada coa teoría *federorrexionalista* introducida por Aureliano Pereira na segunda metade do século XIX<sup>9</sup>. Deste xeito atenderemos necesariamente a sistematización dende a perspectiva da teoría política da idea de nación no pensamento político de Ramón Piñeiro e ao seu contraste dialéctico e analítico coas ideas de nación coas que se contrapón. En primeiro lugar a idea de nación sostida polo Galeguismo do Exilio, leal ao coñecido como *Consello de Galiza* (1939-1950), e en segundo lugar e dun modo se cadra máis relevante para o noso contraste, a idea de nación do novo *nacionalismo radical* sostida pola Unión do Pobo Galego e en menor medida polo PSG logo da súa ruptura definitiva co círculo galaxián.

---

9 En *A idea de nación* (MÁIZ, Ramón 1997, pp 248-249) define o concepto de federorrexionalismo: “A síntese en definitiva, pola que o rexionalismo presta ó ideario federal toda a súa organicidade, e o federalismo ó corpus rexionalista todo o seu radicalismo democrático e descentralizador.”

Como é natural, a eficacia do noso obxecto de estudo require unha contextualización previa do actor que protagonizará o noso análise, como apunta un dos máximos expoñentes da Teoría Política alemá de comezos do século XX, Meinecke, non se podería separar unha investigación conducente ao estudo dunhas ideas políticas, disgregándoas do estudo da personalidade que as produce. (Meinecke 1908)<sup>10</sup>. A metodoloxía deste traballo será polo tanto a propia dun estudo que aborda unha dupla natureza, unha primeira circunscrita ao ámbito da historia das ideas políticas, conducente a explicar o papel dos actores que condicionarán o pensamento político de Ramón Piñeiro, co seu indisociable compoñente hermenéutico percorrerei o pensamento do intelectual galego a través da revisión bibliográfica, a consulta de fontes directas como o seu epistolario persoal arquivado na Fundación Penzol e nos arquivos do Consello da Cultura Galega, así como o análise do discurso do intelectual lucense, tratando de entrever os conceptos fundamentais que nos permitan determinar as variables que inflúe na súa teoría política da nación.

Como cabería esperar, este traballo requirirá da posta en práctica puntual do método biográfico ou historia de vida para acadar unha comprensión integral do seu sistema de pensamento e as consecuencias directamente vencelladas a estratexia política da que participaría no Grupo Galaxia. En segundo lugar a metodoloxía que percorre todo o traballo será a propia da Teoría Política, tratando de sistematizar o pensamento das principais correntes de pensamento nacionalista, buscando indicadores que as fagan equivalentes coas categorías científicas que a disciplina manexa para o estudo dos nacionalismos, e poder así confirmar a nosa hipótese central de que o *nacionalismo pluralista* defendido por Piñeiro constitúe un teoría política da nación autónoma e independente a hexemónica no nacionalismo galego histórico e contemporáneo, de acordo á cal a nación é un feito orgánico obxectivamente definido por factores étnicos, culturais e lingüísticos. Con esta finalidade atenderemos a teoría da nación de Piñeiro, tirando do método comparado, para contrastar as nosa hipóteses de que se trata dun pensamento autónomo e diferenciado conectado directamente co federalismo galeguista que introduce unha perspectiva construtivista da nación política. A pertinencia do método biográfico neste caso explicase pola relevancia que os pequenos círculos nos que participaba a

---

10 “la investigación de ideas políticas nunca debe separarse de las grandes personalidades, los pensadores creativos, y primero hay que tratar de comprenderla allí en las altas fuentes, y no en el amplio nivel de la llamada opinión pública, la pequeña literatura política diaria” (Meinecke, 1908: 18)

intelectualidade galega durante o Franquismo, foron os que condicionaron enormemente as perspectivas en liza pola hexemonía, no inmediato contexto autonómico. (Ferrarotti 2008: 8)<sup>11</sup>

Para acadar a comprender o encadramento da metodoloxía deste traballo compre lembrar que non ten unha finalidade filosófica ou moralizante, pois non pretende prescribir, se non explicar. O obxecto deste traballo non pode ser histórico en canto que non explica as causas profundas dos sucesos que percorreren as páxinas desta investigación, se non que a súa descrición será meramente instrumental. Tampouco ten este estudo unha finalidade filosófico-hermenéutica, no senso de tratar de abordar unha explicación normativa ou motivacional que encadre a acción dos actores individuais, construíndo unha escala de valores ou a descrición apriorística e subxectiva dun modelo desexable de *construción nacional*. O obxecto deste estudo é puramente politolóxico, en tanto que procura comprender a posición que por unha banda ocupa o pensamento de Ramón Piñeiro e de toda unha xeración de intelectuais que o comparten no campo da Teoría Política galega, e en segundo lugar establecer unhas chaves interpretativas para comprender a influencia do pensamento político de Piñeiro na institucionalización que ten lugar en Galicia a partir de 1981, coa prosecución da autonomía e posterior configuración dun sistema político autónomo.

Para levar a cabo este traballo de investigación, tiveron o privilexio de poder acceder directamente ao fondo documental e epistolar que o Consello da Cultura Galega custodia nos seus fondos, concernente a Ramón Piñeiro, podendo reconstruír así etapas biográficas clave para a configuración do seu pensamento político. Pero tamén identificando os rasgos ideolóxicos e discursivos que nos permitirán falar dun pensamento político diferenciado e recoñecible ao abeiro do pensamento político galeguista. Este traballo investigador, desenvolveuse sincronicamente coa realización das miñas prácticas curriculares na mesma institución, na que se desenvolveu pola miña parte unha labor de análise documental e clasificación, traballando cun material de enorme interese para o eido da Teoría Política e a Historia do Pensamento Político en Galicia.

---

11 “a través de la mediación de su contexto social inmediato, los pequeños grupos de los cuales él es una parte, porque esos grupos son, a su vez, agentes sociales, activos que totalizan su contexto” (Ferrarotti: 2008: 8)

## **II. O PIÑEIRISMO**

## RAMÓN PIÑEIRO, APUNTAMENTO BIOGRÁFICO

Poucas personalidades na historia política do noso país son obxecto de tantas polémicas e sinalamentos como as que foi sometido Piñeiro. O seu protagonismo na vida cultural da Galicia franquista é enorme e embarga a todo o movemento galeguista. Dende a afinidade ou a oposición, o certo é que o galeguismo recoñécelle a Piñeiro un papel protagonista na construción da idea moderna de Galicia, a el ténselle atribuído un papel protagonista na institucionalización que Galicia vive na Autonomía entre 1978 e 1981, papel ao que o propio intelectual lucense ten tratado de restarlle protagonismo. O certo é que Piñeiro cumpre unha tripla faceta, a primeira a de político estrito *sensu* como militante activo do Partido Galeguista e membro da elite dirixente máis moza do galeguismo republicano, e no breve período en que o PG do interior tivo certa vida orgánica. En segundo lugar Piñeiro desenvolve o rol de teórico-político, dunha forma dispersa, desenvolvendo a súa teoría política da nación, a súa teoría social e a unha incipiente teoría económica ao longo dunha actividade ensaística an ampla como dispersa, en xornais, medios de comunicación e revistas culturais algunhas mesmo promovidas por el mesmo. En terceiro lugar Piñeiro desenvolve a tarefa de formador da nova xeración de líderes nacionalistas, pois afíns e opositores a súa liña política así llo teñen recoñecido.

“O paso de entrar nunha organización política é un paso que dou moi inducido por Ramón Piñeiro.

Só era radical no meu antifascismo, con moitos compoñentes na miña formación ideolóxica procedentes da relación discipular con Ramón Piñeiro.

Naquela etapa eu escribía nunhas claves que eran moi piñeiristas e cunha visión moi conservadora no fondo: Spengler, Wilhelm Röpke... Escritores, pensadores e, chamémoslos

así científicos sociais que eu lía como quen le pouco menos que os evanxeos.” (Beiras, 2004)<sup>12</sup>

Como é sabido moitos dos que se recoñeceron posteriormente como os seus discípulos e compañeiros, o propio Beiras, Carlos Casares, Xaime Isla, Alfredo Conde... serían protagonistas directos do proceso de institucionalización da autonomía galega, e outros declararíanse moi influenciados polos postulados de Piñeiro como Benxamín Casal, Ceferino Díaz, González Laxe...etc, é polo tanto indiscutible o feito de que o lucense representa a un actor relevante na vida pública galega, e a pesar das críticas denominadas como *culturalistas* polos detractores do intelectual, tamén se erixe como un actor relevante na definición dos marcos, nos que se desenvolverá a vida política na Galicia autonómica.

Unha vez xustificada a relevancia do actor, en canto a protagonista indiscutible d vida cultural e política galega da segunda metade do século XX, compre que percorramos brevemente a súa vida para acadar a comprender a súa evolución persoal e ideolóxica, identificando aqueles fitos que puideron condicionar o seu xeito de entender o país, e mesmo a súa teoría sociopolítica da nación galega. Penso, logo da pertinente revisión bibliográfica e moi especialmente biográfica<sup>13</sup>, que poderíamos dividir a traxectoria vital do noso protagonista en catro grandes etapas vitais que condicionan enormemente o seu pensamento: unha primeira que podemos marcar na súa infancia e xuventude, na que socializa nun entorno rural, primeiro en Láncara e logo nun entorno semiurbano traballando en Sarria e mesmo proseguindo a súa formación en Lugo. Unha segunda etapa de maior interese politolóxico, na que toma contacto coa mobilización galeguista do período republicano, na que ingresa dende o compromiso militante no PG, compromiso que se ve truncado coa Guerra e cos primeiros anos da súa traxectoria vital no Franquismo. Marcaría o final desta segunda etapa na que tamén se produce a colisión co Galeguismo do Exilio, no 1950. Data na que definitivamente o Galeguismo do interior baixo o liderado estratéxico de Ramón Piñeiro, e o liderado carismático de Ramón Otero Pedrayo se decide a emprender unha nova etapa colectiva ao abeiro da Editorial Galaxia. Esta é a terceira etapa vital de Piñeiro, na que definitivamente se produce a auténtica revisión do nacionalismo, desapegándose das teses primordialistas e acollendo pouco a pouco a perspectiva das ciencias

---

12 FERNÁN VELLO, PILLADO MAIOR. *A estrela na palabra: novas conversas con Xosé Manuel Beiras*. Ed Laiovento. pp. 20-21.

13 CASARES, Carlos. Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia. Ed. Galaxia. 2005  
PIÑEIRO, Ramón. Da miña acordanza. Memorias. Ed Galaxia. 2002

sociais para incorporar un novo concepto de cultura, con rostro sociolóxico que virá a definir e vertebrar todo o seu pensamento político. A derradeira etapa vital de Piñeiro desencadéase coa morte do ditador e o inicio do proceso de consolidación da autonomía galega, na que de novo xogará un rol protagonista como pensador, pero tamén como home público. Primeiro como político no Parlamento e posteriormente a fronte dunha institución inserida no entramado institucional galego, e polo tanto unha institución de carácter político-cultural como o Consello da Cultura Galega, da que el se converte no seu máximo valedor.

Hai un concepto que vertebra toda a traxectoria vital do intelectual lucense, este é o concepto de cultura, que el vai fornecendo de sentido teleolóxico, encamiñado a construír unha verdadeira teoría social do país galego. A *cultura* para Piñeiro é un *concepto refuxio*, boa parte do seu percurso vital transcorre baixo o influxo e observancia dun réxime autoritario, no que a restrición das liberdades dificultaba enormemente a construción dun discurso político de resistencia. No entanto a acusación que se ten vertido en co do carácter culturalista da entrega vital de Piñeiro a causa galeguista, entendendo por *culturalismo*, unha expresión tan só literaria e plástica da identidade colectiva galega, non se axusta a realidade nin aos regos de tinta, sementados polo intelectual e os seus discípulos.

O concepto de cultura na súa traxectoria vital, é amplímisimo e aproxímase por veces ao concepto netamente político de cultura, dacordo ao cal a cultura sería unha dimensión tenue de valores e principios para a vida en común compartida polos seres humanos, e unha dimensión densa do propio modo de vida, historia e cultura de cada comunidade que resulta decisiva para a definición dos valores e os bens (Walzer 1994, 2004)<sup>14</sup>. Así ao longo da súa vida Piñeiro vai trabando un concepto de cultura galega amplísimo, non determinista e aínda menos primordialista que non deixa de ser un produto fecundo da propia sociedade e que funciona como un elemento de cohesión social.

Para a observación dos sucesos vitais que informan da traxectoria vital de Piñeiro, foi de enorme utilidade o traballo de compilación levado a cabo por Carlos Casares, que se encargou dunha banda de compilar o pouco que o intelectual lucense deixara escrito, animado polas súas amizades para verter no papel as súas experiencias vitais, pero tamén se encargou de

14 MÁIZ, Ramón. *Cultura Sentido e Política*. Ensaio e Investigación, Ed. Consello da Cultura Galega. 2019. Santiago de Compostela. Pax 32-33.

complementalo con aqueles outros sucesos dos que foi testemuña participante ou oínte. Segundo Casares, nos derradeiros meses de vida do intelectual lucense, este relatoulle sucesos dos que antes non tiña falado con el, e el dun xeito activo, foi recolléndoos en gravacións que lle habían servir para a documentación no traballo biográfico que Casares realiza a comezos da década dos 2000, período coincidente coa presidencia do Consello da Cultura Galega.

Nas cintas que abarcan un longo período de varios anos, quedaron recollidas desde conversas absolutamente coloquiais e intrascendentes, mesmo de tipo familiar, ata relatos moi detallados relacionados coa biografía de Ramón Piñeiro, nas que eu actuaba de preguntador ou incitador, buscando aclarar miudezas ou matizar afirmacións. Con frecuencia, Ramón prefería completar algunhas das súas brillantes e amenas narracións con documentos ou cartas que me entregaba dicindo “Eso está aí perfectamente documentado.” (Casares 2002)<sup>15</sup>

Sumado todo isto a costume que o intelectual lucense tiña de archivar o seu epistolario prolífico, con numerosos homes e mulleres relevantes da vida pública galega e europea do momento, foi relativamente sinxelo facerse unha imaxe de conxunto da posición privilexiada que ocupaba Piñeiro para influír na intelectualidade da Galicia do seu tempo e mesmo comprender o seu percurso vital. Nesta labor non podo máis que agradecer a dispoñibilidade do Consello da Cultura Galega e a Fundación Penzol, que me permitiu consultar os fondos epistolares e documentais pertencentes ao intelectual, e porsuposto tamén a todos aqueles que antes ca min adicaron o seu esforzo intelectual a abordar a vida, a obra e o pensamento de Piñeiro.

Situándonos no que nos ocupa e abordando de forma sucinta a súa biografía, sempre tendo en conta que non nos atopamos ante unha investigación de carácter historiográfico, comezaremos o percurso situándonos nos anos mozos de Piñeiro na súa Armea natal, no concello de Láncara, na que ven ao mundo o día 31 de maio de 1915 no seo dunha familia campesiña, seus pais Vicenta e Salvador tiveran oito fillos dos que tres deles faleceran.<sup>16</sup> Aínda que de familia modesta pero non analfabeta (algo frecuente na Galicia rural do momento), o neno cedo aprendeu a ler da man de seu pai, chegando a escola a idade de seis anos, coñecendo as

---

15 PIÑEIRO, Ramón. *Da miña acordanza*. Ed. Galaxia. 2002. Introducción necesaria, a cargo de Carlos Casares. p. 10

16 GARCÍA TURNES, *Vida e Obra de Ramón Piñeiro*, Ed. Galaxia. p.11

letras. Nese momento preciso, el establece o seu despertar dunha controversia psicosociolóxica a través da diferenza lingüística que os nenos tiñan con respecto do mestre.

Deica entón a miña lingua única fora o galego, así que o choque máis importante que me produciu a escola foi o cambio de lingua (...), o galego era o meu idioma, o súpeto e ríxido cambio de lingua producía en min un sentimento de distancia psicolóxica (...), a utilización ríxida dunha lingua que excluía a nosa, dáballe unha autoridade que non era natural, unha autoridade que tiña un significado negativo, xa que en lugar de establecer a *superioridade persoal* do mestre, establecía a nosa *inferioridade colectiva*.<sup>17</sup>

Catro anos despois trasladaríase a Lugo cidade, para proseguir os seus estudos de bacharel elemental, e sería precisamente na cidade amurallada onde o intelectual lancrao entrará en contacto co galeguismo, unha vez rematado o bacharel elemental e logo dunha estadía no rural en contacto directo coa vida campesiña, período que aproveita para adicarlllo a lectura dos libros que pode conseguir, sempre asociados cun trasfondo cultural galego, o noso protagonista atopará de novo o camiño de saída de Lán cara para proseguir os seu percurso vital for a das actividades agropecuarias grazas a fama que se labrara de mozo intelixente<sup>18</sup>, que fai que seu pai llo permita animado polo fillo do secretario do concello que ve no mozo Ramón potencialidade para traballar en Sarria como dependente nunha ferretería. Segundo o propio Piñeiro, había ser a lectura do xornal *El Pueblo Gallego* na que pola altura escribían os prohombres do galeguismo (Otero, Castelao, Risco...) o que lle faría identificarse definitivamente co movemento político que estes protagonizaban.

En 1931 coa instauración do réxime republicano Piñeiro torna a Lugo capital, para continuar os seus estudos de bacharel. Nesta etapa entra en contacto directo con Valentín Paz Andrade, Ramón Suárez Picallo, Castelao e tantos outros actores relevantes do PG<sup>19</sup>. E durante esta etapa na que vai tramando as liñas centrais do seu pensamento político, que se encadra máis no eido dunha reivindicación *sociopolítica e económica* que nunha reivindicación da identidade ou o carácter diferencial de Galicia, e que el mesmo xustifica.

---

17 CASARES, Carlos. *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Ed. Galaxia. pp 7-8.

18 *Ibidem*. pp 36

19 *Ibidem*. pp39

Mentres as demais formacións políticas consumían as súas enerxías en loitaren unhas coas outras pola conquista do poder, o galeguismo ocupábase teimosamente, confiadamente, xuvenilmente, en despertar a conciencia colectiva de Galicia. Mentres os demais partidos se ocupaban das liortas do poder estatal, o galeguismo preocupábase de que os galegos acadasen conciencia solidaria de pobo. (...). Os demais loitaban asañadamente polo presente do poder, os galeguistas loitabamos polo futuro do pobo galego. Velaí a diferenza. Esa fe e incansable abnegación polo futuro de Galicia dábanos, naturalmente, unha crecente credibilidade na opinión popular.<sup>20</sup> (Piñeiro 1976)

Vemos pois que o que centra a motivación militante de Piñeiro dende moi cedo, é a motivación social e material de acadar un maior desenvolvemento para Galicia, unha motivación colectiva que había de estar presente noutros membros da súa xeración, que desprazaran a súa mira do ámbito exclusivo de tentar xustificar o carácter diferencial de Galicia, tarefa indiscutida da Xeración Nós, cara a tarefa se cadra máis complexa e inacabada de tentar de propoñer unha teoría para o desenvolvemento sociocultural, político e económico de Galicia.

Esta etapa tan xuvenil de compromiso militante dáse nun Piñeiro que non acada a vintena, un mozo de dezasete anos que se adica de xeito abnegado a militancia política galeguista. Coincidiu esta etapa coa da súa enfermidade pulmonar, que lle fai paralizar a súa vida de estudante para adicarse ao descanso por prescrición médica<sup>21</sup>, aproveitando se cadra o tempo con maior ímpeto para intensificar a súa vida política. Sorprende o férreo e temperán compromiso político dun home que tantas veces ten sido acusado de afastarse da actividade política, pero sorprende aínda máis o seu rexeitamento fulcral da teoría política hexemónica que na altura primaba nos ambientes do galeguismo do momento. A Teoría nacionalista de Risco, era amplamente compartida e aplaudida polos cadros do galeguismo na altura. No entanto, o mozo Ramón xa se desmarca na súa autobiografía do pensamento risquián, marcando a súa preferencia polo *federalismo* pimargaliano.

Piñeiro mercou *El federalismo* de Pi i Margall, pero a súa lectura causoulle unha certa desilusión polo carácter puramente formal que lle asignaba a esa fórmula política de articulación do Estado. Ao final Piñeiro pensaba que o programa do Partido Galeguista era

---

20 FREIXANES, Victor. *Unha ducia de galegos*. Ed. Galaxia. 1976. pp. 112.

21 CASARES, Carlos. *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Ed. Galaxia. pp. 46.

moi intelixente nese aspecto, pois falaba dun federalismo europeo de nacións, que a el satisfacía plenamente, tanto polo espírito aberto e universal da fórmula, como polo que tiña de negación implícita do particularismo baseado no concepto da *soberanía nacional*<sup>22</sup>, que lle parecía decimonónico<sup>23</sup>. (Casares 2005)

Vemos pois como o *federalismo* vai dende moi cedo marcando profundamente o pensamento do intelectual lucense, que centra as súas demandas políticas no que vagamente denomina como “os dereitos de Galicia”, apuntando dunha banda a defensa da súa “personalidade cultural” e en segundo lugar ao exercicio puramente político de “articular o autogoberno” a través das canles de descentralización e goberno multinivel que o federalismo ofrece. Esta liña política que fala de Galicia como *feito nacional* no político e que polo tanto terá que construírse institucionalmente, comeza paseniñamente a ter máis folgos no seo do galeguismo, e paulatinamente irá tentando competir cos posicionamentos máis organicistas e primordialistas que na altura son completamente hexemónicos e se identifican coa verba *nacionalismo* dunha guisa simbiótica, de aí precisamente o rexeitamento de Piñeiro respecto do termo nacionalismo, e adopción como propia da etiqueta *galeguismo federalista*.

Este período coincide cunha participación moi activa de Piñeiro na vida orgánica do PG, que transitaba nunha progresiva adaptación ao sistema político republicano, dende os fundamentos tradicionalistas propostos por Risco en 1918<sup>24</sup>, ata a consolidación como un partido político republicano, de centro progresista e mesmo con rasgos socialdemócratas.<sup>25</sup> Precisamente cando a loita a prol do Estatuto estaba encamiñada a Guerra trunca todas as expectativas, e en boa medida o traballo desenvolto polos galeguistas republicanos e Ramón Piñeiro alístase para combater no bando nacional, tratando deste xeito de fuxir da represión que lle agardaba en Lugo.<sup>26</sup> Este período de conflito acaba producindo unha profunda crise persoal no noso protagonista, que observa de primeira man os horrores e a destrución da Guerra, é durante este período que acaba por afastarse definitivamente das súas conviccións relixiosas.

---

22 Apuntaremos posteriormente cando abordemos a teoría da nación en Piñeiro, os vínculos que establece RAMÓN MÁIZ no seu estudo *Nacionalismo y Federalismo*, entre os nacionalismos organicistas e primordialistas e o que el denomina o *fetichismo da soberanía* (pp. 405-455). fetichismo precisamente do que Piñeiro arela afastarse cunha visión federalista no proceso de national building.

23 CASARES, Carlos. *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Ed. Galaxia. 2005. p. 47.

24 RISCO, Vicente. *Teoría do Nacionalismo Galego*. Ed. Galaxia. Biblioteca Nós. 2020

25 BERAMENDI e NÚÑEZ SEIXAS. *O Nacionalismo Galego*. Ed A Nosa Terra. 1995. pp 147-148

26 CASARES, Carlos. *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Ed. Galaxia. 2005. p. 59

Non esquecerei, por exemplo, naquel clima de insensibilidade xeneralizada, un día que estabamos na misa, preto tamén de Teruel, formados dentro da igrexa parroquial, e o cura, durante a predicación, pronunciou dende o púlpito unha frase terrible, certamente pouco evanxélica e nada cristiá. Dirixíndose a nós, os soldados alí presentes, díxonos cun ton irónico e moi cínico: “Hijos míos, teneis que aprender a manejar bien la bayoneta porque es un arma muy entrañable.” (Piñeiro 2002)<sup>27</sup>

Ao rematar a Guerra en 1939 Piñeiro torna a Lugo, onde se encontra con vellos amigos afíns ao PG (Marino Dónega, Xaime Isla Couto entre eles). Dende Galicia comezarán unha serie de contactos encamiñados a reartellar o galeguismo do interior. O primeiro deles foi Servando Gómez-Aller de la Ballina que for a secretario do comité provincial do partido na provincia de Lugo, este tomara contacto con outro dos que habían ser grandes colaboradores de Piñeiro na resistencia galeguista do interior, Francisco Fernández del Riego. Este último estaba en contacto frecuente co núcleo que quedaba do Partido Galeguista, logo do proceso de represión franquista, conducente ben ao exilio ou ao asasinato de boa parte dos reducidos cadros dun partido máis ben pequeno como era o PG da segunda república.

Piñeiro, como case todos os galeguistas do interior outórganlle a *autóritas* neses momentos á figura de Manuel Gómez Román, arquitecto vigués, que na altura detentaba a responsabilidade da secretaría de organización do esmorecente Partido Galeguista. Todo este círculo de galeguistas entre os que atopamos a outros como Dámaso Carrasco, Vicente Bóveda, de la Ballina, Isla Couto, Fernández del Riego, Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo e o propio Piñeiro atopábanse como é consubstancial a situación nunha zona na que a sublevación triunfara inicialmente e dun xeito absoluto, Piñeiro mesmo matiza que do lado republicano durante a Guerra só se atopaba un grupo “de dez ou doce galeguistas que se organizaran e que naquela situación representaban os ideais de todos, pero politicamente só se representaban a si mesmos, e que rematada a guerra aquela situación non era transportable (a Galicia)”. Se a isto

---

27 Ramón Piñeiro, destaca por non ser un intelectual católico, o que contrasta cos seus antecesores no mundo galeguista (Brañas, Murguía, Risco, Castelao...). Piñeiro aínda que humanista, non se sinte un home relixioso e aínda menos simpatiza co ideario nacionalcatólico do réxime, como si o farían outros sectores dos nacionalismo peninsulares na etpa inicial do réxime (exemplos serían o apoio inicial de Cambó ao golpe de xullo de 1936 en Cataluña, ou a simpatía de Risco polo carcter católico do bando sublevado).

se lle engade que para a altura o secretario do PG estaba vivo e no país, era pois a el “a quen lle correspondía tomar as decisións oportunas”<sup>28</sup>

Compre matizar que naqueles inmediatos anos de posguerra a previsión, e case que o desexo dos galeguistas republicanos do interior e do exilio, non era outro que a arela de que a vitoria aliada (correspondente ás democracias liberais occidentais) suporía a restauración das liberdades democráticas e do ordenamento xurídico republicano que suporía o reencauzamento do camiño político conducente á autonomía e Galicia. Atendendo a este camiño e sen ánimo de estendernos demasiado neste apuntamento biográfico, os cadros do PG no interior do país comezan unha frecuente actividade de encontros e intercambio de información, conducentes a analizar a situación e deseñar os pasos estratéxicos que se habían de dar de cara o futuro. Todas as xuntanzas eran en verbas do propio Piñeiro “informais” e pouco numerosas. As relacións entre os galeguistas do interior co exilio, non foron demasiado intensas e como nos lembra Piñeiro coa súa propia tinta “durante un tempo as relacións con Castelao e Bos Aires seguimola facendo a través dos vascos, que era a vía máis segura”<sup>29</sup>. Lembra tamén que o primeiro exemplar do *Sempre en Galiza* chega aos círculos do galeguismo do interior da man do PNV. Para aquela altura Piñeiro desprázase a Madrid coa motivación de cursar estudos en Filosofía, esta arela espérase no mozo intelectual durante a Guerra. Como apunta Casares na biografía de Piñeiro, un inicial interese polo ámbito da Filoloxía veríase substituído por unha vocación persoal cara a Filosofía.<sup>30</sup> Este interese pola Filosofía, vese inicialmente atepedado polo enfoque neoescolástico e conservador que a academia imprime aos estudos de licenciatura, pero tamén sería o que lle permitiría a Piñeiro achegarse ao coñecemento de filósofos e cientistas sociais que lle permitirían sentar as bases para unha revisión sólida do nacionalismo galego a luz das ciencias sociais, nomeadamente a socioloxía, a antropoloxía e un incipiente interese pola economía como apunta Xosé Luís Pastoriza na súa tese de

---

28 PIÑEIRO, Ramón. *Da miña acordanza*. Ed Galaxia. 2002. pp. 63.

29 PIÑEIRO, Ramón. *Da miña acordanza*. Ed. Galaxia. 2002. p. 67

30 “Por razóns moi diferentes quedou tamén definitivamente arrombada a súa vocación intelectual pola lingüística, que encamiñaba os pasos de Piñeiro cara o estudo da carreira de Filoloxía Románica, unha disciplinacoo que pensaba contribuir a arrincar o estudo do galego do estado de postración no que se atopaba. O decepcionante compostamentohumano de tantas persoas durante a Guerrafíxoo meditar longamente no que el chamaría máis tarde “o ser do home”. De aí nacería o seu interese pola Filosofía, e dentro desta, dun xeito máis concreto pola antropoloxía.” CASARES, Carlos. *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Ed Galaxia. 2005. p. 64.

doutoramento.<sup>31</sup> Neste período no que non desiste, alén do enfoque da docencia, de proseguir nos seus estudos filosóficos, Piñeiro goza da xenerosa contribución económica de Álvaro Gil para cubrir os gastos da súa matrícula universitaria, diso deixaría boa constancia o seu epistolario.<sup>32</sup> Mentres estudaba, Piñeiro compaxinaba as súas inxerencias intelectuais coa súa militancia política, para altura desempregaba as funcións de *secretario político* do Partido Galeguista<sup>33</sup>. Pouco a pouco o mozo lanchara iría ganando peso no seo da estrutura política galeguista na que cedo habían de se desatar as primeiras controversias. A primeira delas tivo lugar a sazón da reconstitución do Partido Galeguista no interior onde algúns como Ramón Valenzuela pensaban que o natural sería colaborar co actor que dende a Guerra Civil viñera ganando crecente peso na oposición ao Franquismo, e que sen lugar a dúbidas protagonizara as accións do bando republicano no derradeiro tramo da Guerra Civil.<sup>34</sup>

O esquema de Valenzuela partía da premisa de que o triunfo dos aliados ía darlle vantaxe a Rusia para operar en Europa, polo que o Partido Comunista de España estaría nunha situación privilexiada como interlocutor dos vencedores. (Barros 2009)

Piñeiro porén pensaba que británicos e estadounidenses xamais habían permitir que Stalin condicionara a política da beira oriental do Atlántico e utilizara a Europa enteira como o seu espazo de influencia. É por isto que de entrada Piñeiro oponse a colaboración co comunismo español. Esta posición viña motivada por suposto por posicións estratéxicas, pero tamén polas profundas diferenzas entre un demócrata-liberal coma Piñeiro co propio corpus ideolóxico do comunismo pro-Stalinista.

É neste período universitario no que Piñeiro intensifica tamén os seus contactos co nacionalismo vasco, entre eles Rezola e o que había ser o seu amigo Koldo Mitxelena<sup>35</sup>. A través deles un actor moi debilitado como era o PG do interior, sen practicamente vida orgánica interna e unha militancia moi espaxada e minoritaria, podía participar na política de oposición

---

31 PASTORIZA, Xosé Luís. *Galeguismo, Humanismo e Desenvolvemento. O pensamento militante de Xaime Isla Couto. (Ontoloxía da resistencia económica: Ramón Piñeiro)*. Tese de doutoramento en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela. 2022. pp. 419-444.

32 Epistolario de Ramón Piñeiro con Francisco Fernandez del Riego (1944-1947), editado por Galaxia p.61.

33 BARROS, Miguel. *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo 2*, Ed. Galaxia. Vigo. 2009. pp, 32-33.

34 *Ibidem*. pp. 38-39.

35 *Ibidem*. pp. 40-41

estratéxica na que traballaban outros actores máis relevantes como o PNV. Para altura os nacionalistas vascos tiñan boas relacións tanto co goberno da República no exilio, como cos Estados Unidos de América, cos que colaboraban e aportaban información. A boa relación e a intelixencia estratéxica de Piñeiro situou ao galeguismo do interior no mapa político da oposición ao réxime. Para 1945, comeza a xestarse a primeira gran ruptura interna do galeguismo, e con ela desencadearíase a segunda etapa vital de Piñeiro, unha etapa de madurez na que desenvolve o seu propio análise político da situación do país, e desprega as veas do seu proxecto político e cultural. Para ese ano ten lugar a investidura en París dun novo goberno no exilio, capitaneado por José Giral, este gozaba do apoio tépedo dos prietistas e oposición daqueles que simpatizaban con Negrín. E había ser precisamente Piñeiro, ao que os vascos denominaban como *Santiago*<sup>36</sup> o encargado de facer valer os dereito dos galeguistas de contar cun ministro no Goberno Giral. A convicción de todo o galeguismo era que o ministro fora Castelao, a figura máis carismática e “publica” coa que o nacionalismo galego contaba na altura. Tanto é así que Piñeiro cruzou os Pirineos e enfrontouse directamente en París a proposta do lehendakari Aguirre que defendía que o ministro galego debía ser o republicano moderado e centrista Portela Valladares<sup>37</sup>. Unha vez tratadas as diferenzas con vascos e Cataláns (Tarradellas), e valéndose dos seus contactos co nacionalismo vasco no interior, Piñeiro entrevistouse co goberno Giral, que non tiña unha gran simpatía persoal por Castelao habida conta das tensións entre ambos políticos no período republicano, para sorpresa do propio Piñeiro Giral informa a Piñeiro de que o momento de ampliar o goberno non tiña chegado aínda. Porén tamén o informa de que na altura o goberno da República no exilio goza da simpatía de Francia, e que os seus plans pasan por presionar ao Rexime franquista a través dunha folga xeral conducente a súa caída, acompañado todo isto con outras simpatías a nivel internacional, conducentes todos estes esforzos a un referendo onde os españois decidisen entre unha forma de goberno monárquica ou republicana, rematou engadindo, que logo de ter ordenado todos estes problemas podería encetarse de novo o proceso autonómico galego. Evidentemente estes feitos desconsolaron a un mozo político de trinta e seis anos que puxera todas as súas ilusións por situar a Castelao onde posiblemente merecía estar. Segundo Casares, Piñeiro abandona París desconsolado e Castelao non encaixa ben a rendición do mozo e con ela do galeguismo do interior.<sup>38</sup> Múltiple é a literatura sobre esta tensión entre o galeguismo do interior e do exilio, e aínda que interesantísima a natureza da nosa investigación

---

36 *Ibidem*. p. 44

37 CASARES, Carlos. *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Ed. Galaxia. 2005. pp 74-75.

38 *Ibidem*. pp 78,79 e 80

non permite afondar todo o que lle gustaría ao seu autor. Aínda así as demandas de Castelao de estar presente na estrutura política da República no exilio eran difíciles de soste por varias razóns: a primeira delas completamente material, a falta de peso do galeguismo no panorama político, mesmo da oposición, a segunda delas a desconexión das demandas do galeguismo do exilio coas arelas do galeguismo do interior: mentres uns estaban sentados no pragmatismo que daba analizar os feitos como actor participante dunha ditadura mordaz coa oposición, e cun panorama de oposición estratéxica baseada na cooperación cos demócratas monárquicos e cristiáns (Juanistas), os galeguistas do exilio seguían instalados completamente na reivindicación, por unha banda da legalidade republicana, e por outra do papel do propio PG como gardián das esencias do Estatuto de 1936, que tiña de ser restaurado inmediatamente. Neste panorama desatase unha vez máis un conflito estratéxico que había de agravarse posteriormente coa Constitución da Editorial Galaxia ou o *Pacto de San Juan de Luz* que o galeguismo do interior vía con bos ollos.

As diferenzas de perspectiva política entre a dirección do PG e a oposición do galeguismo exterior dirixido por Castelao queda igualmente ben patente, pois pronunciándose a secretaría política pola incorporación á coalición coas forzas da oposición no pacto cos monárquicos, Castelao, pola contra, rexeita absolutamente o que el chamaba “contubernio socialista-monárquico.” (Barros 2009)<sup>39</sup>

Vemos pois que non estamos ante unha ruptura inicial no plano ideolóxico, se non no plano político-estratéxico, no que o galeguismo do interior aposta por aproveitar as estruturas *de oportunidade* mentres que o galeguismo do exilio aposta pola preservación dun análise xa superado por unha parte moi importante da oposición. Esta división entre galeguistas de aquí e de acolá, había debilitar aínda máis ao galeguismo organizativamente falando, e a temperá morte de Castelao en 1950 había “fertilizar” o terreo para a construción da etiqueta *piñeirista* como un sinónimo de traizón ao legado unitario do nacionalismo, personalizado na figura humana de Castelao, e na figura orgánica do Partido Galeguista que supostamente Piñeiro desmantelara.

---

39 BARROS, Miguel. *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo 2*, Ed. Galaxia. Vigo. 2009. p. 67.

Sen ánimo de deternos demasiado na historia, cabe lembrar que de volta a Madrid logo das súas mediacións en Madrid, Piñeiro sería detido canda outros políticos republicanos e encadeado até 1949. Neste período prosegue estudando e formándose, e tratando de contribuír como pode coa causa galeguista. Neste período recibe a nova do nomeamento de Castelao como ministro sen carteira do Goberno Giral, e mesmo chega a recibir unha afectuosa carta en clave do fiel colaborador de Castelao. Rodolfo Prada, co que había de manter unha discusión dialéctica tempo despois sobre a conveniencia de reavivecer o Partido Galeguista.

Unha vez sae da cadea e volve a Lugo, nunha liberdade vixiada pola mordaz policía política do réxime. Piñeiro enceta a súa nova etapa vital que da man de Otero Pedrayo, Fermín Penzol, Fernández del Riego e Isla Couto había conducir a fundación da Editorial Galaxia o mesmo ano no que falece Castelao. A fundación de Galaxia non suporía contrariamente ao que se ten dito, a disolución efectiva do Partido Galeguista. Pois este non existía facticamente en Galicia, e limitábase a ter unha existencia de todo vaporosa, a través de pequenos círculos intelectuais minoritarísimos na cidade de Vigo e Santiago de Compostela. O que Galaxia supón é unha revitalización da estratexia política do galeguismo do interior, que vai levar a substitución dunha serie de reunións informais nas que na altura dos anos corenta se falaba da superación do Franquismo, a praxe. E digo a praxe, por que é precisamente a partir de Galaxia que Piñeiro comeza a exercer o rol de lider dun grupo de persoas encamiñadas a crear unha “conciencia política” a través da cultura, e tamén a conformar un relevo xeracional na figura de rapaces como Xosé Manuel Beiras, Carlos Casares, Ramón Lugo, Xosé Luís Franco Grande...e outros asiduos da que logo daría en chamarse a “mesa camilla” que o propio Piñeiro tiña instalada na súa residencia compostelá, onde recibía aos seus colaboradores, e dende onde exercía o seu maxisterio estratéxico na procura de crear cadros concienciados das necesidades que había ter a Galicia do porvir. A idea polo tanto de reartellar o PG quedaba afastada da folla de ruta do galeguismo do interior. Tornar a activar un partido que fora minoritario na República, un verdadeiro partido de elites ilustradas e pequeno-burguesas e mesmo asociadas a fidalguía rural, que non for a quen de transitar completamente cara a consolidación dun partido de masas maioritario a guisa do PNV ou ERC en Euskadi e Cataluña, resultaba na Galicia do momento unha total utopía irrealizable.

Segundo nos indica Casares na biografía do intelectual, a idea de lanzar Galaxia parte de Xaime Isla Couto que xa na altura de 1939<sup>40</sup> matínaba na idea de reconstituír o galeguismo. Xunto a Galaxia, lánzase tamén a idea anovadora de crear un instrumento para traballar no eido das Ciencias Sociais especificamente, este foi a *Revista de Economía de Galicia*, o obxecto destes proxectos non só era literario e divulgativo, se non netamente político.

Consistía en organizar o estudo sistemático da realidade económica de Galicia. Deste xeito, ademais de coñecemento técnico dos problemas, íase orientando a opinión pública do país sobre a verdadeira natureza destes, contrarrestando dese xeito a influencia deformadora exercida pola propaganda oficial. (Casares 2005)<sup>41</sup>

Especialmente interesante é durante esta etapa a influencia que sobre Piñeiro exercen as teses filosóficas do momento. Dunha banda o *existencialismo heideggeriano* que lle contaxia o seu colega Celestino Fernández de la Vega, responsable das traducións do filósofo alemán ao galego, e por outra banda o influxo humanista do pensamento de Xaime Isla Couto e outros galeguistas influenciados polo pensamento personalista e humanista cristián de pensadores como Jacques de Maritain ou Emmanuel Mounier.<sup>42</sup> Máis adiante cando abordemos a súa teoría política da nación trataremos as influencias de existencialismo e humanismo no pensamento político de Piñeiro. O relevante como xa apuntabamos e que nos conduce a unha nova etapa vital na traxectoria de Piñeiro, é que ao abeiro de Galaxia e da colección “Illa Nova” unha nova xeración de mozos había de irse aproximando ao galeguismo, e todos eles habían de ir recoñecendo en Piñeiro a figura dun mestre e condutor. Algúns fitos desta etapa son ademais da saída a luz da *Revista Grial*, que había de ser lugar de encontro da intelectualidade galega do momento, tamén a publicación dunha obra fulcral para a comprensión do pensamento de Piñeiro, estamos a falar da *Filosofía da Saudade* na que Piñeiro finalmente desenténdese da visión nacional primordialista do galeguismo histórico, e asume unha visión culturalista da nación que por momentos se había a aproximar, especialmente no político, a unha visión pluralista.

---

40 Carlos. *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*. Ed. Galaxia. 2005. p 101.

41 *Ibidem* . p 103.

42 PASTORIZA, Xosé Luís. *Galeguismo, Humanismo e Desenvolvemento. O pensamento militante de Xaime Isla Couto. (Ontoloxía da resistencia económica: Ramón Piñeiro)*. Tese de doutoramento en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela. 2022.

## O CONFLICTO COA UPG E A CONSTRUCCIÓN DA ETIQUETA “PIÑEIRISTA”

Xa apuntábamnos ao inicio que o obxecto deste traballo non é prodigarnos nun exercicio de historiografía, e os sucesos relatados nesta primeira parte son conducentes a comprensión do verdadeiro obxecto desta investigación, a comprensión das ideas centrais do pensamento político de Ramón Piñeiro, para contrastarmos a hipóteses de que efectivamente existe un pensamento propio e distinto ao do nacionalismo histórico dunha banda, que conecta directamente coa tradición federalista e demócrata-radical proposta por Aureliano Pereira. E ao contraste tamén da segunda das nosa hipóteses de que o nacionalismo galego non é un feito exclusivo no senso da súa uniformidade interna e presenta a pluralidade natural que podemos identificar noutros movementos homólogos da contorna europea.

Dos anos Cincuenta coa creación de Galaxia, consecuencia do “baño de realidade” do galeguismo do interior, en tensión dialéctica co inmobilismo do exilio, damos un chouto deica a década dos Sesenta que será condicionante para a comprensión do sistema de partidos políticos de Galicia na próxima autonomía que se avecinaba. Os 60 son a década da constitución do PSG (1963) e da UPG (1964), pero para chegar ata aí antes danse unha serie de feitos que percorrерemos de xeito sucinto. A creación de Vieiros, a total desconexión entre o Comunismo español e as reivindicacións mínimas do galeguismo, e a organización dun grupo de mozos en 1958, dos que algúns deles tiveran contactos co *circulo piñeirista* en Compostela como o propio Xosé Luís Méndez Ferrín<sup>43</sup> ou Ramón Lourenzo, había fomentar a organización e unha dinámica de arredamento entre os mozos máis próximos ideolóxicamente e estratexicamente ao marxismo que ao galeguismo do interior. Estes acaban por recoller algúns aspectos argumentais do discurso estático defendido polo Galeguismo do Exilio. Na idea de que o PG era a única ferramenta con lexitimidade para falar en nome do galeguismo histórico. A categorización do PG a posición de *partido nacional de Galicia* e a construción do imaxinario de

---

43 FRANCO GRANDE, Xosé Luís. *Os anos escuros, a resistencia cultural dunha xeración*. Ed. Galaxia. Vigo. 2002.

Castelao como *guardián das esencias do nacionalismo*, creaba unha lóxica de *fin da historia* do nacionalismo histórico na figura de Castelao. E xustificaba a necesidade de retomar os aspectos que encaixaban coa teoría marxista par a construción dunha idea de nación. Como apuntabamos ao inicio. Castelao acolle na primeira parte do seu *Sempre en Galiza* a definición stalinista de nación, habida conta de que o propio marxismo renunciara a teorización dunha definición non organicista de nación, limitárase a adoptar a concepción determinista do pensamento alemán e facelo seu a través da obra de Otto Bauer (Máiz 1997)<sup>44</sup>. Isto como é evidente facilitaba enormemente a adaptación do imaxinario creado polo galeguismo do exilio, e ao que agora se sumaban un sector de mozos máis radicalizados nas súas conviccións nacionalista, para a constitución dunha nova idea de nación marxista, cos mesmos resabios organicistas, historicistas e deterministas que outrora defendera o vello nacionalismo.

## - A fundación da UPG

Un fito transcendental ten lugar o 25 de xullo de 1964 coa aparición da Unión do Povo Galego (UPG), esta nace inspirada polos principios do marxismo-leninismo, postulándose a partires de 1972 como o único partido comunista lexítimo no país cunha orientación maoísta<sup>45</sup>. A UPG recollerá boa parte dos recursos humanos implicados no Consello da Mocidade e o grupo Brais Pinto, todo baixo unha formulación alternativa ás ideas demo-liberais que os galeguistas do interior viñan defendendo. No seu programa político difundido a través da revista *Terra e Tempo* adoptarían fundamentos teóricos comunistas, marxistas-leninistas, terceiromundistas, anticoloniais e proclives ao nacionalismo proletario. Que virían a constituír unha nova póla do nacionalismo, de corte radical e partidario da confrontación directa co réxime.<sup>46</sup>

Así inicialmente, una estrategia enmarcadora de gran intensidade y concreción , se vuelca fundamentalmente en el deslinde de lo propio y lo ajeno, desatendiendo abiertamente la dimensión inclusiva, sobre un nacionalismo sectario y de exclusión ejemplificado en la dialéctica dominante “nacionalismo-españolismo” que instrumentalizado sobre un modelo

---

44 MÁIZ, Ramón. *A idea de nación en Castelao*. Ed. Xerais. 1997. pp 9-11.

45 MÁIZ, Ramón. *Nación de Breogán: oportunidades políticas y estrategias enmarcadoras en el movimiento nacionalista gallego (1886-1996)*. Ed. Centro de Estudios Constitucionales. Madrid. 1996. p. 56

46 ROMASANTA. *El nacionalismo radical gallego en el ocaso de la Dictadura y los inicios de la Transición democrática (1974-1977)*. Tese de Doutoramento pola UNED. 1991.

*organizativo* de “centralismo democrático” provocará una espiral de expulsiones y crisis de partido. (Máiz 1996).<sup>47</sup>

Vemos pois como este novo actor procura por unha banda diferenciarse do galeguismo do interior, e identificarse co galeguismo do exilio, especialmente naqueles rasgos que mellor cadran co ideario marxista e que veñen a acentuar unha idea xa presente na obra de Castelao, a idea de *etnicidade de exclusión*<sup>48</sup>.

Velaí o agromar da auténtica etnia de exclusión no concepto de Castelao de nación: Castela. En efecto, ó imaxinario nacionalista galego corresponde á construción dun contraimaxinario étnico-castelán, da man da devandita dualidade antitética, desa *similarity-disimilarity pattern* en termos de B. Azkin (1964), que se desenvolve nas páxinas de *Sempre en Galiza* nunha peculiar rede semántico conceptual de oposicións: celtas/iberos, norte/sur, atlántico/mediterráneo, verde/seco, bosque/deserto, viril/afeminado, etc. (Máiz 1997)<sup>49</sup>

Existe pois unha total comuñón conceptual entre o discurso do novo nacionalismo radical marxista e certos rasgos da idea de nación de Castelao que lles permite elaborar a idea dunha continuidade directa entre o intelectual rianxeiro e eles mesmos. O que non deixa de resultar curioso, pois a pesar de declararse persoas esquerdistas, fan omisión do pensamento do primeiro galeguismo á esquerda identificado con Aureliano Pereira, identicamente marxina as propostas de Pereira en canto a loita contra o clientelismo político, a democratización das institucións, e o reartellamento do Estado en forma dunha república federal plurinacional. Pola contra manteñen intactos os elementos máis organicistas do discurso nacionalista.

Para quen saiba ler e parta dun sentimento e dunha vontade galega, o *Sempre en Galiza* é un libro clarificador. (RODRÍGUEZ, Francisco 2006)<sup>50</sup>

---

47 MÁIZ, Ramón. *Nación de Breogán: oportunidades políticas y estrategias enmarcadoras en el movimiento nacionalista gallego (1886-1996)*. Ed. Centro de Estudios Constitucionales. Madrid. 1996. p. 56

48 “Os grupos étnicos tenden a definirse a si mesmos, non tanto por referencia ás propias características, senón máis ben por exclusión, isto é, por comparación negativa cos “estranxeiros”. (F. BARTH e ARMSTRONG 1982).

49 MÁIZ, Ramón. *A idea de nación en Castelao*. Ed. Xerais. 1997. pp 64.

50 MEXUTO, Xosé. *Conversas con Francisco Rodríguez*. Ed. A Nosa Terra. 2006. Neste fragmento o exsecretario da UPG vai máis alá na súa identificación con Castelao, e adopta como propio o concepto de “vontade galega”, directamente vencellado ao *volkgeist* ou vontade do pobo presente

Os dez puntos fundacionais da UPG recollen principios que convinan a definición marxista de nación, a herdanza ideolóxica da perspectiva de Castelao e a convicción primordialista de que Galicia xa é unha nación con independencia das demandas políticas da sociedade galega. Con todo isto e como apunta Rubiralta Casas 1998, o que se pretendía era marcar distancias coa perspectiva ideolóxica do *piñeirismo*<sup>51</sup>. Debemos de ter presente que Ramón Piñeiro desmarcase abertamente en primeiro lugar do nacionalismo organicista como xa indiquei sucesivas veces nesta investigación, chegando mesmo a rexeitar a etiqueta de nacionalista para definirse e optando pola de federalista. Tamén rexeita Piñeiro a idea de España/Castela *como etnia de exclusión* e substitúe a idea de *volkgeist* aínda presente en Castelao, pola idea de Cultura en sentido social.

Porque non vale argumentar, como ás veces se fai, que o atraso económico de Galicia é culpa exclusiva do Estado español. Cataluña ou Vasconia, poñamos por caso, souberon crear e desenvolver un nivel económico moito máis elevado que o de Galicia dentro do mesmo Estado español. Que non lles profesara a eses países máis simpatía que a que lle poida profesar a Galicia. (...). Recoñezamos que o atraso económico de Galicia débese, máis que ao Estado español, á carencia de enerxías sociais propias. (Piñeiro 1956)<sup>52</sup>

Deste xeito confirmamos a nosa tese de que en Piñeiro hai un novo rumbo discursivo, que apunta a Socioloxía e a as Ciencias Sociais en xeral para acadar correctos análises dos problemas estruturais de Galicia, e que a un tempo foxe das explicacións deterministas e definidas por sendas de dependencia histórica, asentadas na idea de construír unha idea negativa de España. Este fundamento xunto a moitos outros había de sentar un novo combate dialéctico entre o galeguistas da xeración Galaxia, agora alcumados de *Piñeiristas* polos círculos próximos á UPG, e a propia organización maoísta tributaria da tradición máis organicista do nacionalismo galego, agora cunha revisión a luz do marxismo-leninismo.

---

tamén na obra de Castelao.

51 RUBIRALTA, Fermí. *De Castelao a Mao*. 1998. Ed. Laivento. pp. 98-101

52 PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no futuro*. Ed Galaxia. 1974. Vigo. p. 99.

## - A fundación do PSG

Non faríamos un correcto análise e definición da etiqueta *piñeirista* sen non falamos do rol que o Partido Socialista Galego tivo no panorama político galego dos anos 60 e 70. O PSG nace ao alento do grupo Galaxia, alentado polo propio Piñeiro, que para a súa constitución entaboa conversas con outros movementos socialistas democráticos e con vocación federal na península e mesmo en Italia e Francia. Non debemos de perder de vista que Piñeiro, na altura un xa avezado político, participará nesta etapa da súa vida como promotor da vida política galega pero non se implicará directamente até a súa concorrencia no seo das listas do PSdeG-PSOE nas eleccións galegas de 1981 das que termos oportunidade de falar máis adiante. O relevante é que para esta altura Piñeiro implícase na promoción do socialismo galego, mentres o seu compañeiro Xaime Isla Couto fai o propio na promoción dun espazo demócrata cristián en Galicia, todo isto baixo a convicción mutua de que en Galicia cumpría lanzar opcións políticas que asumindo unha axenda nacional diferenciada viñeran a comprender toda a *pluralidade* política que na etapa existía nos sistemas políticos de Europa.

Pola forza inevitable da historia, en Galicia haberá as mesmas correntes políticas que no resto de Europa: comunismo pro-ruso, maoísmo, socialismo, social-democratismo, democracia cristiá, liberalismo, etc. Esas correntes que xa existen en España. Esas correntes existen en Galicia e serán, en Galicia o mesmo que no resto de España, e en España o mesmo que no resto de Europa. (Piñeiro 1976)<sup>53</sup>

Esta convicción *pluralista* será un elemento anovador no discurso do novo nacionalismo que o sitúa no campo dunha teoría pluralista da nación, e non tanto da identificativa teoría da nación cultural, como indica R. Máiz en *Nacionalismo y Federalismo*, “En efecto, el nacionalismo pluralista reformula, de modo drástico, el concepto de nación, postulándola como *comunidad política plural(...)* el nacionalismo pluralista parte de una idea de nación como un proceso político abierto, contingente y contestado”. Evidentemente isto establece unha ruptura radical no percurso histórico do pensamento galeguista, introducíndose por primeira vez unha convicción pluralista no ideolóxico e en canto a organización estratéxica partidaria.<sup>54</sup> Como podemos

53 Carta a Rodolfo Prada do 3-02-1976. Copia no Arquivo Ramón Piñeiro na Fundación Penzol.

54 MÁIZ, Ramón. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed. Siglo XXI. 2018. pp. 172-173.

observar o denominado *piñeirismo* vai evoluíndo cara un modelo pluralista na configuración do súa teoría da nación. Substitúese o antagonismo e a idea de *etnia de exclusión* por unha lóxica federal, e substitúese a unidade de acción partidaria tan identificativa dos nacionalismos organicistas pola pluralidade ideolóxico indisoluble do concepto republicano de democracia liberal. (Máiz 2018)

Non debemos aínda así perder de vista, como teremos posteriormente tempo de analizar, que os postulas retóricos e teóricos están aínda basicamente nun modelo de nacionalismo culturalista que se aproxima especialmente no estratéxico-político ao *nacionalismo pluralista* de acordo á clasificación proposta por R. Máiz. Neste marco impúlsase o proxecto do PSG, baixo a protección de Ramón Piñeiro e Fernández del Riego, sendo este último nomeado secretario xeral do mesmo, na constitución formal do partido no despacho do avogado vigués Sebastián Martínez Risco en Vigo, o 23 de agosto de 1963. Aínda que tratáramos primeiramente á UPG, polo que ten de relevante na confrontación dialéctica co círculo *piñeirista*, non podemos esquecer que é o PSG o primeiro partido político, situado na esquerda democrática, republicana e federalista en aparecer no mapa político galego dende conviccións nacionalistas. No núcleo promotor atopamos a Salvador Rei, Cesáreo Saco, Mario Orjales ou Xosé Luís Rodríguez Pardo.(Rubiralta 1998)<sup>55</sup> A carón destes políticos máis avezados e experimentados aparecen outros nomes que habían ser protagonistas directos do próximo escenario de institucionalización da autonomía que se avecinaba. X. Manuel Beiras, Manuel Caamaño, Ramón Lugrís, Domingo Pombo, Luís Viñas Cortegoso...etc. Todos eles mozos universitarios que se aproximaran ao galeguismo baixo a influencia directa de Piñeiro.

O paso de entrar nunha organización política é un paso que dou moi inducido por Ramón Piñeiro, en concreto. (...) Só era radical no meu antifascismo con moitos compoñentes na miña formación ideolóxica procedentes da relación “discipular” con Ramón Piñeiro. (Beiras 2004)<sup>56</sup>

O PSG nace como recoñece o propio Beiras baixo a influencia directa do grupo Piñeirista, e artículase como un partido esencialmente socialdemócrata que propugna unha economía

---

55 RUBIRALTA, Fermi. *De Castelao a Mao*. Ed. Laiovento. Santiago de Compostela. 1998. p.91

56 FERNÁN VELLO, PILLADO MAIOR. *A estrela na palabra: novas conversas con Xosé Manuel Beiras*. Ed Laiovento. pp. 19-21.

“cooperativa” en troques de “competitiva”<sup>57</sup>. Este partido socialdemócrata e galeguista inicia un proceso de relacionamento coas forzas homólogas do seu espazo inmediato, a Acció Socialista Valenciana e o Moviment Socialista de Catalunya primordialmente, contactos auspiciados polo propio Piñeiro. Tamén había participar na “Iniciativa Pro Congreso Socialista” conducente a constitución dunha socialdemocracia federal española, alternativa ao PSOE. (Rubiralta 1989)<sup>58</sup>. Na altura o novo partido comeza a publicar o seu rotativo baixo o título *Adiante* (Homólogo ao rotativo do seu homólogo catalán o M.S.C de Josep Pallach), neste segundo F. Rubiralta, o PSG mostra a súa natureza socialdemócrata contrariamente as afirmacións que se teñen feito por parte dalgúns exmilitantes a sobor de que o partido nacera baixo a identidade ideolóxica do marxismo estrito.

Dígase o que se diga e malia as afirmacións dalgúns dos fundadores do PSG sobre a inspiración marxista mediata e non manifesta no léxico de boa parte do texto<sup>59</sup>, resulta difícil non situar estas formulacións dentro das dun partido de corte socialdemócrata. (...) unha especie de terceira vía entre o comunismo dogmático dos partidos comunistas da IIIª Internacional e outras transformacións moito máis conservadoras. (Rubiralta 1998)<sup>60</sup>

Claro fica pois que o sentido socialdemócrata co que nace o PSG é indiscutiblemente coherente coa filosofía demo-liberal do grupo Galaxia. Estes había participar posteriormente na constitución da D.C.G. (democracia cristiá galega)<sup>61</sup> ao auspicio do PNV e a Unió Democrática de Catalunya coas que o propio Piñeiro tamén mantiña relacións. A operación para a constitución dunha democracia cristiá galeguista sería coordinada en Galicia polo estreito colaborador de Ramón Piñeiro, Xaime Isla Couto. Até a constitución do Partido Popular Galego en xullo de 1976 este grupúsculo máis conservador non había ter mais vida orgánica que a constitución da editorial “SEPT” de orientación demócrata e católica.

O certo é que tanto o PSG como o resto de iniciativas políticas promovidas polo grupo Galaxia non habían de transcender a condición de partidos de cadros sen capacidade algunha de

---

57 “Adiante” nº1, outubro de 1965

58 RUBIRALTA, Fermí. *De Castelao a Mao*. Ed. Laiovento. Santiago de Compostela. 1998. pp. 94-96.

59 Fai referencia as declaracións de Manuel Caamaño, e Xosé Manuel Beiras Torrado en *Partido Socialista Galego na Gran Enciclopedia Galega*, tomo XIV. p. 55.

60 RUBIRALTA, Fermí. *De Castelao a Mao*. Ed. Laiovento. Santiago de Compostela. 1998. p. 95.

61 *Ibidem*. p. 90

mobilización social e cunha capilarización só relevante nos entornos universitarios. Estes feitos resultan transcendentais para a comprensión da creación da etiqueta de *piñeirismo*, asociada a connotacións negativas. Os implicados na construción da UPG como unha ferramenta para afrontar o réxime, vían no Piñeirismo unha sorte de derrotismo e de “entreguismo” aos intereses das forzas máis moderadas da oposición española, polo que en todo momento comezaron a construír o *imaxinario colectivo* no seo da vida orgánica da UPG e das súas asociacións e grupúsculos afíns que o *piñeirismo* era unha sorte de colaboracionismo coas forzas reformistas e conservadoras favorables a un cambio político, e que calquera reforma ou mudanza que supuxera un avance no autogoberno nos vindeiros anos, había ser unha ilexítima e pouco crible. Así veremos como nos vindeiros anos se establece unha dialéctica de confrontación especialmente por parte da organización maoísta para cos militantes do PSG e os círculos afíns a Piñeiro e a Galaxia. O carácter eminentemente xuvenil dos cadros da UPG en comparación cos do grupo galaxiano faría que a influencia da dirección da UPG sobre os simpatizantes e membros do PSG, entre eles o propio Beiras, fose en aumento. O que produciría paulatinamente nun momento, a finais da ditadura, na que o PCE era hexemónico nos círculos da oposición xuvenil, unha crecente atracción dos novos cadros do nacionalismo galego cara a órbita da UPG, e o progresivo desmantelamento do inicial proxecto do PSG. En 1979 o PSG con algunha influencia do círculo *piñeirista* concorre aos comicios en coalición co PG e o Partido Obreiro Galego liderado por Camilo Nogueira obtendo un satisfactorio resultado (entre eles a alcaldía da Coruña), en 1980 no II Congreso Nacional da formación o PSG racha definitivamente coa liña *piñeirista* e acorda un entendemento con outras forzas do ámbito marxista próximas as demandas da UPG e a súa plataforma a AN-PG. O PSG e con el o seu líder carismático Xosé Manuel Beiras Torrado acabarían por distanciarse completamente de Piñeiro e acabarían confluíndo de maneira fragmentada no BNG, coa incorporación do Colectivo Socialista liderado por Beiras no BNG en 1984 e posteriormente de Unidade Galega en 1994 (na que se tiñan integrado o PSG e EG, ás ordes de Camilo Nogueira).

O certo é que esta situación propiciou que Piñeiro e os seus ficaran nun escenario no que non existía un relevo xeracional, ao tempo que os partidos políticos estatais se preparaban para a competición electoral en Galicia, a nivel municipal, autonómico e estatal. Ficaba imposibilitado o entendemento de grupos galeguistas de tódalas ideoloxías que se relacionaran coas súas forzas homólogas na península e Europa de modo *bottom up*. Abríase a oportunidade de

deseñar novas estratexias para que as ideas e demandas dos *piñeiristas* estiveran presentes no hemicycle que ía a “parir” a autonomía galega. No proceso de redacción e debate do Estatuto de Autonomía, que daría para un traballo homólogo a este, os galeguistas galaxianos, alcumados agora como *galeguistas históricos* gozaban dunha certa autórta, aínda carecentes dun partido con mínima capacidade de mobilización social. Conscientes disto Piñeiro e os seus acordan a constitución nas súas palabras, dunha “sociedade de estudos e opinións á cal denominamos Realidade Galega. Sen que fose un proxecto moi ben definido”, este ergueu as suspicacias dos rivais ideolóxicos do galeguismo *histórico* que agora se batía en confrontación aberta con aqueles que desexaban un estatuto máis couto que o vasco e o catalán, sentando así un precedente de autonomía “de segunda” aplicable a todas as nacionalidades e rexións que coma Galicia decidiran encetar o seu propio proceso autonómico, nomeadamente Andalucía. Sen que exista un resposta por parte dos *piñeiristas*, que se limitan de maneira moi discreta a manifestar a súa desconformidade, a UPG e afíns comezan a enfiar un discurso polo que afirman que o Estatuto que estaba por vir tería natureza “colonial” e o corazón institucional da autonomía: o Parlamento, sería un *parlamento de cartón*. A todo isto engadíndolle un poder sobrenatural, e posiblemente sobre-estimado de capacidade para a intriga e o contubernio político a citada Realidade Galega, que contribuíu se cadra aínda máis a dotar de connotacións negativas a etiqueta *Piñeirista*. Lembremos como dicíamos antes que nesa lóxica enmarcadora de gran intensidade para simpatizantes e afíns, na que os actores políticos e mesmo as institucións se dividían en dous bloques opostos dialecticamente e irreconciliables (nacionalismo-españolismo), o *piñeirismo* quedaba para o novo *nacionalismo radical maoísta* no lado a combater, e dicir o españolismo. Ramón Piñeiro apunta nas súas memorias:

As especulacións que se fixeron sobre o “significado real” da citada Realidade Galega chegaron a ser pintorescas, ata o punto de que se lle concedeu un poder oculto e unha capacidade de intriga e de presión que nada tiñan que ver coa realidade, moito máis modesta da que os seus críticos podían imaxinar. (Piñeiro 2002)<sup>62</sup>

Efectivamente e alén do impacto social que as teses do grupo Galaxia, e posteriormente Realidade Galega podían chegar a ter, a capacidade de mobilización política do grupo reducíase aos ambientes universitarios e intelectuais, e un análise obxectivo da historia política do período en cuestión, invita a pensar que os partidos estatais só buscaban a lexitimación en

62 PIÑEIRO, Ramón. *Da miña acordanza*. Ed Galaxia. 2002. pp. 63.

canto ao seu “democratismo” e “galeguidade” cando procuraban o consello ou a concorrencia dos homes de Galaxia. Aquí hai que enmarcar precisamente a participación do propio Piñeiro xunto a catro galeguistas máis nas listas do PSdeG-PSOE nas eleccións de 1981. O PG (no que confluía o PPG de Isla Couto) e o PSOE galego no que para a altura xa participaban algúns *ex pexegos* (como se denominaba aos militantes e adherentes do PSG), como era o caso do lucense Ceferino Díaz, comprometeranse para a eliminación da disposición transitoria terceira, o cal en verbas do propio Piñeiro tornaba ao Estatuto nunha “ferramenta útil para o autogoberno”, foi un feito decisivo para que estes galeguistas aceptasen a oferta do PSOE de concorrer nas súas listas para as eleccións inmediatas. Ramón Piñeiro relátao así:

Na reunión eu informei das distintas ofertas que recibíramos e manifestei a miña opinión de que conviría tomar unha decisión colectiva, tendo en conta que a presenza do galeguismo no primeiro Parlamento de Galicia resultaba altamente improbable, tendo en conta a situación que atravesaban os partidos galegos, con excepción do Bloque. Unanimemente todos os asistentes estiveron de acordo en aceptar aqueles ofrecementos, pois era a única maneira de garantir a presenza do galeguismo no primeiro Parlamento de Galicia. Polo que respecta a outras ofertas, acordouse que Marino Dónega aceptase ir nas listas da UCD por Lugo, que posteriormente refugou por motivos de tipo persoal, e que Paco del Riego dixo que el só aceptaría ir nas listas do Partido Galeguista. (Piñeiro 2002)<sup>63</sup>

Piñeiro acabaría efectivamente sendo deputado nun clima moi tenso co ámbito próximo á UPG e a súa ferramenta electoral, o Bloque. Neste sentido el desmarcase abertamente das posicións sostidas pola UPG, e aínda así estes reclámanlle unha sorte de lealdade, ou falta de lexitimidade para defender un modelo de nacionalismo *pluralista*. A actividade parlamentar de Carlos Casares, Benxamín Casal, Alfredo Conde e Ramón Piñeiro había ser efectivamente a de catro galeguistas independentes, deles todos menos Conde, que se abstería, votaría a prol da investidura de Albor, pois entendían que un primeiro presidente da Xunta debía ter o aval do galeguismo histórico.<sup>64</sup> Este feito se cadra serviu para acrecentar máis as tensións coa UPG-Bloque que ficara con tan só tres deputados e un deles pertencentes a un PSG en deriva para

---

63 *Ibidem*. pp. 218.

64 GARCÍA, Lito. *Pasou o que pasou. Doce estampas dos oitenta*. Rinoceronte Editora. Cangas do Morrazo. 2021. p. 22

os postulados do *nacionalismo radical*, estes rematarían por ser expulsados da propia cámara por negárense a pronunciar a fórmula de acatamento constitucional, feito que condenou ao espazo do nacionalismo marxista a unha menor presenza mediática. O certo é que para Piñeiro foi o fin da súa vida como representante político, adoptando a posición que el entendía que lle correspondía en coherencia coa súa ideoloxía e á tradición do PG que el entendía representar.

Dentro da grande agra política galega, o marxismo é unha leira importante, sobre todo polo seu gran dinamismo, pero non é máis que unha leira. A maior larganza da agra pertence a outros sectores ideolóxicos (...) á marxe dos apriorismos e móvese sempre polos ditados espontáneos do sentido común.<sup>65</sup> De aí que resulte importante a presenza arraigada do galeguismo na leira marxista, ao mesmo tempo que resulta necesario evitar que quede limitado a ela. O galeguismo como tal ten que abranguer a toda a Galicia democrática. (Piñeiro 1976)<sup>66</sup>

Este fragmento epistolar resulta clarificador acerca da posición estratéxica defendida por Piñeiro, de acordo a cal o galeguismo que el entendía como a canalización das demandas da sociedade galega, plural e diversa en ideas e en formas de entender o país, debía organizarse en partidos que fosen quen de trasladar ao plano institucional esa pluralidade implícita. Esta afirmación *pluralista* da nación (Máiz 2018), era xa na altura irreconciliable coa posición organicista do nacionalismo *radical*<sup>67</sup> defendido primeiro pola UPG e posteriormente polo espazo *instrumental* de carácter frontista que constrúe en col súa. Como mostra do desprezo das teses *piñeiristas* poderíamos analizar estas declaracións dun ex-secretario xeral da UPG, Francisco Rodríguez:

Cunha certa perplexidade. Para min, non tiña moito a ver o que se defendía no *Sempre en Galiza*<sup>68</sup> coa maneira de se conducir ese grupo do culturalismo galeguista. Primeiro porque rexeitaba a acción política directa<sup>69</sup>, de forma que aparecía como algo elitista e afastado das

---

65 Entendendo “sentido común” de acordo a teoría politolóxica do teorema do votante medio, que no caso galego sitúase historicamente en col de posicións próximas a centralidade política.

66 Carta de Ramón Piñeiro a Marino Dónega, Decembro de 1976. Arquivo da Fundación Penzol.

67 ROMASANTA. *El nacionalismo radical gallego en el ocaso de la Dictadura y los inicios de la Transición democrática (1974-1977)*. Tese de Licenciatura pola UNED. 1991.

68 Apelación ao principal ensaio político de Castelao, como sorte de “biblia política” do nacionalismo. Definindo a lóxica de enmarcamento como lexítimos herdeiros do pensamento do rianxeiro.

69 Exclusiva aceptación como “actividade política” lexítima por parte do galeguismo, a que levaba a cabo a UPG. A afirmación de Francisco Rodríguez neste caso faise complexa de comprender partindo da

urxencias da sociedade galega. Unha delas, erguer o movemento nacionalista práctico que preparase a situación para a transición do Franquismo a un rexime democrático dunha forma favorábel aos intereses de Galiza.<sup>70</sup> Segundo porque vía que non o anoxaba<sup>71</sup> nen preocupaba o feito de que o españolismo de esquerda campase polo país sen contraste nacionalista. A verdade que nunca cheguei a estar nos seus círculos, aparecía como algo alonxado, (...)

Muitas veces penso que é sintomático que a UPG se teña consolidado e avanzado á marxe, e mesmo ás veces na oposición, ao círculo piñeirista. Seguramente ten muito a ver con que as persoas que realmente defendemos un proxecto nacionalista<sup>72</sup> nido e de orientación anti-imperialista, como é o caso de Bautista Álvarez<sup>73</sup>, chegamos ao nacionalismo sen pasar para nada polo piñeirismo, nen sequer tendo contactos de orientación política ou de debate para chegar a algunha conclusión práctica. Non se pode dicir que errásemos na forma de conducírmonos. O piñeirismo non era un nacionalismo moderado. Era un europeísmo anti-nacionalista. (RODRÍGUEZ 2006)<sup>74</sup>

Nada é de maior axuda para comprender a tensión dialéctica entre *piñeiristas* e próximos a UPG/Bloque, que a lectura desta entrevista que Xosé Mexuto realiza a Francisco Rodríguez na altura de 2006, na que enardecidamente o lider comunista reivindica as súas razón e a súa identidade política fronte a estratexia Piñeirista. O certo é que chegados este punto podemos dar por rematado este primeiro capítulo da nosa investigación, na que o lector terá comprendido dun xeito un tanto lacónico tanto o percurso vital do noso protagonista que había rematar na presidencia do Consello da Cultura Galega, como tamén a profundidade dun concepto como *piñeirismo*, que certamente para propios e adversarios fica aínda pouco desenvolto, aínda que plenamente integrado na “xerga” política cotiá, especialmente nos ámbitos nacionalista/galeguista.

---

inicial participación do *piñeirismo* na configuración do PSG e o PPG, e posterior concorrencia nas listas do PSdeG-PSOE.

70 Identificación dos “intereses da sociedade galega” cos obxectivos da UPG, nota distintiva dos nacionalismo de carácter organicista.

71 O uso do concepto “anoxar” referido ao españolismo, é unha proba máis da integración no discurso da UPG da idea de etnia de exclusión. (Máiz 2000)

72 Apelación a idea de exclusividade e autenticidade da liña política da UPG/Bloque, fronte a outras formas de nacionalismo.

73 Secretario Xeral da UPG na altura.

74 MEXUTO, Xosé. A nación galega existe. Conversas con Francisco Rodríguez. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 2006. pp. 50-51.

### **III: DÚAS IDEAS DE NACIÓN NO GALEGUISMO**

## A TEORÍA ORGANICISTA DA NACIÓN

Logo de ter abordado máis brevemente do que o tema merece, as etapas vitais que condicionan o pensamento de Piñeiro, é tempo de tratar de definir a evolución paralela que sofre o enmarcamento do concepto de *nación galega* no movemento galeguista. A literatura apunta que o primeiro que afirma con total “radicalidade” a concepción “histórico-teórica de Galicia como nación” é Manuel Murguía (Máiz 1999)<sup>75</sup>, atopamos polo tanto na etapa pre-nacionalista a definición clara de Galicia como unha nacionalidade, como logo había recoñecer Risco nos seus ensaios. Con Murguía séntase a idea de Galicia como unha nación pre-política, é dicir: un conxunto de persoas que habitan un territorio dende tempos inmemoriales que ten un orixe común e unha historia compartida, xeralmente todo isto adubado de elementos diacríticos imaxinariamente engadidos ao discurso *imaxinario colectivo* (Anderson 1983) a través dos mitos nacionais a simboloxía etno-histórica e a contrución dunha idea prepolítica de comunidade. Este enfoque que é o hexemónico sen lugar a dúbidas no nacionalismo galego, vertebra a idea de Galicia como nación dende Murguía, pasando por Risco e unha parte notable dos pensadores nacionalistas da II República, e mesmo del chegan ao nacionalismo máis contemporáneo, resaibos *atenuados* polo culturalismo e a idea de “morfloxía social e económica”<sup>76</sup> (Máiz 2000) substitutiva esta última do concepto de etnia, moito máis vencellado ao arsenal terminolóxico racial tan identificativo do primeiro nacionalismo organicista.

É polo tanto relevante sermos conscientes de que o nacionalismo galego parte dunha definición hexemónica que enmarca o concepto de nación como un feito *orgánico* de acordo a propia definición que Vicente Risco aporta na súa *Teoría do Nacionalismo Galego*.

Atopamos o verdadeiro concepto *orgánico* de nacionalidade, asegún o cal, a nación é un feito natural, un feito biolóxico, independente da vontade dos homes estando constituída por

---

75 MÁIZ, Ramón. *O pensamento político de Murguía*. Ed. Xerais. Vigo. 1999. pp. 5-6.

76 MÁIZ apela á obra de RUYSEN, na que se formula a idea de “morfloxía social”, enfoque adoptado por Castelao no seu *Sempre en Galiza*. (*A idea de nación en Castelao*. Ed. Xerais. Vigo. 2000. p. 11)

unha comunidade de intereses espirituais e vitais, na que asegún diferentes opinións, interveñen causas xeográficas, étnicas, históricas, etc. (Risco, 1918)

O quentor destas ideas vaise fornecendo dúas grandes estratexias políticas diferenciadas que habían establecer a tensión central no nacionalismo galego antes da Guerra Civil, unha enfocada a idea de difundir o ideario nacionalista e en verbas de Ramón Vilar Ponte (afín á liña política risquiá): “á creación da nosa personalidade colectiva”<sup>77</sup>. E por outra banda unha liña política partidaria da acción política decidida e a concorrencia do nacionalismo na loita electoral e política, encamiñada segundo Lois Peña Novo (líder da Irmandade da Fala coruñesa, e un dos representantes do galeguismo progresista e republicano) ao obxectivo fundamental do nacionalismo: “conquerir que Galicia rexa libremente os seus destinos.

Contrariamente ao que se ten afirmado non estamos ante unha estratexia apoliticista no caso do primeiro nacionalismo máis organicista, se non máis ben ante unha estratexia política propia dun nacionalismo que pretende unha fase previa de creación dun marco interpretativo e unha corrente de opinión pública conducente a creación hexemónica da idea de Galicia como nación obxectiva, determinista e socialmente indiscutida. Este enfoque do nacionalismo completamente radical en canto as súas formulacións teóricas parte dunha serie de premisas que podemos analizar para acadar a comprender o percorrendo e relevancia da *teoría organicista da nación galega*.

## **- A misión histórica.**

O primeiro elemento configurativo desta idea *perennialista* de nación atopámola na idea de *nación como comunidade homoxénea*, contruída en col da idea alemá de *Volkgeist* que leva aparellada a idea dunha comunidade pre-política, cunha historia nacional e uns mitos configuradores comúns, pero tamén dunha misión colectiva.<sup>78</sup>

---

77 *Boletín do Ferrol*. Nº2. Xaneiro de 1922. p.1

78 MÁIZ, Ramón. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed Siglo XXI. 2018. p. 167.

Entendemos os nacionalistas galegos que unha nacionalidade, xunguida ou non a outras baixo a soberanía dun Estado calquera, ten unha **misión histórica** que cumprir en ben da civilización universal, e que tanto vale como tal nacionalidade, segundo sexa o que faga para o cumprimento daquel deber histórico. (Risco 1918)<sup>79</sup>

Esta idea de misión histórica propia dos nacionalismos deterministas, está moito máis atenuada na obra de Murguía, previa a de Risco, centrándose o historiador compostelán nunha definición e recerca dos elementos históricos e mitos que configuran á nacionalidade galega. Risco e R. Vilar Ponte son os encargados de recoller na súa obra ensaística con toda plenitude o concepto *orgánico e integral* de Galicia como nación.

## - A etnicidade de exclusión

O segundo dos grandes elementos que identifican á perspectiva organicista de nación, e se cadra o máis resistente ao paso do tempo, pois segue a estar intacto na estratexia enmarcadora do nacionalismo galego da segunda metade do século XX, é a contrucción da idea de *etnicidade de exclusión*, como nos indica F. Barth “os grupos étnicos tenden a definirse a si mesmos non tanto por referencia ás propias características, se non mais ben por exclusión, isto é, por comparación negativa cos “extranxeiros”<sup>80</sup>. Esta lóxica á que xa apuntamos brevemente cando analizabamos o pensamento de Castelao, latexa con forza en todo o nacionalismo galego, á excepción de certos autores como Pereira ou Piñeiro que xa sosteñen unha idea federalista do relacionamento con España e co resto de Europa (no segundo caso), non só instrumental como no caso de Risco ou Castelao, se non apelando a unha nova cultura política baseada na superación do discurso da “identidade” polo da “democratización”.

A raza galega segue sendo a vella raza céltica<sup>81</sup>, mesturada con íberos, romanos e xermanos<sup>82</sup>, mais impoñéndose os caracteres dos celtas por riba de todos os demais.<sup>83</sup> ã

79 RISCO, Vicente. *Teoría do Nacionalismo Galego*. Ed. Galaxia. Biblioteca Nós. 2020. p. 33.

80 MÁIZ, Ramón. *A idea de nación en Castelao*. Ed. Xerais. Vigo. 2000. p. 62

81 Apelación ao mito fundacional céltico, fundamentado na obra de Manuel Murguía, e que goza de grande éxito nas formulacións do nacionalismo galego de cara a construcción da “comunidade imaxinada” de épico pasado.

82 Apelación ao pobo suevo e a Suevia, idealización nacionalizante do vello reino altomedieval, constante na literatura e ensaio do nacionalismo até mediados do século XX,

83 Formulación clarísima do concepto de etnicidade céltica dos galegos.

polo tanto a menos ibérica da Península<sup>84</sup>, e con estreitos parentescos étnicos for a de España.<sup>85</sup> (Risco 1918)<sup>86</sup>

Escollido este brevísimo fragmento do texto teórico de referencia do nacionalismo galego, especialmente na primeira metade do século XX, podemos ver confirmado este segundo elemento característico da estratexia de enmarcamento discursivo dos nacionalismos organicistas. Esta idea de exclusión ou se se quere de “dualidade antitética” Benveniste (1969), configura o discurso nacionalista como unha rede semántico-conceptual de oposicións, que conducen ao distanciamento e a diferenciación negativa, deixando a un lado calquera criterio obxectivo e apelando a relatos históricos, étnicos ou teórico-antropolóxicos. Habitualmente tense tendido a asociar o discurso etnicista como algo propio ou asociado á facción máis conservadora do nacionalismo, pero pode observarse como o propio Castelao, proclive ao entendemento dos galeguistas coa esquerda republicana, mantén intactos os análises de Risco, presentando a Castela como a culpable dos males “históricos” de Galicia, ao tempo que asocia a idea de España como unha ferramenta política ao servizo dos intereses de Castela. Para iso propón un novo termo “ideado” polo propio Castelao: *Hespaña*, entendendo esta como o Estado non plurinacional no político, se non *pluri-etnico* no que Galicia si podería participar.

A oposición a Castela salva os ataques que poidéramos dirixirlle a Hespaña, cuio nome tivemos que humedecer cunha letra de mais para facelo respectable ós nosos ollos...Sacámoslle a verba “España” todo canto ten prosapia castelán (abonda con engadirille unha “H” para derivala de Hispania) e con ela abranguemos a Península enteira”. (Castelao 1944)<sup>87</sup>

A contraposición de Galicia con Castela/España, é un continuo histórico que chega sen demasiada dificultade ás modernas teses do nacionalismo *radical* e marxista, por medio da obra de Castelao, e que goza dunha saúde extraordinaria nos discursos dos líderes da UPG, mesturado iso si cunha lóxica materialista propia das análises do marxismo, xa non podemos

84 Íberos = Hespañois/Casteláns, como *etnicidade de exclusión*, en contra da que se configura a etnicidade galega.

85 Pobos atlánticos como *etnia de reintegración*. Moi destacado o carácter atlántico de Galicia na obra de Risco que xa deixa clara a idea que se confirma en Castelao de situar tamén a Portugal como etnicidade de reintegración.

86 RISCO, Vicente. *Teoría do Nacionalismo Galego*. Ed. Galaxia. Biblioteca Nós. 2020. p. 59.

87 MÁIZ, Ramón. MÁIZ, Ramón. *A idea de nación en Castelao*. Ed. Xerais. Vigo. 2000. p. 66

falar de *etnicidade de exclusión* se non dunha contraposición entre as “clases populares” galegas e o “Estado español” entendido este último como un significante abstracto asociado a unha elite colonizadora. Mención a parte merece o feito de que Castelao atepeda as teses etnicistas de Risco, adoptando unha visión máis culturalista, adoptando un discurso máis economicista e abandonando as posicións tradicionalistas do pensador ourensán, que se opón abertamente ao orde económico capitalista que na época era aínda incipiente en Galicia.

Unha mostra da conformación da nova rede semántico-conceptual de exclusión inaugurada polo marxista *nacionalismo radical* é este fragmento dunha entrevista a Francisco Rodríguez, ex-secretario xeral da UPG:

Non era só un elemento cultural e lingüístico, senón que era a forma concreta de concebir a contradicción de clases, que, no noso caso, se formalizaba nunha contradicción entre a nosa nación e o Estado español<sup>88</sup>, isto é unha contradicción de carácter anti-imperialista. A alianza das clases na Galiza era, pois, un resultado das análises marxistas, xa que a contradicción determinante nesta etapa histórica se sitúa no esforzo polo control da nosa economía.<sup>89</sup> (RODRÍGUEZ, Francisco 2006)<sup>90</sup>

Na mesma entrevista o propio Rodríguez engade unha frase que mesmo apela directamente a idea de “españolidade” como *etnicidade de exclusión*: “A españolidade galega<sup>91</sup> é sempre unha garantía de auto-anulación e subordinación.”<sup>92</sup>

---

88 Equiparación da “loita de clases” marxista coa loita emancipatoria do nacionalismo histórico, readaptación evidente da “dualidade antitética” que en Risco e Castelao é étnica e na UPG se torna “materialista” sen abandonar as teses centrais do nacionalismo.

89 Sorprende os paralelismos entre un tradicionalista coma Risco e un comunista coma Francisco Rodríguez con case 100 anos de distancia entre discursos. Risco na altura de 1930 formula no seu *El problema político de Galicia*: No mundo hai pobos explotadores e pobos proletarios. Galicia suxeita a un sistema económico que impide o seu desenvolvemento, reducida a mercado forzoso de certos produtos, pertence a estes últimos”

90 MEXUTO, Xosé. *A nación galega existe. Conversas con Francisco Rodríguez*. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 2006. p. 56.

91 Apelando a aqueles cidadáns que se identifican, social, cultural ou políticamente como “españóis” en Galicia.

92 *Ibidem*. p.95

## - O fetichismo da soberanía.

O terceiro gran elemento identificativo dos nacionalismo organicistas é o que Ramón Máiz denomina na súa obra *Nacionalismo y federalismo, una aproximación desde la teoría política*, “o fetichismo da soberanía<sup>93</sup>, entendido este elemento identificativo como a esixencia dun estado propio, ou no caso de reivindicar algunha outra forma de organización territorial *descentralizada ou federalizante*, dáse unha utilización de esta como algo continxente, temporal ou transitorio, conducente a plena “emancipación” da nación que debe ter en todo caso unha vida política, social e económica arredada da do resto de comunidades étnicas que compoñan o Estado. Podemos concluír pois que é un elemento definitorio dos nacionalismo organicistas o feito de que conciben a nación como unha totalidade inconexa coas sociedades próximas. O Estado que demandan non só debe artellarse en col do concepto abstracto de “soberanía” se non que debe ser un Estado *nacionalizador*, conducente a uniformidade interna no plano sociolóxico, cultural, económico (con especial énfase nas formulacións marxistas) e tamén no plano lingüístico. Cando Castelao afirma en *Sempre en Galiza* “o noso separatismo, se existe, non é por oposición a Hespaña, senón a Castela, coa que, por outra parte, arearíamos convivir en réxime de igualdade”, ou engade “nos concibimos unha Hespaña como un soio Estado, constituído polo libre consentimento de catro pobos: Castela, Cataluña, Eskadi e Galiza”, ou mesmo cando matiza “cando eu non era separatista do estado hespañol”, está materializando a idea de que a soberanía é un feito indivisible e que debe posuírse de xeito integral. Deste xeito só se pode concibir a idea dunha confederación “hespañola” mentres esta se articule en base a Estados “soberanos” e nacionalizadores, internamente homoxéneos e unidos non en col de vínculos políticos, se non soamente económicos, ou atinentes ás relacións internacionais.

O incipiente “separatismo” que se asexo no último Castelao, e que no caso de Risco e o galeguismo conservador é moito máis comedido<sup>94</sup>, déixalle a porta aberta ao nacionalismo marxista para instalarse primeiro nunha concepción instrumental da descentralización política, para posteriormente conquistas unha plena “soberanía nacional”. Neste sentido apunta a

---

93 MÁIZ, Ramón. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed Siglo XXI. 2018. p. 405.

94 “Que a nosa arela non é sepratista, xa fica dito. As reivindicacións que nós engadimos ao programa meramente rexionalista dos nosos devanceiros, non atenta en nada á soberanía política do Estado español. Pregámoslle que recoñeza un feito que se imporá de aquí a pouco, e nada máis.” RISCO, Vicente. *Teoría do Nacionalismo Galego*. Ed Galaxia. Vigo. 2020. p. 36.

posición mantida pola UPG/AN -PG cando en 1977 lanza as *Bases constitucionais pra participación da Nación Galega nun Pacto Federal, e de Governo Provisorio*. En 2006 Francisco Rodríguez apuntaba:

As Bases Constitucionais foron, naquela altura, un modelo galego para a estruturación dun Estado federal, de base nacional diversa<sup>95</sup>. A concepción de soberanía como algo inherente a cada nación é o seu signo distintivo: é a nación a que fai a cesión<sup>96</sup> para que poda existir o Estado plurinacional, a unidade entre iguais. É a forma de concretar un modelo de autodeterminación, acorde coas circunstancias históricas” (RODRÍGUEZ 2006)<sup>97</sup>

Nos nacionalismos organicistas como acabamos de ver non hai un papel para o individuo en canto a cidadán, é dicir: a comunidade nacional ven determinada de antemán como un grupo atemporal construído en col de significantes abstractos e moitas veces imaxinados, aínda que ferreamente compartidos e popularizados entre a elite nacionalista. A “comunidade nacional cristalizada” ven dada de antemán e enténdense como un construto homoxéneo no interior e diferente de cara ao exterior, deixando de lado a vontade democrática cidadá de pertencer ou non á nación política, este asunto en particular resólvese na propia *uniformidade* do grupo, que pode ser definida conforme a un criterio de *etnicidade densa*<sup>98</sup> ou de *etnicidade tenue*, mais propia esta última das formas de nacionalismo culturalista ou orgánico-culturalista. Polo tanto a soberanía non se contempla como unha agregación de vontades individuais se non como un concepto indisociable dende o orixe a nación pre-política, que antecede a calquera forma de expresión política cidadá, a soberanía precede a política, e a súa consumación só pode ser acadada na institucionalización dun Estado nacionalizador, que só podería acceder a unha dinámica de federación con outros Estados soberanos, baixo a premisa de non federalización interna, e dende unha total homoxeneidade substancial.

Esta última idea de soberanía indisociablemente vencellada a idea de homoxeneidade interna, adoita carrexar no plano político partidista a idea dunha mobilización *política* capaz de construír

---

95 Concepto exclusivista de nación.

96 Reificación da nación como unha “organicidade” operativa con vontade propia.

97 MEXUTO, Xosé. *A nación galega existe. Conversas con Francisco Rodríguez*. Ed. A Nosa Terra. Vigo. 2006. p. 87.

98 MÁIZ, Ramón. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed. Siglo XXI. Madrid. 2018. p. 167.

hexemonías discursivas, e situar a maior parte da sociedade ao abeiro dos *marcos interpretativos*<sup>99</sup> que determinan cales son os problemas, as “misións”, os antagonistas e os líderes da mobilización nacional. Así non é estraño atopar no discurso do nacionalismo a apelación á unidade orgánico-partidaria de todo o nacionalismo, baixo unhas premisas compartidas. Acontece isto no discurso de Castelao criticando con dureza a ruptura da Dereita Galeguista, e acontecerá co novo nacionalismo marxista que reivindicará a unidade do nacionalismo a partir dunha estrutura frontista organizada por eles mesmos (AN-PG, BNPG, BNG).

## OS FUNDAMENTOS PARA UNHA TEORÍA PLURALISTA DA NACIÓN

A teoría central que percorre todo este traballo é que no nacionalismo galego existen cando menos dúas teorías da nación diferenciadas, coincidentes do mesmo xeito con dúas estratexias de enmarcamento tanto no plano discursivo como no eido da mobilización puramente política. Afirmar que a teoría política alternativa a previamente enunciada correspóndese cunha idea da nación *pluralista* de acordo a tipoloxía proposta por R. Máiz en *Nacionalismo y Federalismo*, pode resultar un tanto arriscado se na idea de nación alternativa á *organicista e primordialista* pretendemos atoparnos unha teorización pura e estrita.

Para poder analizar se efectivamente a tradición do pensamento galeguista federalista, pode ser considerado como unha proposta de nacionalismo *pluralista*, en primeiro lugar debemos de definir conceptualmente cales son os elementos que atopamos nunha teoría pluralista da nación. En primeiro lugar debemos de partir do feito de que o nacionalismo pluralista reformula transcendentemente a idea orgánica da nación, e se cadra supera mesmo a concepción primordialista e de *etnia tenue* presente no *nacionalismo cultural*. Partimos pois do feito, de que o *nacionalismo pluralista* non é unha forma de *nacionalismo orgánico-culturalista*<sup>100</sup> atenuado se non unha teoría completamente alternativa de concibir o proceso de construción nacional. Para

---

99 *Ibidem.* p. 147

que exista unha teoría pluralista do feito nacional debemos partir da premisa de que se entenda que a *comunidade política nacional*, non é homoxénea e monolítica, se non plural e diversa. E por conseguinte a nación non pode reificarse como un actor operante de acordo a unha lóxica atemporal e uniforme ao longo da historia. A nación constrúese civicamente, a través do pluralismo propio e implícito a través da política, é dicir: “a través dun proceso político aberto e continxente” (Máiz 2018)<sup>101</sup>. Xa non estamos ante un movemento político que procura unha *soberanía total* da nación, entendida esta última como un actor operante e con vontade de seu, se non que estamos ante un movemento político que pretende a *construción política* da comunidade nacional baixo as premisas básicas da democracia republicana, enténdase así a idea férrea de división de poderes, o fomento da participación política, o carácter pluralista e deliberativos dos sistemas políticos e as limitacións e garantías ao propio poder, principios todos eles incompatibles co “fetiche da soberanía” asociado ao clásico Estado-nacional e nacionalizador.

Apuntábase a idea de que no teoría pluralista da nación, hai unha superación por suposto de todos os fundamentos da teoría orgánica da nación, dende a idea de *etnicidade de exclusión*, pasando polo bioloxismo organicista e o determinismo cultural. Mais tamén se produce unha superación por medio da política, entendida esta como maior pluralismo e maior participación de actores diversos no propio seo do movemento nacionalista, da *teoría cultural da nación*<sup>102</sup>. A *teoría pluralista* discute da idea de nación cultural, canto nela hai de determinista e monolítico. Xa apuntamos que o nacionalismo culturalista réstalle importancia aos elementos máis bioloxistas da etnicidade, e no seu lugar protagonista sitúa aos principios axiolóxicos que entende indisociables do feito nacional, relixión, cultura, valores históricos, cobran unha maior relevancia fronte aos factores máis bioloxistas. A nación segue a ser culturalmente monolítica, e o esquema unha terra, un pobo e unha fala segue intacto. Quérese substituír a idea de *exclusión* por medio do enmarcamento do propio e do alleo conducente ao odio ao “estranxeiro”, por unha sorte de “resentimento” derivado das limitacións impostas polo “outro” de cara a consolidación e desenvolvemento do propio país e a súa cultura.

---

100Xa apuntamos previamente que no proceso de *national building* poden existir teorías da nación híbridas con rasgos mixtos entre algunha das tres tipoloxías, ou ben en transición discursiva entre dúas delas.

101MÁIZ, Ramón. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed. Siglo XXI. Madrid. 2018. p. 172.

102Ibidem. pp. 169-170

Esta teoría da nación segue sendo deste xeito tributaria dunha concepción teleolóxica encamiñada a prosecución dun estado nacionalizador encamiñado a emancipar a propia nación e aos seus valores culturais. A política entendida como contestación, disención, e decisión da sociedade queda relegada a consecución dunhas “misións nacionais”. Partindo desta lóxica a concepción federalistas para os que sosteñen unha teoría culturalista da nación é soamente instrumental, entendendo o federalismo como unha fase intermedia conducente a plena emancipación da “soberanía” que exclusivamente pode detentar a nación, que no caso do nacionalismo etno-culturalista *segue a ser unha nación monoétnica* obrigada de acordo a esta teoría a consecución dun Estado nacionalizador.

Así podemos determinar que mentres no caso dos nacionalismos *organicistas*, a definición da propia nación é o central, para os nacionalismos pluralistas a configuración de mecanismos de participación política da comunidade nacional é a súa principal preocupación. Lingua, Mitos, Historia ou Símbolos conviven nos nacionalismos pluralistas no plano das estratexias de enmarcamento e discursivas a mesma altura que as demandas políticas diversas da sociedade, os seus intereses, o fomento da participación cívica e a deliberación institucional, convínase cunha garantista agregación de intereses individuais nunha concepción da nación onde o cidadán é o elemento central desta teoría.<sup>103</sup> Atendendo a estes rasgos introductorios característicos unha teoría pluralista da nación, debemos de destacar o primordial de todos eles, e ver se o pensamento de Piñeiro se axusta a el, e en que medida encaixa ou se afasta do resto de fundamentos teóricos que veñen a modelar un modelo de construción nacional totalmente distinto ao *orgánico-primordialista*. Este elemento vertebrador é o que apuntan Hobsbawm e Andersen, en tanto en canto a nación é un produto sociopolítico, e non unha evidencia social incuestionable, que é tanto como dicir que a nación non constrúe aos cidadáns, se non que son os propios cidadáns quen constrúen a nación por medio da *política*. Ambos pensadores apuntan a idea de que a identidade nacional, coma outras formas de identidade social, é o resultado dun proceso “creativo de invención”<sup>104</sup>. Neste sentido parece apuntar Piñeiro, cando afirma:

---

103 *Ibidem*. p. 173

104 MÁIZ, Ramón. *A idea de nación*. Ed. Xerais. 1997. Vigo. pp. 113-114.

Cada comunidade social, cada pobo, ocupa un territorio, un ámbito espacial cun determinado medio físico; pero sobre ese medio físico crea<sup>105</sup> un medio cultural formado de ideas, de sentimentos, de experiencias, de creencias, de descubrimentos, de instrumentos e técnicas de traballo, de institucións, etc., etc.: ou sexa, sobreposta ó medio físico, o home crea unha realidade súa<sup>106</sup>, especificamente humana, na que se educa e configura a personalidade de tódolos membros da comunidade social. (Piñeiro 1984)<sup>107</sup>

## - A cultura, como realidade sociolóxica e política.

Aínda que é habitual atopar algúns rasgos moi atenuados da idea de nacionalismo cultural en Piñeiro, podemos ver que con sublime claridade formula a idea da comunidade nacional como unha *construcción* voluntaria do home, e non como unha realidade pre-existente e atemporal. Antes de proseguir co noso análise sobor dos fundamentos para un incipiente nacionalismo pluralista, non podemos deixar pasar sen comentalo, a relevancia que na teoría política piñeirista adopta o concepto de *cultura*, e para iso imos a empregar directamente a definición que o propio autor nos aporta:

“Está claro que o concepto de culturas debe entender no sentido amplo que lle dan os antropólogos. Non debemos de o encoutar no ámbito limitado da cultura, escrita, literaria, erudita.<sup>108</sup> Tomarémolo en toda a súa amplitude, quere dicir, como a resposta que o home dá ás súas necesidades básica; como o xeito que o home ten de se situar no mundo.” (Piñeiro 1984)<sup>109</sup>

Estamos pois ante unha formulación claramente sociolóxica da cultura, entendida esta como un conxunto de orientacións psicolóxicas dos individuos cara certos elementos constitutivos da comunidade social. Partimos do feito de que Piñeiro non limita o concepto de cultura aos

---

105Coincidencia coa formulación constructivista de Hobsbawm e Andersen.

106Apelación a idea creativa ou de invención da identidade, que Piñeiro chama “o ser do home.”

107PIÑEIRO, Ramón. *Filosofía da Saudade*. Ed. Galaxia. 1984. Vigo. p.83

108Piñeiro, sitúa o concepto de cultura con toda rotundidade no eido das Ciencias Sociais, antropoloxía, politoloxía, socioloxía ou economía deberían atinxir tamén o espazo da cultura social.

109*Ibidem*. p. 82

lindeiros da produción literaria, artística e científica, e deste xeito constrúe unha concepción da cultura como obxecto de estudo das ciencias sociais. Así como nos indica A. Giddens (1991): “La cultura de una sociedad se compone tanto de aspectos intangibles, creencias, ideas y valores que dan contenido a la cultura, como tangibles: objetos, símbolos o tecnoloxías que representan ese contenido.”<sup>110</sup> Así para Piñeiro podemos concluir que podería existir unha cultura literaria, unha cultura científica, unha cultura social, pero tamén unha cultura política e mesmo económica. Todas elas froito do esforzo creador do ser humano:

Antes dixemos que a cultura é unha creación do home en resposta as súas necesidades básicas<sup>111</sup>. Reparemos ben nisto: unha creación do home. Non a recibe como herdanza xenética da especie<sup>112</sup>- como recibe poñamos por exemplo a cor do cabelo, a pel, ou os ollos- senón que a crea (...) A realidade persoal do home non lle ven dada nos cromosomas celulares, na súa “natureza”, se non que a ten que auto-realizar el mesmo no seo do seu ámbito cultural. Se como individuo biolóxico depende da súa herdanza xenética, como ser persoal depende da cultura, da súa cultura, ou, mellor dito, da cultura da súa comunidade social. Pero a cultura non é unha realidade “natural”, senón que é unha realidade histórica. De aí que o home, como ser persoal, non se realice na natureza senón a historia.<sup>113</sup><sup>114</sup>(Piñeiro 1984)<sup>115</sup>. Deste xeito, Piñeiro rexeita con contundencia calquera fundamentalismo étnico a hora de definir a comunidade nacional, e no canto prefire formular a idea de comunidade social en col dun concepto participativo de cultura social, por así dicilo: unha cultura social que se constrúe a partir da agregación da iniciativa, as orientacións psico-sociais e a creatividade dos seus individuos. Isto trasladado ao plano do político achéganos eminentemente ao concepto de *cultura* formulado por Walzer (1994) entendido este como unha dimensión tenue de valores e principios para a vida en común. Deste xeito confírmase tamén en certa medida, que Piñeiro utiliza sempre e sistematicamente o termo *cultura* cando se refire a Galicia en canto comunidade social, ben o faga apelando a produción artístico-literaria, como aqueles elementos e orientacións vencelladas o estritamente político ou económico, como iremos vendo. Isto enténdese

---

110 GIDDENS, Anthony. *Sociología*. Alianza Editorial. 2001, 4º edición, Madrid. p.53

111 Introducción do concepto de Cultura dende unha teleoloxía económica.

112 Negación radical do primordialismo etno-culturalista dos nacionalismos organicistas e culturalistas.

113 Enmenda aos fundamentos bioloxistas.

114 Aquí Piñeiro emprega dun xeito un tanto forzado a expresión “ámbito cultural” con evidentes connotacións políticas, evitando outros termos máis contundentes como “nación”.

115 PIÑEIRO, Ramón. *Filosofía da Saudade*. Ed. Galaxia. 1984. Vigo. p.84

perfectamente nun contexto, onde era habitual que intelectuais e pensadores utilizasen “conceptos refuxio” para regatear a censura e a persecución.

Outro trazo que é distintivo de Piñeiro, é a asociación que fai entre historia e feito nacional. Pois pensa que a nacionalidade non é unha realidade a-histórica estática e perenne, se non que o feito nacional responde a *zigzagueante dialéctica* propia do conflito político que vai debuxando a nación en cada etapa histórica determinada. A nación pois é para Piñeiro un feito subxectivo, froito da vontade e a ideación humana, voluble e mutable ao longo da historia. Ademais engade dun xeito coherente coa súa condición de filósofo que “A historia non é, como se ten dito, a realización da liberdade humana: é, máis ben a loita do home por conseguir a liberdade, a gran epopea humana en procura da liberdade (...) a meta do home é a liberdade, a realización do si mesmo.”<sup>116</sup>, así na súa filosofía política observase o concepto de cultura acompañado de liberdade, tendo a primeira como unha ferramenta para a prosecución da segunda como un continuo permanente e sistemático.

Observamos pois que a pesar de que en Piñeiro aínda latexen algúns elementos etno-culturalistas, como a apelación puntual á mitoloxía céltica, ou certo tendencia a unha *etnicidade tenue ou restrinxida*<sup>117</sup> herdada directamente da obra teórica de Castelao, da que en boa medida el tamén se sinte continuador, o certo é que co lucense configúrase un pensamento político nacionalista decididamente *construtivista*, non primordialista e en crecente sintonía cos fundamentos dunha teoría pluralista da nación que intentaremos degrallar nas vindeiras páxinas.

Xa dixemos que a cultura en Piñeiro comeza a configurarse como un elemento participativo en pé de igualdade coa necesaria articulación política. Neste último campo que quizais, é a verdadeira cerna temática deste traballo temos que identificar os elementos centrais do pensamento político piñeirista, que ao meu xuízo serían: en primeiro lugar unha concepción pluralista da nación e polo tanto do sistema político que debe materializarse a través do federalismo, en segundo lugar, unha idéntica concepción pluralista da mobilización política que debера configurarse nun sistema pluralista de partidos políticos que representen diferentes

---

116 PIÑEIRO, Ramón. “A *re-creación imaxinativa*”. Escritos. t. II. pp. 36-37.

117 MÁIZ, Ramón. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed. Siglo XXI. Madrid. 2018. p. 170.

formas de concibir o proceso de construción nacional e dende diversas estratexias de enmarcamento e en terceiro lugar e non menos importante, un elevado interese para detectar, analizar e explotar as estruturas de oportunidade conducentes a consolidación dun entramado institucional que sirva de canle deliberativo á sociedade galega, promovendo con isto a súa democratización. Partindo destas tres premisas: federalismo, pluralismo político e organizativo e aproveitamento das emerxentes estruturas de oportunidade poderemos entender tanto o pensamento como a estratexia política de Ramón Piñeiro e a Xeración Galaxia.

## - Un federalista

Ramón piñeiro rexeita taxativamente o cualificativo de nacionalista para definirse, se cadra pola connotación decimonónica e vencellada ao xa citado “fetichismo da soberanía” polo cal os nacionalistas tiñan optado nos últimos anos, facíao presentarse como un federalista, e nunca como un nacionalista. Ao longo da súa obra, e dun xeito para nada disimulado, xustifica a elección do concepto “galeguista” para definir ao PG, en troques de “nacionalista”, deixando clarísimo o seu rexeitamento de concepcións esencialistas e organicistas da nación<sup>118</sup>.

Polo que respecta ao nacionalismo risquiano, eu sempre me inclinei máis polo federalismo. Por entón lin *El Federalismo* de Pi I Margall, aínda que me decepcionou un pouco polo carácter exclusivamente formal, demasiado estatalista, que lle daba a fórmula política de articulación do Estado. (Piñeiro 2002)<sup>119</sup>

No obstante, habida conta da súa teoría política da nación, a súa obra ensaística, traxectoria vital e discurso, todo apunta a que o poderíamos considerar un nacionalista cunha temperá

---

118 “Discutiron moito na asemblea de constitución do partido pero prosperou o criterio de chamarse galeguismo, aínda que había partidarios de reanudar a etapa anterior, de resucitala e definila como nacionalismo, pero prosperou o criterio realista, non por evolución doutrinal senón por evolución política, por realismo político chamáronlle galeguismo porque iso implicaba máis apertura a receptividade e máis facilidade de contacto coa xente. Apareceu o Partido Galeguista, Apareceron os novos líderes ata que veu a Guerra.” BARROS, Miguel. *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo II*. Ed. Galaxia. 2009. Vigo. P 124.

119 PIÑEIRO, Ramón. *Da miña acordanza*. Ed Galaxia. 2002. p.47

teoría pluralista da nación con algúns resaibos culturalistas<sup>120</sup>, neste sentido apunta Miguel Barros na súa tese de doutoramento:

A doutrina dun *nacionalismo inclusivo*, non particularista nin separatista, afirmador da primacía das liberdades individuais e da democracia, claramente aliñado co republicanismo de esquerda, dialogante co resto de España e decididamente, non violento. (Barros 2009)<sup>121</sup>

Un por un cúmplense os requisitos para que poidamos falar dun discurso moi sólido en canto ao seu federalismo, o carácter coexistencial taxativo dos federalismos, a necesidade de tolerancia cara o diferente, a demanda incesante de pluralismo político multipartidario, e o pulo por conseguir institucións canalizadoras dos procesos deliberativos e participativos, identifican a calquera texto de Ramón Piñeiro e dos seus “discípulos”. O ideal federalista de Ramón Piñeiro que teremos tempo de desenvolver polo miúdo cando encetemos a súa visión europeísta, estruturase a partir da necesidade que segundo el ten o Estado español, de articularse de guisa federal, constituíndo un verdadeiro Estado plurinacional rexido polo principio de *soberanías compartidas* e a súa cimentación sobre a aceptación das *identidades superpostas* (“Nese sentido a definición sintética desa postura era que nós somos galegos por natureza, españois pola historia e somos europeos pola cultura”)<sup>122</sup>. Para Piñeiro o federalismo é “unha dialéctica do ser social entendido como conflito fecundo entre o individuo e máis a sociedade, entre a tradición e a innovación, entre a necesidade e a liberdade...”<sup>123</sup>, é polo tanto unha auténtica síntese, seguindo coa metáfora hegeliana proposta polo intelectual lucense, entre realidades e identidades diversas pero que poden convivir no seo das mesmas comunidades políticas, canalizado todo a través da democratización. Na teoría de piñeiro non hai espazo para a homoxeneidade, e mesmo no plano cultural onde fala de que “cada pobo é unha cultura”<sup>124</sup>, sostén unha idea participativa de cultura, onde esta non é un corpus que herdamos do pasado matizado por uns rasgos ou modelos culturais a replicar, se non que é unha creación de cada xeración.

---

120MÁIZ, Ramón. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed. Siglo XXI. Madrid. 2018. p. 167.

121BARROS, Miguel. *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo II*. Ed. Galaxia. 2009. Vigo. P 124.

122BARROS, Miguel. *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo II*. Ed. Galaxia. 2009. Vigo. P 263.

123*Ibidem*. p. 319

124PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no futuro*. Ed. Galaxia. Vigo. 2007. p.110

Para o filósofo lanchar o federalismo non é instrumental como xa temos apuntado, a diferenza de Castelao que promove unha visión federal do Estado como estratexia gradualista encamiñada a conquista dunha soberanía “emancipadora”, dende a cal a nación reificada e materializada na “total” soberanía, puidera decidir se se federa ou non. Piñeiro concibe o federalismo como cultura política de cohesión co resto de España e Europa, sen renunciar a identidade contruída libremente polos cidadáns e de xeito participativo a través da Cultura. Piñeiro é consciente de que se algún día existiu unha soberanía absoluta, esta tíñase extinguido, e que o novo orde continental de integración que se aveciñaba precisaba dunha nova linguaxe do común e non do diferenciador. A nova teima do intelectual será pular pola participación activa da sociedade galega, no proxecto de integración económica e política europea.

### **- De Pereira a Piñeiro (1855-1990), 135 anos de galeguismo federalista.**

Piñeiro considerase continuador do pensamento de Castelao, e tendo en conta as análises previas que levamos a cabo cando abordábamos o pensamento de Castelao, podemos afirmar que este ten en común con Piñeiro a súa inclinación estratéxica cara o progresismo, a política democrática e o republicanismo, mais a teoría da nación de Castelao tributaria do organicismo risquián, distancia en boa medida o pensamento do brillante artista rianxeiro e o noso protagonista. Pola contra obsérvanse conexións moi importantes entre o pensamento do *federorrexionalista*<sup>125</sup> tamén lucense Aureliano Pereira e o galeguismo federalista de Piñeiro.

O primeiro gran punto en común entre ambos é que os dous tentaron encher o corpus ideolóxico do federalismo de contido galeguista, se cadra no caso de Pereira, pola continxencia histórica, máis inclinado cara elementos orgánicos e no caso de Piñeiro cara elementos máis culturalistas. Pero os dous pretenderon facer un galeguismo federalista, antes que un federalismo en Galicia. En ámbolos dous casos como apunta R. Máiz, en alusión a Pereira, a presenza de elementos organicistas ou culturalistas non supuxo menoscabo nin devaldo dos

---

<sup>125</sup>MÁIZ, Ramón. *A idea de nación*. Ed. Xerais. 1997. Vigo. pp. 238.

“elementos democráticos” da súa ideoloxía. Así observamos tanto en Piñeiro como en Pereira unha defensa dunha estrutura federal para o Estado (España, nación de nacionalidades), unha reivindicación do sufraxio universal no caso de Pereira e do pluripartidismo no caso de Piñeiro, en evidente alusión ao principio de participación, en terceiro lugar ambos lucenses coinciden tamén nunha visión pragmática e analítica das estruturas de oportunidade política e tamén nun discurso de certo populismo campesiño. (Máiz 1997)<sup>126</sup>

De igual xeito que Piñeiro toma canto hai de culturalismo na súa ideoloxía directamente de Castelao, Pereira fai o propio en canto a *organicidade* da súa incipiente idea de nación política provinte de Murguía. Tamén lles é común a concepción republicana da política a ambos intelectuais, mentres un militou activamente no Partido Republicano Federal Galego, outro medrou como militante dun PG cada vez máis aclimatado a nova realidade republicana, e mesmo unha vez caído o réxime de liberdades foi apresado por ter participado en reunións co Goberno republicano no exilio. Alén dos aspectos máis formais en ambos políticos dáse unha convicción política polo pluralismo e a participación que non fai máis que afortalar o seu republicanismo. Se atendemos por último a estratexia para a construción de hexemonías políticas, ambos pensadores se asemellan moito no seu extremo pragmatismo e a súa capacidade para interpretar as fendas existentes no seo da estrutura social galega: Mentres Brañas apuntaba as vellas elites do Antigo Réxime superviventes no seu tempo en Galicia como público obxectivo para o discurso do seu tradicionalismo galeguista, e Murguía atinxía a pequena burguesía ilustrada e liberal urbana, Pereira apunta a “unha hexemonía rexionalista sobre o conxunto da poboación galega, mediante a consolidación dun bloque de clases ó redor do programa rexional” (Máiz 1997)<sup>127</sup>

...no se limite a ser un partido de catedráticos y oradores, de poetas y de periodistas: es necesario que encarne al pueblo. (PEREIRA 1890)<sup>128</sup>

El regionalismo para ser algo tiene que contar como base con las clases populares: tiene que encerrar en su programa los problemas que afecten a la región. (PEREIRA 1893)<sup>129</sup>

---

126 *Idem.* pp 238-239

127 *Idem.* pp. 257.

128 PEREIRA. A.J. Discurso de 1890 na Homenaxe a Brañas, op cit (MÁIZ, Ramón. *A idea de nación*. Ed. Xerais. 1997. Vigo. pp. 258).

Esta cita podería ser asinada e compartida absolutamente por Piñeiro, que sen manexar unha linguaxe tan “populista” tamén xoga coa idea de concitar amplas capas da sociedade en col dunha identificación cos partidos cun programa galeguista favorable ao autogoberno, a promoción da lingua e a integración europea. Aínda que tamén sería xusto lembrar que mesmo coinciden na idea de dirixir o discurso político as masas labregas, constituínte central da estrutura social galega.

A realidade sociolóxica de Galicia non se encadra no esquema *burguesía-proletariado* (...) A verdadeira contraposición social que ocorre entre nós está fundada no dualismo (campocidade). (Piñeiro 1959)<sup>130</sup>

Coido que debemos manifestar os nosos puntos de vista con maior claridade posible, porque a actual imaxe política do galeguismo vaise cinguindo demasiado a un campo ideolóxico que non é (...) o predominante en Galicia, mentres que o galeguismo como tal debe de abranguer a toda a Galicia democrática, coa diversidade de tendencias ideolóxicas que a propia sociedade galega xere. (Piñeiro 1976)<sup>131</sup>

Observamos deste xeito, moi brevemente algunha das concordancias máis importantes entre dous pensadores conectados, a pesar dun salto temporal importante. Do enfoque radicalmente democrático, pluralista e federalista de Pereira, só se asexan algunhas notas soltas no galeguismo da primeira metade do século XX (Peña Novo, Antón Vilar Ponte ou Valentín Paz Andrade), mais teriamos que agardar a que Ramón Piñeiro revisara o nacionalismo para reencontrarnos coas teses do seu devanceiro lucense.

En canto a Piñeiro é evidente que na súa obra latea con forza un federalismo provisto da rede semántico-conceptual do nacionalismo culturalista, todo adubado con un ideario humanista e mesmo liberal-demócrata, republicano e progresista encamiñado a estratexia pragmática e posibilista de dividir o capital humano do galeguismo, encamiñado a erguer unha masa crítica e unha elite dirixente, previo paso a lograr unha hexemonía política e cultural en Galicia, sempre

---

129PEREIRA, A.J. “Regionalismo”, *El Regional*. 30 de xullo de 1893. (MÁIZ, Ramón. *A idea de nación*. Ed. Xerais. 1997. Vigo. pp. 259).

130PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no futuro*. Ed. Galaxia. Vigo. 2007. p.114

131Carta de Ramón Piñeiro ao seu colaborador Marino Dónega, Decembro de 1976. Arquivo da Fundación Penzol.

dirixida a darlle cobertura política a todas as sensibilidades ideolóxicas do conxunto da sociedade galega.

O que resulta fundamental para acadar a comprender o que finalmente pasou é a implicación dos mozos que se formaran no círculo piñeirista, noutros proxectos políticos á esquerda dos dous actores partidarios, ambos moi reducidos, que o piñeirismo lograría artellar. Dunha banda o primeiro PSG, que remataría por aliñarse coa estratexia da UPG, previa saída dos seus cadros máis *piñeiristas* no que se coñeceu como Colectivo Socialista-PSG, e que en 1977 supuxo a incorporación dunha centena de militantes do PSG na federación galega do PSOE. Doutra banda a pervivencia do Partido Popular Galego foi anecdótica (1976-1978) sendo liderado por Isla Couto e Fernando García Agudín participaría inicialmente das estruturas federais da Democracia Cristiá española, artellada federalmente con Joaquín Ruíz-Giménez a fronte, para posteriormente xa en 1977 desvincularse e constituír xunto ao Partido Galego Social Demócrata de Alfonso Zulueta de Haz e Xosé Luis Fontela, un renovado e demócrata-cristián Partido Galeguista que había ter pouco éxito e pouca relevancia na política galega, alén dos positivos resultados que conquire a coalición Unidade Galega en 1979, coalición esta última dos sectores máis posibilistas e moderados do nacionalismo galego: enténdase o citado Partido Galeguista, o Partido Socialista Galego e o Partido Obreiro Galego liderado por Camilo Nogueira. Estes proxectos políticos foron todos eles pequenos partidos de cadros especialmente o propio PG, que nunca tiveron unha capacidade real de capilarización electoral na sociedade galega. Logo do éxito inicial de Unidade Galega, só o POGA, reconvertido en Esquerda Galega, e que tiña a súa orixe no entorno organizativo e ideolóxico máis pragmático e moderado da UPG e non no Piñeirismo sería capaz de sobrevivir as sucesivas contendas electorais.

Este distanciamento paulatino entre o prantexamento demo-liberal e pluralista do *piñeirismo*, e as novas xeracións que previamente estiveran vencelladas aos círculos culturais auspiciados polo intelectual lucense, débese en boa medida a asunción dunha nova teoría política que había transformar completamente o nacionalismo galego. Estamos a falar da teoría do *colonialismo interior* que é desenvolta a finais da década dos 60 por un mozo economista compostelán, baixo o alento do propio Piñeirismo, como teremos oportunidade de analizar no vindeiro capítulo.

**Táboa 1:** Tipoloxía do nacionalismo galego e encadro dos principais teóricos e movementos dacordo a tipoloxía proposta por MÁIZ (2018)



Fonte: elaboración propia.

## **IV: O PENSAMENTO E A ESTRATEXIA POLÍTICA**

## A POLÍTICA CULTURAL

Como xa apuntabamos nas primeiras páxinas desta couda investigación, o contraste da nosa hipótese acerca de se efectivamente no nacionalismo galego existen dúas ideas de nación contrapostas e alternativas, ambas con un fío condutor histórico que as conecta dende a etapa que os historiadores e politicólogos veñen chamando “rexionalista” até finais a década dos 60 onde se materializan en dúas estratexias políticas diferentes, e polo tanto con alternativos resultados. Obríganos a abordar unha certa sistematización do pensamento político do noso protagonista. Xa vimos como efectivamente a teoría da nación contraponse dun xeito nido, e configúrase un concepto de *nación pluralista* alternativo ao concepto de *nación organicista e primordialista* que se fixo hexemónico durante o período histórico que coincide coa “etapa nacionalista” no movemento galeguista (1918-1950).

Como vimos, a concepción orgánica da nación esixía un compoñente bioloxista que en certa medida facía da nación un feito pre-político, herdo dos devanceiros, enfoque sen lugar a dúbidas fortalecido polo influxo *barresiano*<sup>132</sup> con concepcións simbolistas e intuicionistas da nación, marcadas todas elas por un tardío refluxo romántico que había levar aos homes da Xeración Nós a falar “da nación dos mortos”, entendendo que no feito nacional se expresaba tanto ou máis a vontade dos devanceiros, como a dos vivos. Xa desenvolvemos abondo un concepto de nación que ten moito de antropolóxico, etnográfico, xeográfico e historiográfico e máis ben pouco de politolóxico e económico. Tratábase se cadra de ser quen de explicar aqueles elementos que por oposición nos diferenciaban do resto de sociedades da península, nomeadamente das “nacións” que para os homes de Nós compoñían esa “Hespaña” imaxinada. Veremos que con Piñeiro o sentido ontolóxico da comunidade transfórmase, e convértese nun espazo que se debe articular politicamente para permitir tres obxectivos: o primeiro deles o desenvolvemento persoal do individuo, para Piñeiro a existencia non xorde da bioloxía, se non da liberdade, entendida esta como “intimidade última do ser humano”<sup>133</sup>. En segundo lugar a

---

132Referencia a Auguste-Maurice Barrès (1862-1923), expoñente do simbolismo e o nacionalismo organicista francés que había exercer unha gran influencia sobre o pensamento dos homes da Xeración Nós.

133PIÑEIRO, Ramón. *Filosofía da Saudade*. Ed. Galaxia. 1984. Vigo. p. 77

pervivencia dunha cultura, entendida como produción netamente humana, que ten a súa forza produtiva no individuo, pero que se produce para a comunidade, e que para Piñeiro é “o xeito que o home ten de se situar no mundo e dominar o tempo”<sup>134</sup>. Por último Piñeiro entende que o desenvolvemento da nosa economía, é un obxectivo irrenunciable pois “daralle un novo avance, un vigoroso pulo á evolución realizadora da nosa reconstrución como pobo”<sup>135</sup>.

Podemos establecer pois que en Piñeiro hai unha estratexia política, que compartiu co resto da coñecida como *Xeración Galaxia*, que pasa pola “*desacralización* do galeguismo”. A súa xeración, e sobre todo el mesmo levan a cabo unha tarefa de revisión do nacionalismo, que abandona as explicación mitificándooas da ontoloxía nacional e avanza cara o terreo das Ciencias Sociais e Humanas, a racionalización e a estratexia política. A esta nova proposición teórica, Ramón Piñeiro chamaralle “A Política Cultural”.

Esa é a razón de que as institucións autonómicas fosen, sexan, necesarias para construír a conciencia colectiva do pobo galego, a responsabilidade solidaria fronte ó destino, que agora é responsabilidade nosa, pero comprende tamén ter en conta que esa mobilización da vontade para resolver problemas, para ser protagonistas activos, no se resolve só coa simple existencia das institucións, senón que esa é unha sensibilidade que hai que conquistar<sup>136</sup>. E eu penso que eso só se pode lograr pola vía dunha *política cultural* destinada a reconstruír a conciencia de Galicia como pobo. Mentres esto non sexa asumido, as estruturas políticas de Galicia serán débiles por non estaren afincadas nunha conciencia viva e nunha responsabilidade activa. (Piñeiro 2002)<sup>137</sup>

Neste fragmento, escrito na auto-biografía do intelectual podemos subtraer unha definición de política cultural que se achega enormemente ao concepto que xa desenvolvemos previamente de *Cultura Política*, proposto por Almond e Verba (1963), como un conxunto de orientacións psicolóxicas do cidadán para co sistema político, as súas institucións e estruturas políticas.

Non se pode afirmar pois que o fin do grupo Galaxia, non fose o de elaborar unha estratexia pretendidamente política, feito que será evidente coa súa posterior implicación, e

134 *Ibidem* p.83

135 PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no futuro*. Ed. Galaxia, Vigo. 1974. pp.213

136 Clara chamada á acción política.

137 PIÑEIRO, Ramón. *Da miña acordanza*. Ed. Galaxia. Vigo. 2002. p. 220

particularmente a de Piñeiro tanto no proceso de conformación do novo sistema de partidos, como na institucionalización da autonomía. O que si se podería chegar a aceptar como un argumento encamiñado a sempre natural discusión e confrontación política, é a profunda diferenza entre a estratexia política dos galeguistas do interior a partir de 1950 con respecto aos do exilio por unha banda, e tamén as fondas diferenzas coa estratexia que a partires de 1964 comeza a elaborar a UPG e os grupúsculos da súa órbita. Podemos determinar que a partir de 1939 co fin da contenda civil, existiron no ámbito do galeguismo político, até tres estratexias diferenciadas. Unha primixenia da que participarían os galeguistas do interior nun primeiro momento, dirixida por Castelao e a diáspora, encamiñada a restaurar o Estatuto e a legalidade republicana, aínda despois da consolidación do Réxime Franquista na orde mundial posterior a II Guerra Mundial. Esta pasaba pola actividade de oposición política directa contra o réxime e a reconfiguración do PG no interior, tamén se negaban a aceptar calquera estrutura de oportunidade que supuxera negociar cos monárquicos ou cos sectores máis aperturistas do réxime. A morte de Castelao en 1950, esta liña política había quedar reducida ao exilio.

En segundo lugar a estratexia que viría ser coñecida como *culturalista* ou *piñeirista*, consciente da fraqueza orgánica do Partido Galeguista, tanto no interior como no exilio, apostaban pola cimentación dunha conciencia política previa encamiñada a futura desarticulación política da autonomía, estes entendían de igual xeito que coa crise do Estado-nación, e o concepto de soberanía asociada ao Estado entrara en crise logo da Guerra, e era necesario prantexarse un escenario europeo de integración política federal. O federalismo sería a canle natural para a canalización das aspiracións nacionalistas, e para elo sería preciso articular un sistema de partidos pluralista encamiñado a facer partícipe a nova sociedade galega, ben distinta a de 1918, dos procesos de institucionalización e deliberación política. A ferramenta para a atracción de cadros para o galeguismo, había ser a acción divulgadora e culturizadora de Galaxia, que xa non só se limitaría a literatura e as artes plásticas, se non a produción ensaística e científica, con especial énfase nas ciencias sociais, políticas e humanas. Tendo sempre en conta que operaban dende o propio seo da ditadura, no interior, limitados pola represión dun rexime autoritario e violento con calquera idea democrática, republicana e aínda máis federalizante.

E por último a mediados da década dos 60 había de aparecer unha nova estratexia política, preconizada por unha nova xeración influída enormemente polos postulados teóricos do

nacionalismo *organicista e culturalista* da Xeración Nós e en particular de Castelao, e tamén polos principios do marxismo-leninismo que entendían compatibles. A pesar de que no seu seo se poden diferenciar dúas tendencias, unha que había dar lugar a UPG, fundamente marcada pola visión patriótico comunista do maoísmo<sup>138</sup> e a outra influída polas tese do colonialismo interno de A. Memmi<sup>139</sup>, de acordo as cales todo “colonizado” é sometido a presión social da superioridade *etno-cultural* que se atribúe o *colonizador* polo feito de controlar os resortes do poder político. Ambas teses eran compatibles coa teoría da nación organicista proposta pola Xeración Nós, e catalizada por Castelao, e sobre todo eran compatibles coa idea da soberanía entendida como “un todo indiviso e indivisible” que cumpría conquistar para a plena emancipación nacional de Galicia. Isto tiña que articularse a través de partidos de corte marxista que canalizasen e lideraran as necesarias, loita de clases dunha banda, e a loita contra o colonizador (español) pola outra. Non cabía unha transición á democracia, se non era baixo a condición de dotar previamente a “nación galega” dunha total soberanía previa para que fose a nación reificada mesma a que decidise se quería ou non participar do proceso de federación española.

Tres estratexias políticas, dentro das cales só se pode observar continuidades entre a idea de nación no caso do *galeguismo do exilio* e o novo *nacionalismo marxista*. Sendo a estratexia *culturalista* a verdadeira revisión e innovación no seo do nacionalismo galego. Vemos pois como os homes da xeración Galaxia non renuncian como se ten dito a unha estratexia netamente política, se non que articulan unha ben diferente na que previamente habería que aproveitar todas as “xanelas de oportunidade” que se abriran no réxime para aumentar o número de cadros adeptos a causa galeguista, así como proceder a unha inmediata actividade divulgativa de todo aquilo que fose de utilidade para xerar unha crecente demanda na sociedade galega dunhas institucións de seu.

Entrando pois na denominada *política cultural* polo propio Piñeiro podemos distinguir até tres fases sucesivas que se van superpoñendo, e que son conducentes efectivamente a institucionalización de Galicia nunha autonomía que se achegase o máximo posíbel a forma federal. A primeira etapa é a de configuración de novos actores colectivos, encamiñados a

138MÁIZ, Ramón. *Nación de Breogán: oportunidades políticas y estrategias enmarcadoras en el movimiento nacionalista gallego (1886-1996)*. Ed. Centro de Estudios Constitucionales. Madrid. 1996. p. 56

139MEMMI, Albert. *Retrato do Colonizado*. Ed. Laiovento. 2016. Santiago de Compostela

divulgación do pensamento galeguista. Ao abeiro desta fase primordial, temos que abarcar tres ferramentas de enorme utilidade, a primeira delas a *Editorial Galaxia*, empresa impulsada por Xaime Isla Couto coa finalidade editorial, pero tamén coa finalidade organizativa dos poucos cadros que ao galeguismo lle restaban no país, esta sería quen de cumprir a súa faceta editorial ao tempo que libraba non se dificultades a censura e a enorme represión a calquera forma de organización ou mobilización política que tivera lugar durante o Franquismo. A segunda etapa apuntaría ao *recrutamento* de novos cadros para o galeguismo, mozos e mozas afíns a loita pola consecución dunhas institucións galegas que lle servisen a cidadanía como espazo para a deliberación e a democratización política. Estes mozos que Piñeiro e os seus lograrían atraer con éxito ás redes do galeguismo federalista (Carlos Casares, Xosé Luís Franco Grande, Bernardino Graña, Xosé Manuel Beiras, Xosé Luis Méndez Ferrín...) rematarían por ter un papel protagonista na vida literaria e política do país, ou en ambas nos vindeiros anos. Emporiso, tamén é certo que moitos deles situaríanse nunha estratexia alternativa ou mesmo irreconciliable á *piñeirista*, atraídos polo “gran dinamismo”<sup>140</sup> que partidos comunistas e socialistas-marxistas tiñan na España do momento.

Para Piñeiro a política e a cultura non eran nin podían ser hemisferios separados, nin distantes. Para Piñeiro o Estado político, era “unha forma cultural, unha creación da cultura”<sup>141</sup>, pero a matriz creadora desa cultura entendida como as orientacións dos individuos cara a comunidade política e social é a sociedade, e non o poder político. Sería a este respecto moi relevante matizar que a estratexia política de Galaxia non ía encamiñada a describir unha cultura estática ou determinar uns marcos culturais estritamente galegos, dentro dos cales se debía desenvolver a vida social, económica e política. A este respecto tratar de definir eses marcos culturais for a o que pretenderan os homes da Xeración Nós, determinar o que era galego e o que non, o que sería positivo producir culturalmente e o que era preciso desterrar para convertirmos nunha nación política soberana. Por outra banda o que pretenden os *galaxianos* é amosar as semellanzas da cultura galega coa europea, ero tamén en traer a Galicia a través da tradución os produtos culturais que se producían e se consumían for a de

---

140Ramón Piñeiro é consciente da gran atracción que o marxismo exerce sobre os máis mozos nos anos 60 e 70, e sobre todo no tardofranquismo. Ao longo do seu epistolario obsérvase como rexeita o ideal de sociedade e economía planificada que propuña o marxismo incompatible co seu compromiso coa democracia liberal e republicana e o seu ideario fundamente humanista. A este respecto resulta interesantísimo observar o epistolario que mantén con Carlos Casares no final da década dos 60, no que abordan este tema.

141PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no futuro*. Ed. Galaxia. Vigo. 2007. p.110

Galicia. O labor etnográfico, histórico e xeográfico que había parir os mitos fundacionais da nación, e esa lóxica de *disimilarity pattern* (B. Azkin 1964) na que se desenvolve a obra literaria e a estratexia política do galeguismo republicano había quedar a marxe da nova estratexia.

A cultura galega tiña que ser protexida para os homes de Galaxia por seren unha creación do enxeño persoal no seo dunha comunidade social, e en canto a realidade humana debía de ter a protección pertinente, e en segundo lugar por que a cultura “sitúanos no mundo” e vencéllanos con el. “Somos europeos por cultura” habían afirmar con rotundidade, situando ao pobo galego no seo dunha comunidade plurinacional máis ampla como a Europea, na que Galia había de articularse tamén politicamente. Deixábase a un lado o culturalismo romántico, que entendía a cultura como o legado dos devanceiros, que marcaba uns canons “tradicionais” que os homes vivos, os cidadáns estaban obrigados a preservar e a respectar. Adoptábase un novo concepto de cultura, na que non existían límites ao impulso creador do individuo que manifesta a súa existencia no medio da comunidade social a través da cultura. Vemos pois como a pesar da preservación da rede semántico-conceptual do nacionalismo clásico, os *revisionistas* adoptan novos contidos que xa non se axustan a perspectivas deterministas. A sociedade galega da década dos 70 tiña que estar preparada para falar con voz de seu cando chegase a democracia, que para Piñeiro e os seus era un proceso irremediable como xa vimos previamente cando afirmaba que en Galicia habían existir as mesmas correntes políticas que no resto de Europa, e que polo tanto estaríamos ante unha sociedade plural que demandaría un sistema político pluralista, e polo tanto incompatible con sistemas políticos alleos a este pluralismo implícito. Piñeiro de igual xeito incide no seu liberalismo, no sendo de entender a vontade da comunidade política como unha agregación de vontades individuais, e cataliza este enfoque durante os anos da ditadura a través dunha definición de cultura eminentemente liberal de acordo a que é o home en canto a cidadán quen crea a cultura a través da creatividade, que só pode existir se previamente o cidadán é libre. Nunha carta a Álvaro Cunqueiro en 1951, o filósofo aseveraría “no mundo natural o espírito desenvólvese coa liberdade e a independencia propia das leis da razón”, estamos pois ante unha socioloxía eminentemente liberal a hora de comprender ao ser humano, marcada se cadra polas influencias individualistas tributarias da filosofía existencialista e *heideggeriana* que tanto habían marcar ao pensador lancaero. O papel que exerce a razón na obra de Piñeiro é importante, pois definitivamente abandónase o irracionalismo intuicionista e romántico-tardío dos homes de Nós, e vólvese cara un enfoque no

que a razón humana será a fundamentación gnoseolóxica do saber. Aínda así como apunta Carlos Fernández “Ramón Piñeiro, non é un racionalista puro pero está na transición dos pensadores europeos da súa época: Scheler, Sartre, Heidegger...”<sup>142</sup>. O home no pensamento de Piñeiro, realízase cultural, social e politicamente dende a súa dimensión individual, pero nunca arredado da vida comunitaria. O individuo é a raíz creadora na que coexisten de maneira simbiótica singularidade e comunidade, baixo a premisa da liberdade política. Así o cidadán non é un produto da cultura, se non a súa unidade creadora primixenia. Supérase así definitivamente a teoría primordialista da nación, e asúmese a idea de *nación cultural-pluralista* como unha creación da vontade cidadá. Individuo e comunidade representan para Piñeiro dúas dimensións necesarias para a existencia dunha comunidade política galega. Mentres un representa a vocación “creadora”, o cidadán, a outra “ a comunidade na que se integra” representa a vocación conservadora da cultura social.

Mención a parte precisa o caso do idioma no seo da estratexia *político-cultural* pois é o único elemento no pensamento de Ramón Piñeiro que o achega a ese concepto de *etnia tenue* tributario da concepción *etno-culturalista* da nación. Mentres nos aspectos políticos tanto a teoría como a estratexia de Piñeiro xa son plenamente pluralistas, a concepción a redor da lingua aínda se atopa dentro do enfoque previo. Para Piñeiro o idioma é “a verdadeira bandeira nacional”<sup>143</sup>. Se politicamente Piñeiro entendía que o proceso de mobilización política tiña que ser pluralista, e a configuración do novo sistema político debía de partir dunha concepción federalista da soberanía, na cal esta é compartida e non monolítica. Pola contra no plano idiomático Piñeiro amosa aínda un determinismo un tanto ortodoxo que o aproxima as teses da Xeración Nós. Para el o idioma distingue as comunidades nacionais, e por momentos semella parecer que o institúa da capacidade para determinar se unha comunidade social e política é unha nación ou non, a pesar de que o lucense entende que a rede semántico conceptual nacionalista no seu tempo xa se atopa periclitada. Deste xeito o intelectual ergue a preservación e conservación do idioma non só como un dereito político, se non como un “imperativo moral”.

Se os nosos antergos souberon conquistar e transmitirnos a categoría, o rango distintivo de pobo, de unidade cultural peculiar, nós non podemos decaer na degradación moral que sería

---

142FERNÁNDEZ, Carlos. *O vento do espírito*. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro. Ed. Galaxia. Vigo. 2000

143PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no futuro*. Ed. Galaxia. Vigo. 2007. p.111

a perda voluntaria de tal condición. Non podemos nin queremos privar aos nosos fillos da súa máis lexítima liñaxe espiritual. (Piñeiro 1974)<sup>144</sup>

A reivindicación idiomática pois, é un *continuuus* común e permanente na totalidade das expresións políticas e teóricas do nacionalismo galego, atópense estas máis próximas dun enfoque organicista ou dun pluralista. Piñeiro polo tanto neste sentido enmarcase totalmente na tradición da súa familia política, e é polo tanto coherente tanto cos seus predecesores, como cos diversos enfoques que habían adoptar os seus continuadores na reivindicación de maiores cotas de presenza para a lingua galega e a súa equiparación legal co castelán en Galicia.

Antes de finalizar este apartado sería interesante observar a evolución do pensamento e a estratexia política que comeza a configurarse na xeración Galaxia e en Piñeiro na etapa do tardo-franquismo, na cal comezan a acentuarse os aspectos máis estratéxicos do seu pensamento político e a atepedarse os debates ontolóxicos acerca de Galicia e os galegos. Será neste período no que se enmarca a publicación de *Olladas no Futuro* (1974), un texto moito máis político que o anterior *Para unha filosofía da saudade* (1953), este viría a ser completado posteriormente cun ensaio de carácter sociolóxico titulado *Saudade e Sociedade* (1975) no que o autor introduce brevemente algúns rasgos do seu pensamento político e económico. Vemos pois como o devalo do Franquismo había ir acentuando canto de político había na estratexia da *política cultural*. A estratexia enmarcadora do Piñeirismo vira instruída por unha serie de principios que logo habían condicionar os resultados finais e determinar as relacións entre os actores que participarían a partir de 1978 no proceso de institucionalización da autonomía galega, estes son: un enfoque pluralista na concepción da estratexia mobilizadora do nacionalismo, en segundo lugar unha estratexia encamiñada a aproveitar todas as estruturas de oportunidade motivadas ou espontaneas que se presentaran para acelerar e consolidar o proceso de institucionalización da autonomía, en terceiro lugar un rexeitamento directo do franquismo e de canto este representaba, ao tempo que se era crítico co enfoque marxista que estaba comezando a aparecer nos grupúsculos xuvenís do galeguismo, pois entendíase que a estratexia mobilizadora non podería quedar circunspecta a el. E por último o fomento do relevo xeracional no seo do galeguismo que había vir marcado pola plena incorporación dunha nova xeración a política, que complementara a acción cultural do galeguismo coa loita política.

---

144 *Ibidem*. p.113

## O PENSAMENTO ECONÓMICO

Non se pode acadar a comprender o pensamento político de Ramón Piñeiro, e con el o do seu círculo próximo, a coñecida como xeración Galaxia, se antes non facemos un achegamento a xa enunciada motivación que estes intelectuais sentían cara o eido das Ciencias Sociais e en particular a Economía. Piñeiro entendía que o novo galeguismo non podía enfocar só os seus ollos cara as disciplinas máis antropolóxicas, enfocadas só a describir formalmente as características etnográficas e culturais do pobo galego, tampouco podía quedar o nacionalismo galego circunscrito a facer un exercicio de teoría política tratando de definir o que era Galicia, e cal era a súa teoría da nación conducente ao exercicio práctico da política no país, e porsuposto non podía o galeguismo ficar nun movemento literario que se adicase a produción bibliográfica. Neste sentido era preciso articular un pensamento económico galego, froito do estudo e análise da realidade económico-estrutural da Galicia do momento, en verbas do propio Piñeiro:

La investigación económica es, como hemos visto, una actividad cultural específica. Precisamente por eso, no es en modo alguno incompatible con cualquier otro tipo de actividad cultural. Celebramos y deseamos que los poetas y los artistas, los historiadores y los etnólogos desplieguen toda la capacidad creadora del espíritu gallego en cada una de sus ramas culturales respectivas. Lejos de combatirlos, nuestro deber auténtico es imitarlos. Si la investigación de nuestra realidad económica es una tarea cultural casi intacta, la culpa no es de los poetas, de los artistas, de los historiadores o de los etnólogos, que no son los llamados a hacerla. En cambio, con su ejemplo activo nos señalan el camino recto para conseguirlo: trabajar seriamente en la obra.<sup>145</sup> (Piñeiro 1958)

De xeito innovador, Piñeiro amosa un motivador interese polo estudo da economía, e esa mesma arela sería se cadra compartida por toda a xeración de Piñeiro, o propio Xaime Isla, recoñecería que a pesar dun inicial interese pola filosofía, había conducir as súas motivacións

---

<sup>145</sup>“Economía y cultura”, Revista de Economía de Galicia, 1, xaneiro-febreiro, 1958, p. 3.

académicas ao eido da Economía<sup>146</sup> motivado polos compañeiros máis avezados da súa xeración, pois entendían que o movemento nacionalista precisaba de economista que abordaran unha correcta lectura da situación estrutural do país na altura. O certo é que Piñeiro aventúrase a facer unha serie de análises que habían de resultar claves para reler o nacionalismo dende un certo punto de vista racional e científico e distanciarse do determinismo biolóxico que o viña motivando. Se cadra a gran tarefa histórica de Piñeiro como teórico consistiu como xa dixemos en desacralizar o nacionalismo, e convertelo nunha política en certo modo científica e que partira da lectura sociolóxica, económica e politolóxica da realidade galega. Non se trata xa de remarcar aqueles elementos biolóxicos e étnicos que diferencian aos galegos do resto de pobos de Europa, se non de analizar as causas do noso *atraso económico* para superalas, e encardinarnos definitivamente ao desenvolvemento económico e benestar solidario dos pobos de Europa.

Para Ramón Piñeiro era tremendamente necesario o desenvolvemento do pensamento científico nos seguintes campos: en primeiro lugar un *pensamento filosófico rigoroso*, “estimulado pola fasquía espiritual da nosa época”<sup>147</sup>, en segundo lugar un pensamento tamén *teolóxico* dirixido á “sensibilización da conciencia relixiosa galega”, en terceiro lugar un pensamento xurídico “intérprete da intensa e complexa vida xurídica galega” e no ámbito das Ciencias Sociais Piñeiro, enuncia a necesidade dun pensamento *sociolóxico* “esixido agudamente polo noso tempo, e tamén un pensamento *económico* “no senso de dar unha explicación dos nosos problemas e de fundamentar a planificación racional da súa solución.”<sup>148</sup> Vemos pois que a motivación piñeirista atende dun xeito moi directo a necesidade que teñen os nacionalistas por dar unha lectura a todos os problemas sociais, dende unha lóxica científica. Particularmente Piñeiro, había adicar o groso da súa obra, a tratar de artellar un pensamento *político* non sistemático, e espaxado ao longo da súa produción ensaística, e só se limitaría a enunciar brevísimamente algunhas lecturas e análises reducidos, da realidade económica e sociolóxica de Galicia. Veremos a par que os mesmos principios que logo desenvolveremos en canto ao pensamento político do intelectual lucense: liberalismo, comunitarismo e humanismo, están presentes no seu enfoque económico. Piñeiro desenvolve a súa teoría política e

---

146 [Historias da Vida - Xaime Isla Couto - YouTube](#) min. 2:07

147 Os intelectuais da xeración Galaxia, (Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, Carballo Rof ou Domingo García Sabell) atopábanse fundamente influenciados polos pensadores “existencialistas” (particularmente Heidegger e Sartre) hexemónicos na filosofía e hermenéutica do seu tempo.

148 PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no futuro*. Ed. Galaxia. Vigo. 2007. pp. 257-258.

económica nun momento de “enorme dinamismo” das teses marxistas, e aínda así el parte dunha concepción moi crítica co marxismo, no económico e no político. A este respecto resulta clarificador o artigo de natureza sociolóxica que incorpora ao súa obra ensaística *Olladas no Futuro* baixo o título “As clases sociais en Galicia”, na que afirma rotundamente que os esquemas de análise marxistas non se adaptan a realidade socioeconómica de Galicia, pois entende que a “clasificación *burguesía-proletariado*” non se adapta para un país no que a industrialización aínda estaba comezando a alborear de modo extremadamente tardío, polo tanto os esquemas de clase marxistas aplicados a países “de vida económica fundamentalmente campesiña e rural” resultaría “vago e inexpresivo”. Así el é consciente na altura de 1959 de que a pesar disto estas teses ían ter grande éxito entre as novas formas políticas que acompañarían o tardofranquismo, e así deixa constancia de:

En Galicia como en todas partes, a opinión común é profundamente mimética. Se as teorías *sociolóxicas* en boga descompoñen a estrutura social en dúas clases fundamentais (burguesía e proletariado) e explican a vida política pola contraposición económica das mesmas, o mimetismo galaico levará a moitos fillos deste país a aceptalas de plano e a defendelas con ardor talmente coma se reflectisen a realidade social de Galicia. Cando este mimetismo leva consigo a adhesión a concepcións políticas de carácter xeral e baseadas nesa contraposición clasista, a realidade galega conta pouco en si mesma, pois será estimada unicamente en función do que poida aportar ao desenvolvemento desa loita xeral.<sup>149</sup> (Piñeiro 1959)

Piñeiro había propoñer outra contraposición social, máis concordante co seu corpus ideolóxico baseada no “dualismo *campo-cidade*”, a partir deste novo cleavage territorial, e non de clase tratará de formular dun xeito non sistemático e aínda menos academicista cales son as causas do atraso económico galego, e como consecuencia deste tratará de explicar as consecuencias no seo dunha sociedade que no seu tempo está en plena transformación, dende un sistema patriarcal de subsistencia agrícola, a unha economía cada vez máis urbana. Este proceso de urbanización socioeconómico entrañaba o risco dun consecuente proceso de abandono da lingua e cultura galega, que segue a ser en boa medida a argamasa da cohesión social de Galicia, na ontoloxía económica piñeirista. A cultura como valor e posibilidade para un desenvolvemento económico que cohesione Galicia, e non que a atomice e a disolva

---

149PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no futuro*. Ed. Galaxia. Vigo. 2007. pp. 167-168.

culturalmente, quizais este sexa o fin último da súa teoría económica: evitar as consecuencias nocivas e límites que podería ter un desenvolvemento económico capitalista sobre a cultura e a sociedade galega. Así un Piñeiro que pon a súa ollada no futuro, afirma: “Non sabemos o que será. Só sabemos que, en gran medida, dependerá da Galicia urbana que esa Galicia nova sexa unha cousa ou outra. De aí a importancia radical de mentalidade urbana, no pasado alienada e actualmente en proceso de recuperación gracias á batalla cultural da lingua”<sup>150</sup>, vemos como o proceso de cambio estrutural na economía galega e tamén a mobilidade do campo cara a cidade esperta o interese científico do intelectual lucense, que trata de analizar precisamente as causas do atraso económico do país, até a data para poder solucionarlas e non voltar a incorrer nelas, en pleno proceso de reformulación demográfica e económica da sociedade galega. Piñeiro tentará aportar unha serie de causas ou razóns para comprender este atraso económico dende unha perspectiva non determinista encamiñada a un análise humanista que tome en consideración as peculiaridades da sociedade galega.

Piñeiro sitúa as causas do subdesenvolvemento económico de Galicia en col de dúas razóns fundamentais que teremos oportunidade de degrassar, para posteriormente tratar tamén de comprender as solucións políticas que propón: en primeiro lugar apunta que Galicia non ten un problema de riqueza material, polo tanto Galicia non é un país pobre se non subdesenvolvido. Así a primeira causa do atraso económico sería a *falta dunha economía política propia* consecuencia da tradicional política centralista dos Gobernos españois, a falta dunha planificación axeitada dos recursos da economía galega, e do incentivo público para o desenvolvemento producira un estancamento secular que arrastráramos e que nos encadeou a unha economía agraria e pesqueira precapitalista e non industrializada, incapacitada para xerar desenvolvemento económico. Por outra banda, e quizais a máis anovadora, Piñeiro bota a culpa enriba e afirma que a segunda das razóns do atraso económico galego estaría na falta de enerxías sociais de seu por parte do pobo galego, encamiñadas a acadar un desenvolvemento económico máis que necesario.

Recoñezamos que o atraso económico de Galicia débese, máis que ao Estado español, á carencia de *enerxías sociais propias*. A emigración non é, desde o punto de vista que agora

---

150PASTORIZA, Xosé Luís. *Galeguismo, Humanismo e Desenvolvemento. O pensamento militante de Xaime Isla Couto. (Ontoloxía da resistencia económica: Ramón Piñeiro)*. Tese de doutoramento en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela. 2022. p. 429.

seguimos, nin máis nin menos que unha sangría fomentadora de tal *anemia*.<sup>151</sup> (Piñeiro 1956)

Vemos como a análise económico de Piñeiro desacópase parcialmente do dos seus antecesores, e afortala a idea de carencia de enerxías sociais para artellar unha economía competitiva e do benestar en Galicia. Lonxe de glorificar a figura do emigrante como era tradicional nos seus precursores, Piñeiro tórnase eminentemente crítico, e atribúe a causas psico-sociais o masivo fenómeno da emigración en Galicia, pois para Piñeiro o emigrante “non vai simplemente “a gañar a vida”. Vai decidido a algo moito máis radical: a librar a súa batalla, a conquistar o pleno despregue da súa personalidade, a vivir intensamente a grave aventura do triunfo ou o fracaso persoal. Máis que a “gaña a vida”, ao que el verdadeiramente vai, é a gañar a “personalidade”, apunta pois a unha causa que denomina como “anemia social” vencellada a un problema de auto-estima. Precisamente aquí xorde a solución que Piñeiro articula ao longo de toda a súa obra ensaística: a articulación dunha política galega encamiñada a dous fins, en primeiro lugar a planificación e estímulo da economía produtiva galega por unha banda, e pola outra a revalorización dese concepto de cultura amplo e sociolóxico que manexa Piñeiro, “Cando o campesiño saiba que a súa cultura é algo valioso, algo apreciado, algo que prestixia ao pobo que a creou e a conserva, daquela abrírase ante el un novo e ancho horizonte espiritual non que a solidariedade ten cabida. A conciencia de posuír en común daralle o hábito de sentir, de confiar, de querer e de loitar en común”<sup>152</sup>, deste xeito formula a revalorización da cultura social galega dende o plano institucional e o autogoberno como a forma natural de fomentar o desenvolvemento social e económico. Vemos pois que Piñeiro asume dende unha perspectiva netamente humanista, a superación do individualismo característico da ontoloxía galega, por medio dun comunismo social que será vertebrador de todo o seu pensamento político.

Contrariamente as teses clásicas do nacionalismo galego que circunscribían o atraso económico do país na primeira metade do século XXI ao centralismo, tradición que logo había continuar o nacionalismo marxista, especialmente logo da publicación do *Atraso económico de Galicia* 1972 da autoría de Xosé Manuel Beiras, baseando as razóns do subdesenvolvemento no *colonialismo de interior*. Para Piñeiro as causas do subdesenvolvemento non son sómente

---

151 PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no futuro*. Ed. Galaxia. Vigo. 2007. p. 99.

152 *Ibidem*. pp. 105-106

externas, se non que tamén teñen a súa xénese no propio corpo social do país, e só se poderán resolver a partir da revolución “psicosocial” que o intelectual propón, e que ten necesariamente que vir acompañada dun proceso de institucionalización política que veña a poñer fin e solución aos problemas internos e externos, causa do noso subdesenvolvemento. Unha vez máis vemos que o dualismo en Piñeiro, e a contraposición *españolismo-nacionalismo* non serve para articular un galeguismo para o futuro.

Sen ánimo de prolongar este análise do pensamento económico do lancarao, abordaremos finalmente o seu análise arredor do crecente, aínda que limitado, proceso de industrialización que a Galicia daqueles anos comezaba a experimentar. Piñeiro amósase excéptico co que el denomina como “corrente industrialista”, pois afirma rotundamente que o novo optimismo que está a xurdir na sociedade e na intelectualidade galega, cara un proceso de industrialización rápido, pode traer unha serie de problemas aparelados. Para Piñeiro a industrialización só pode ser útil se esta supón “a elevación do nivel de vida do noso pobo”. Para este obxectivo Piñeiro apunta unha serie de transformacións previas que o sitúan nunha posición antagónica co clásico tradicionalismo economicista que Risco teoriza no seu *El Problema Político de Galicia*, e porsuposto tamén alternativas á planificación central que logo habían propoñer os nacionalistas marxistas. Para Piñeiro o primeiro paso sería transformar a estrutura administrativa do país, dándolle a súa base primaria sobre as comarcas naturais, en segundo lugar había de producirse unha innovación técnica conducente a introducir no país centros de estudo e investigación nos eidos da edafoloxía, a investigación xenética vexetal e animal, o estudo das ciencias agrícolas e gandeiras, conducente todo isto a súa aplicación no desenvolvemento da gandaría e a agricultura intensiva e mecanizada, en terceiro lugar apunta a unha serie de transformacións de natureza xurídica, encamiñadas a concentración da propiedade, unificación de áreas de cultivo de amplitude suficiente para o traballo mecanizado, todo acompañado dunha lexislación axeitada para o aproveitamento óptimo dos montes, cursos fluviais, acuíferos...; e por último apunta a unha serie de solucións netamente económicas encamiñadas a prover a sociedade de crédito agrícola, facilidades para o cooperativismo e o fomento dunha industrialización produtiva. Vemos como para Piñeiro, é fundamental situar ao principal sector económico do seu tempo no que preto do 70 por cento da poboación vive do campo, no século XXI. Se en boa parte da teoría económica do vello nacionalismo atopamos formulacións tradicionalistas, no novo enfoque de Piñeiro, atopámonos con un evidente progresismo agrario,

encamiñado ao pleno desenvolvemento económico que viría acompañado dunha previa etapa de transformación e institucionalización política.<sup>153</sup>

Podemos concluír este apartado do traballo, afirmando que as teses centrais do pensamento económico e sociolóxico de Ramón Piñeiro, están instruídas polos principios que articulan todo o seu pensamento político. Partindo dunha concepción humanista e non deterministas da sociedade, un liberalismo político pluralista incuestionable e un comunitarismo no senso de entender a comunidade social e política como un espazo para a realización da personalidade e o benestar dos cidadáns. Piñeiro articularía un couto pensamento económico, do que logo partirían outros análises como o *rexionalismo económico* de Xaime Isla Couto<sup>154</sup>, ou mesmo sentaría os cimentos e as motivacións para os estudos de Xosé Manuel Beiras na materia. Vemos unha vez máis que será a vocación de pensador, fai de Piñeiro un intelectual multidisciplinar, difícil de reter dentro dos lindeiros do estudo politolóxico, pero que en definitiva sempre acaba levando a idea de configurar e Galicia, unha política de seu.

## O PENSAMENTO POLÍTICO DE RAMÓN PIÑEIRO

Pola natureza deste traballo entendín pertinente concluír o noso estudo atinxindo o pensamento político do intelectual lucense, centrareime nesta última etapa da nosa investigación no pensamento político do pensador de Láncara. Atenderemos con especial énfase a aqueles elementos que veñen a definir o seu pensamento político que en todo caso está asociado a teoría da nación que sostén ao longo da súa obra e que xa tivemos oportunidade de atinxir no segundo capítulo desta investigación. Diciamos que en Piñeiro están os fundamentos para a articulación dunha teoría *pluralista* de nación, emporiso o pensador non renuncia a algúns rasgos da teoría da nación hexemónica no percurso do nacionalismo, e adopta unha visión

---

153Piñeiro enuncia en *Olladas no Futuro*, pp. 187-188, as principais transformacións que deberan acometerse para acadar un pleno desenvolvemento económico.

154PASTORIZA, Xosé Luís. *Galeguismo, Humanismo e Desenvolvemento. O pensamento militante de Xaime Isla Couto. (O rexionalismo económico como estratexia de resistencia político-económica: Xaime Isla )*. Tese de doutoramento en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela. 2022. p. 444-466.

*culturalista* especialmente a redor da lingua. Deste xeito resulta de especial interese abordar se en Piñeiro se dá tamén unha mudanza en canto as liñas clásicas do pensamento político tradicionalmente galeguista, e iso tratarei de facer ao longo deste capítulo.

Dende o seu orixe no galeguismo, houbo unha certa tendencia ao pluralismo ideolóxico que logo a historiografía ten determinado como un certo *dualismo* en canto ao cleavage esquerda-dereita. Se é certo que inicialmente o *inicial galeguismo pre-nacionalista*<sup>155</sup> que podemos encadrar entre 1940 e 1915, xorde dos sectores máis progresistas da esquerda liberal, isto contraponse a tradición occidental europea onde habitualmente as reivindicacións territoriais xorden dos sectores máis conservadores comprometidos coas tradicións locais. Deste xeito o galeguismo xorde na súa etapa *provincialista* inicial, connotado á esquerda e en fulcral oposición a división de Galicia en catro provincias, todo isto ven acompañado dun relevante rexurdimento literario e un proceso de reconstrución da Historia de Galicia. Sen ánimo de prodigarnos no análise histórico do galeguismo, que non é o obxecto deste estudo, centrarémonos nas *dualidades* ideolóxicas e as fracturas que determinan a aparición de distintas correntes teórico-ideolóxicas no galeguismo. A primeira delas dáse cando a mediados do século XIX se produce un achegamento ao galeguismo dalgúns cadros connotados cun certo *filotradicionalismo*, como o editor lucense Soto Freire, ou o Ourenán Saco e Arce, tendencia esta, a máis conservadora que había gozar dun certo protagonismo na etapa *rexionalista*, e que en boa medida viña sendo marxinal na previa *provincialista*. O rexionalismo que podemos enmarcar a partir de 1874 data até a que prevalece unha completa hexemonía dos posicionamentos progresistas e democratizadores no galeguismo, caracterizaríase por un nivel de pluralismo político para nada desprezable que aportaría até tres grandes correntes de pensamento asociadas á idea de Galicia que defendían. Nesta etapa que podemos enmarcar entre 1874 e 1915, atopamos tres grandes correntes de pensamento que abordaremos moi brevemente. En primeiro lugar atenderemos a dualidade que se establece con especial énfase por parte da academia que ten abordado estes temas, e é a que enfronta ao tradicionalismo de Alfredo Brañas co liberalismo de Manuel Murguía.

Dunha banda o primeiro tradicionalismo galeguista habíase caracterizar polo seu posicionamento católico integrista, e un discurso enfocado a reivindicación dun pasado glorioso

---

155BERAMENDI, NÚÑEZ SEIXAS. *O nacionalismo galego*. Ed. A Nosa Terra. Santiago de Compostela. pp. 18-75.

a recuperar, por veces os seareiros desta tradición habían aproximarse ao neocarlismo e a reivindicación das “antigas liberdades” asociadas ao vello rexime. “Cuando la sociedad se aparta del cristianismo, las naciones se debilitan”<sup>156</sup>, baixo esta premisa o organicismo característico de boa parte da tradición galeguista, esténdese non só a teoría política da nación, se non a propia teoría social, entendendo a estrutura social dunha forma orgánica que o poder político debería de preservar. Como consecuencia disto dáse unha refutación frontal do sistema liberal e dos procesos democratizadores, rexeitando a partes iguais a orde económica capitalista que comezaba a enxergar en Galicia, pero tamén os mecanismos liberais de representación. En brañas está pois un rexeitamento aberto do parlamentarismo liberal, das eleccións non corporativas e dos partidos políticos. En troques atopámonos cun teórico que reivindicará abertamente unha democracia corporativa, baseada na articulación política a través dunha monarquía federativa<sup>157</sup>, en canto ao ámbito da economía a solución pasaría por un retorno ao gremialismo pre-moderno e a unha harmoniosa propiedade da terra na que señores e labregos habían convivir evitando o previsible proceso de industrialismo que remataría inexorablemente na revolución social, que os tradicionalistas temían e pretendían evitar.

Po outra banda tradicionalmente amosado como o antagonista histórico de Brañas, adoita a propoñerse o pensamento liberal de Murguía, no que con total asertividade comeza a articularse unha teoría política de nación orgánico-histórica da que como xa vimos sería tributario o pensamento nacionalista a partir de 1915. Unha mocidade connotada con principios demócrata-progresistas<sup>158</sup>, viría sucedida por un período de madurez persoal e intelectual connotado cara principios liberais máis moderados, que se habían expresar nunha crecente simpatía cara a monarquía afonsina (a pesar das iniciais críticas ao réxime) e tamén na súa confrontación intransixente co galeguismo republicano e federalista, paralela a coñecida confrontación cos tradicionalistas. Poderíamos determinar pois que Murguía é un pensador liberal, plenamente identificado, especialmente na etapa de madurez, co ideosistema da restauración, pero crítico co modelo territorial e partidario de maior autonomía para a nacionalidade galega. A adicación e protagonismo que na súa obra ten a descrición ontolóxica de Galicia, nubra o seu pensamento político, que non obstante, e en contraste ao dos tradicionalistas é partidario dun desenvolvemento sociopolítico e económico que pase polo

---

156MÁIZ, Ramon. *O ideario do rexionalismo. Católico-tradicionalista*. Ed. Galaxia. Vigo. 1983. p.149.

157BERAMENDI, NÚÑEZ SEIXAS. *O nacionalismo galego*. Ed. A Nosa Terra. Santiago de Compostela. pp. 50.

158*Ibidem*. p. 55

capitalismo e a substitución total do vello orde e as institucións arcaicas, que fican só na afirmación histórica de Galicia como nacionalidade.

Para rematar de describir as diferentes correntes, atenderemos agora a outra terceira que tradicionalmente tense tendido a marxinar desa dualidade historiograficamente establecida entre liberais e tradicionalistas. O galeguismo republicano na etapa rexionalista ou *federorrexionalismo* é sen lugar a dúbidas a proposta máis avanzada en canto a estratexia política que debería desempregar o galeguismo. Nela obsérvanse catro grandes rasgos que a vertebran e que podemos observar se atendemos aos textos e discursos dos seus representantes, Aureliano Pereira ou Mirabell Maristany. A primeira gran característica dos *federorrexionalistas* é a consideración difusa de Galicia como nacionalidade, que se da a partir dun proceso de “enchemento do corpus ideolóxico federal de contido orgánico galeguista”<sup>159</sup>, a segunda característica deste corpus ideolóxico do que Aureliano Pereira é o máis eminente representante sería o radicalismo democrático, partidario dunha orde política republicana, o sufraxio universal masculino e a superación definitiva do vello orde, condensada nun radical anti-clericalismo. A terceira das características desta corrente federalista sería a estratexia de mobilización política que debe pasar pola implicación no movemento político federalista, feito que o propio Pereira acomete coa súa militancia no Partido Republicano Democrático Federal e na Asociación Rexionalista Galega ao mesmo tempo, o seu compromiso coa política activa, baixo a premisa de “máis política” característica de todos os movementos federais, será un signo clave e identificativo dun movemento aínda máis centrado na descripción ontolóxica de Galicia, que na acción política e militante. Por último outro dos rasgos desta corrente é o seu pretendido interese por acadar en Galicia unha hexemonía rexionalista sobre o conxunto da poboación galega, rasgo este último onde atopamos similitudes enormes coa idea de Piñeiro de que o galeguismo contemporáneo a el debería “abranguer a toda a Galicia democrática”<sup>160</sup>. Do mesmo xeito Pereira apela a que o galeguismo “no se limite a ser un partido de catedráticos y oradores, de poetas y periodistas: es necesario que encarne al pueblo...”<sup>161</sup>, así hai un contraste evidente entre as teses do “agrarismo populista” de Pereira e o discurso tradicionalista de Brañas dirixido en canto a súa estratexia mobilizadora as elites sociais fidalgas e clericais.

---

159MÁIZ, Ramón. *A idea de Nación*. Ed. Galaxia. Vigo. 1997. pp 238-239.

160Piñeiro apela neste sentido a unha concepción hexemónica do galeguismo nunha carta que escribe a Marino Dónega en decembro de 1976. Arquivo da Fundación Penzol.

161MÁIZ, Ramón. *A idea de Nación*. Ed. Galaxia. Vigo. 1997. p. 258.

A partir de 1915, e máis nidiamente a partir da I Asemblea Nacionalista en Monforte, comeza unha nova etapa que había rematar en 1950 co falecemento de Castelao, a fundación da editorial Galaxia, e a constatación da imposibilidade de reorganizar dunha forma efectiva o Partido Galeguista no interior. Esta etapa é a que historiadores e politicólogos veñen chamando como “nacionalista”, e que o propio Piñeiro incide en cualificar deste xeito, determinando que con ela remataba o tempo histórico para artellar unha estratexia nacionalista conducente ao artellamento dun estado propio para a nación galega, e comezaba o tempo do federalismo europeo. Emporiso esta etapa non virá marcada polo uniformismo ideolóxico e existirá como cabería agardar nunha etapa de gran frenesí político unha implicación directa de diversos grupos e correntes na loita a prol do Estatuto de autonomía, sen lugar a dúbidas a gran reivindicación do galeguismo neste período. Podemos distinguir a grandes rasgos dúas grandes correntes de pensamento, que unha vez máis veñen definidas polo tradicional dualismo entre os máis progresistas-republicanos e os máis conservadores-católicos no seo do movemento galeguista. Ambas correntes, iso si comparten unha idea orgánico-culturalista de nación, fundamentada nas teses previas de Murguía e reafirmadas na *Teoría do nacionalismo galego* por Vicente Risco, que irradiarán mesturadas con distintos posicionamentos político-económicos a todo o galeguismo até o emerxer das teses Piñeiristas. No eido d galeguismo nacionalista progresista e republicano podemos distinguir senlleiros nomes coma Alexandre Bóveda, Suárez Picallo, Antón Vilar Ponte, Lois Peña Novo ou o propio Castelao que había ser elevado polo posterior nacionalismo marxista a categoría de *pai da patria* debido en boa medida ao seu liderado carismático, a súa obra artística e ensaística, e tamén á disputa estratéxica que mantería co galeguismo do interior a cerca da pertinencia de aproveitar as novas estruturas de oportunidade que o escenario de post-guerra mundial ofrecía para que o galeguismo recuperase a reivindicación democratizadora e autonomista, aínda deixando atrás a legalidade republicana, posición a que Castelao e o galeguismo do exilio se opoñían fulcralmente. Por outra banda o galeguismo conservador había ter os seus representantes nas figuras de Otero Pedrayo defensor da vella estrutura social decimonónica na que a fidalguía tiña un papel preeminente, católico militante e liberal-conservador en canto a súa concepción da república; Xosé Filgueira Valverde, mozo conservador politicamente moi activo no seo das Mocidades Galeguista e o Seminario de Estudos Galegos, cun papel protagonista na excisión da Dereita Galeguista en maio de 1935 e posteriormente adepto ao réxime franquista ocupando algunhas responsabilidades como a Alcaldía de Pontevedra, outro representante desta corrente había ser Antón Losada Diéguez, recoñecido como “guieiro” ou mestre por parte dos homes da xeración

Nós, declarado seguidor das teses de Brañas, o seu temperán pasamento había imposibilitar que tivera un papel relevante durante a República, e por último e sen ánimo de prolongar esta contextualización temos a obriga de citar ao recoñecido como teórico do nacionalismo galego, Vicente Risco, que proporía unha concepción organicista e bioloxista da nacionalidade galega, da que atoparíamos resaibos á esquerda e a dereita, e mesmo catalizada a través do *Sempre en Galiza* chegaría en boa medida intacta aos posicionamentos do novo nacionalismo marxista dos anos 60, reinterpretada a luz do marxismo, pero igualmente historicista, primordialista e determinista.

É precisamente coa Guerra Civil e posterior Guerra Mundial que o galeguismo do interior toma conciencia do novo escenario de crise política que experimenta Europa, e algúns coma Piñeiro replantéxanse o ideario do galeguismo a luz do federalismo. Nesta nova concepción temos que enmarcar ao noso pensador.

A crise das vellas fórmulas trae consigo a crise dos seus instrumentos de acción. Tódolos instrumentos de acción política quedaron necesariamente anticuados. De aí o excepticismo voso fronte a política. (...) Pro iso non quere dicir que vaiades permanecer alleos á marcha dos problemas. Sería un caso de covardía colectiva. (...) Ora, cada época, cada situación histórica ten unha política propia, uns medios de acción peculiares, axeitados a realidade evolutiva...(…) Estamos nunha época de transición histórica, na que as vellas formas e xeitos perden virtualidade e aínda non se configuran os xeitos e fórmulas novas.<sup>162</sup> (Piñeiro 1962)

Partindo pois deste agoiro, no que a situación para a praxe política non era propicia, Piñeiro tentará reorientar a teoría e a estratexia política do galeguismo a través da estratexia da *política cultural* que xa tivemos oportunidade de desenvolver brevemente. Non obstante o que nos interesa neste análise final é tratar de definir os rasgos ideolóxicos que definen o seu pensamento político, e para iso atenderemos a tres grandes elementos, o federalismo europeo, o humanismo comunitarista laico e democratismo liberal. En primeiro lugar o federalismo é o trazo máis característico da proposta ideolóxica de Piñeiro, este elemento cumpre unha función dupla na súa teorización política. Dunha banda é un elemento que responde ao seu agoiro

---

<sup>162</sup>Carta de Ramón Piñeiro a Xan López Facal, remitida dende Compostela o 7 de decembro de 1962.

persoal fronte a unha estrutura política , a dos Estado-nación que entende superados, e pola outra é unha resposta concibida dende o gradualismo e pragmatismo do seu pensamento político, unha etapa de inicial federalización do Estado español, sería conducente a o obxectivo final do intelectual galeguista a federación de todos os pobos europeos.

Non hai dúbida de que o vello nacionalismo europeo, responsable de tantas e tan tremendas guerras, está en crise. O concepto tradicional de Estado nacional soberano non responde ás esixencias da realidade histórica actual de Europa. (...) Europa só pode salvarse e afirmar a súa presenza e influencia a través da súa unión. O dilema actual dos europeos é este: ou unirse en comunidade operante a escala mundial ou someterse a algún dos grandes bloques que gobernan a marcha do mundo. En canto galegos, esta situación é moito máis esperanzadora que a anterior. O problema da nova Europa consiste nisto: acadar a súa unidade conservando a súa diversidade, a súa riqueza interna. (...) E se Europa a nova, a de mañá, se artella a través do *federalismo político*, esta mesma forma servirá para todo o ámbito europeo, alí onde existan problemas de diversidade real. Se pensamos en nós mesmos temos que facer este razoamento: nós somos galegos por natureza, españois pola historia i europeos pola cultura<sup>163</sup>. Temos problemas en común con tódolos galegos, españois, europeos. Non temos por que renunciar a ningunha das tres, posto que as tres nos pertencen. Temos iso si, que procurar defender aquela forma que mellor nos permita desenvolver esas tres dimensións que nos constitúen. Está ben visto que a vella fórmula do Estado nacional soberano non servía, porque lonxe de facilitar ese desenvolvemento natural, mais ben o tollía e coutaba. A formula mellor é, como vimos de ver, o europeísmo *federal*.<sup>164</sup> (Piñeiro 1962)

Innumerables son as referencias en toda a obra de Piñeiro a un federalismo europeo e español, non de forma instrumental, se non como unha finalidade última que inicie unha nova cultura política baseada na demolición da concepción monolítica de soberanía, que segundo Piñeiro tornárase en contra da diversidade das sociedades contemporáneas e dos dereitos e liberdades dos cidadáns, e tamén que artellara o poder político a partir dun federalismo multinivel que servise para artellar federalmente as diversas comunidades políticas integrantes de España e estas a súa vez se incardinaran nun proceso de integración federal europea. Se cadra da

---

163Apelación a idea tradicional de identidades nacionais e espaciais múltiples e superpostas, elemento que si é posible nunha concepción política federal de nación.

164Carta a Xan López Facal do 7 de decembro de 1962. Arquivo da Fundación Penzol.

lectura repousada deste fragmento e moitos outros que a eito proliferan na súa obra ensaística e epistolar, podemos ver que Piñeiro tamén ve no federalismo a garantía para a preservación da democracia liberal e a diversidade cultural implícita das sociedades europeas. No primeiro elemento vertebral da ideoloxía de Piñeiro observamos as conexións do seu pensamento e estratexia política co do primeiro *federorrexionalismo* que xa na altura se propón a articulación do Estado baixo as premisas do federalismo, aínda que o seu acendrado *eupeismo* vai moito máis alá por mor das circunstancias históricas.

Se atendemos agora ao humanismo comunitarista de Piñeiro debemos de partir dos textos de Piñeiro nos que “con absoluta claridade queda claro que o filósofo facía do home centro e causa da súa preocupación”<sup>165</sup>, a influencia de filósofos existencialistas como Heidegger ou Sartre, así como a súa “ontoloxía do home” onde a partir do desenvolvemento do concepto “ser do home” describe como só a través de vínculos culturais, políticos e económicos se pode superar o individualismo particularista do individuo, converténdose en cidadán dunha comunidade política, serán claves para a configuración dun pensamento político dificilmente sistematizable onde a partir dunha inicial concepción individual, preténdese a superación desta a través dunha certa proposta “comunitarista” que Piñeiro condensa na idea de Cultura común dos galegos: “a cultura, ven ser a gran loita por adecuar a percepción íntima e a realidade exterior do mundo humano”<sup>166</sup>. Así atopamos unha síntese no seu pensamento de elementos provintes do humanismo cristián, do liberalismo político e do socialismo democrático. A reivindicación unánime das liberdades políticas, a dignidade humana e a igualdade económica no mesmo corpus ideolóxico. O carácter pretendidamente humanista do galeguismo *revisionista* de Piñeiro e do grupo Galaxia fai que articule o concepto de nación en col da lingua, produción humana, e non en canto a elementos que transcenden a propia condición humana como a vontade nacional ou a historia, e polo tanto a nación unha construción humana, que se cohesiona a través da lingua e da cultura,

Ora o home é un ser social, de aí que a forma natural de auto-realización sexan esas unidades de convivencia que chamamos pobos. “O pobo” “é a unidade natural de convivencia, “a cultura” é a súa forma, e “a lingua” é o seu vehículo. Os distintos pobos, as

---

165BARROS, Miguel. *Ramón Piñeiro, A Revisión do Nacionalismo. Volume I*. Ed. Galaxia. Vigo. 2009.

“Significado político e filosófico do humanismo”. p. 237.

166*Ibidem*. p. 244

distintas culturas e as distintas linguas son realidades concretas que corresponden a unidade ideal que nós chamamos Humanidade. A Humanidade realízase a través dos pobos, a través das culturas, a través das linguas. Ou sexa, a través da pluralidade.<sup>167</sup> (Piñeiro 1967)

Deste xeito no seu sistema se articula un “comunitarismo” baseado por unha banda na cultura como elemento configurador das comunidades sociais e que politicamente debe ser fortalecido mediante “a mobilización e organización do esforzo colectivo” mediante a política, o que el chama a “transformación do feito natural (o pobo) en feito político”<sup>168</sup> Piñeiro entende deste xeito a acción política como “actividade colectiva encamiñada a esa organización, a superación racional das condicións naturais” e cre tamén que o individualismo “é un feito natural en Galicia” que carente de “integración política” tende a caer no “particularismo”, encamiñado pola contra cara a “cooperación” no seo da comunidade política, este tórnase fonte de “enerxía social creadora e positiva.” vemos pois como Piñeiro parte dunha defensa da liberdade individual, só supeditada as súas obrigas políticas como cidadán no seo da comunidade política.

Se atendemos por último ao democratismo liberal de Piñeiro, debemos apuntar primeiramente a defensa que Piñeiro fai na súa obra da liberdade individual, da democracia pluralista tanto no atinente ao sistema político representativo como ao ideal sistema pluralista de partidos políticos que defende, e por último ao seu rexeitamento do marxismo “pro-ruso” así como dos fascismos. A función sociolóxica que Piñeiro atribúe a lingua como elemento cohesionador, non é óbice para que reivindique tamén a función emancipadora da cultura, en canto ao xenio creativo dos individuos, na última cita textual en *A linguaxe e as linguas*, Piñeiro afirmaba que o individualismo non tiña nada de negativo se non conducía este cara o *particularismo*, se non cara a cooperación no seo da Comunidade política. O seu pensamento político atribúe a “liberdade” o papel protagonista como elemento descritivo da “ontoloxía humana”, conducente esta liberdade implícita e necesaria á pluralidade cultural e política que o intelectual reivindica ao longo da súa obra. As institucións deberían ser pois para Piñeiro, celosas gardiás desa liberdade “emancipatoria” que o individuo atopaba na cultura. En canto ao rexeitamento frontal de calquera forma de autoritarismo Piñeiro amósase claro cando afirma sobre a vitoria aliada na II Guerra Mundial, na altura de 1945.

---

167PIÑEIRO, Ramón. *A linguaxe e as linguas*. Ed. Galaxia. Vigo. 1967. pp. 35-36.

168PIÑEIRO, Ramón. *Olladas no Futuro*. Individualismo, Particularismo e Cooperativismo. Ed. Galaxia. Vigo. 1974. p.1966

A opinión democrática de Galicia, obrigada a celebrar en forzoso silencio a vitoria de unha Causa a que lle prestou a súa adhesión dende o primeiro día, afirma, hoxe máis que nunca a súa fe en que a vitoria das Nacións Unidas ha de garantir o trunfo da *liberdade persoal e nacional*.<sup>169</sup> (Piñeiro 1945)

O rexeitamento do Franquismo, así como de toda forma de fascismo e autoritarismo corporativista e conservador é continuo ao longo da obra do intelectual lucense, do mesmo xeito amósase frontalmente crítico co marxismo pro-soviético que entende incompatible co pluralismo político do seu plantexamento político, mesmo chega a contrapoñer o problema da “proletarización” coa solución que aporta o federalismo como “unha dialéctica do ser social entendido como un conflito fecundo entre o individuo e mais a sociedade, entre a tradición e a innovación, entre a necesidade e a liberdade”<sup>170</sup>. A pesar do seu rexeitamento do comunismo, as acusacións que se teñen vertido sobre el de ser un “raiboso anti-comunista” non se corresponden coa realidade dos feitos. Numerosas son as alocucións nas que o intelectual se amosa partidario de que no seo do sistemas de partidos que el arela pluralista e galeguista, exista tamén un galeguismo marxista:

Ben estes rapaces irán a rebeldía propia dos anos que teñen, outros faranse comunistas, outros moderaranse, pero está claro que todos serán galeguistas.<sup>171</sup> (Piñeiro)

É evidente como xa vimos ao longo do traballo que ningunha concepción determinista pode ser compatible cun pensamento nidiamente *pluralista*, e deste xeito o pretendido democratismo liberal ao que xa apunta Miguel Barros na súa tese de doutoramento faise compatible coa idea de definir a Ramón Piñeiro como un *socialedemócrata*<sup>172</sup>, este chegaría a afirmar:

---

169 Fragmento de documentación reproducida dos Arquivos de Fernández del Riego custodiados na Casa Galega da Cultura de Vigo. En *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo. Volume II*. BARROS, Miguel. Ed. Galaxia. 2009. p. 41.

170 BARROS, Miguel. *Ramón Piñeiro, A Revisión do Nacionalismo. Volume II*. Ed. Galaxia. Vigo. 2009. pp.318-319

171 Adlocución de Ramón Piñeiro, citado por Xosé Luís Franco Grande en *Os anos escuros*. Extraída de BARROS, Miguel. *Ramón Piñeiro, A Revisión do Nacionalismo. Volume II*. Ed. Galaxia. Vigo. 2009. pp.322

172 *Ibidem*. p.487

A evolución socialista das democracias irá marcando o progreso político da humanidade, e o comunismo, aínda a costa de desprenderse do marxismo seguirá ese progreso. O futuro político da humanidade é o *socialismo*, pro o socialismo está tan lonxe do capitalismo monopolista como do capitalismo estatal (comunismo-marxista). Os verdadeiros socialistas teñen que ser demócratas.<sup>173</sup> (Piñeiro 1965)

Esta rotunda afirmación “o futuro da humanidade é o socialismo” desmonta calquera acusación das moitas que se lle teñen feito ao intelectual lancrao de conservadorismo ou mesmo de simpatía coas forzas colaboracionistas do réxime. O fondo democratismo-liberal, o humanismo, o pluralismo político, o federalismo e a socialdemocracia política son sen lugar a dúbidas os elementos descritivos dun pensamento político enriquecido pola influencia de numerosas correntes de pensamento, que o intelectual abordou sempre co obxecto de adaptalas e reabordalas a luz da situación socioeconómica e política dunha Galicia sometida ao xugo do franquismo, aínda que plural e diversa en termos sociolóxicos.

---

173“Epístola sobre o comunismo” a Basilio Piñeiro. Datada en Vigo o 25 de xaneiro de 1965. En BARROS, Miguel. *Ramón Piñeiro, A Revisión do Nacionalismo. Volume II*. Ed. Galaxia. Vigo. 2009. pp.484-490.

## **V: CONCLUSIONES**

## CONCLUSIONES

Para pechar esta breve aproximación ao pensamento de Ramón Piñeiro, podemos concluír que as hipóteses que pretendíamos contrastar, apuntan a idea de que efectivamente o pensamento de Ramón Piñeiro constitúe unha disención a algúns dos elementos que se configuraron como hexemónicos na estratexia de mobilización política do nacionalismo galego. Mentres nas formas contemporaneas de organización política nacionalista triunfaron as teses primordialistas propostas por Murguía, desenvoltas por Risco, catalizadas por Castelao no seu *Sempre en Galiza*, e adoptadas en boa medida polo novo nacionalismo marxista na década dos 60. En Piñeiro confórmasse unha teoría política da nación baseada no *construtivismo* político, de acordo ao cal a nación é un feito cultural, que se constrúe sociolóxicamente e politicamente, a cultura é o único elemento pre-nacional, encargada esta de servir como elemento cohesionador ao *bloque nacionalitario*. Deste xeito atopamos ao longo do noso análise unha total hexemonía da perspectiva *culturalista* que se impón no nacionalismo galego en todas as etapas históricas. Aínda así en Piñeiro o elemento cultural é entendido de xeito sociolóxico, e voluntarista, no que é o individuo o encargado de producir a cultura, e non está a encargada de “alinearse” ao individuo no seo da comunidade, como unha realidade estática e pre-establecida.

Foi de extraordinaria utilidade para o noso análise a tripla categorización proposta por Ramón Máiz en *Nacionalismo y Federalismo*, de acordo á cal o nacionalismo pode ser clasificado nunha tripla tipoloxía, entendendo este de forma orgánica, como o máis determinista e etnicista; o nacionalismo culturalista, aquel que responde a unha atenuación da etnicidade, entendida esta como *etnicidade tenue*, respondendo este diferencialismo á: lingüística, historia, tradicións, folclore...; e por último un nacionalismo pluralista, apuntando este a un proceso de *national building* politicamente flexible, participativo e contestado. Deste xeito e logo de analizar as traxectorias, os textos, as monografía, discursos e testemuños audiovisuais, podemos concluír que o pensamento federalista e galeguista de Ramón Piñeiro pode clasificarse como un nacionalismo pluralista con algúns rasgos de culturalismo, especialmente no atinxente ao idioma como elemento vertebrador da comunidade social e política. En contraste o

nacionalismo hexemónico tributario a partes iguais da fundamentación teórica de Murguía, a teoría do nacionalismo de Vicente Risco e o pensamento de Castelao, que por medio deste último e a definición “stalinista” de nación, acaba incorporando o análise e a teoría marxista ao pensamento galeguista, sen por iso, ter que renunciar a todo o acervo *organicista-culturalista* do galeguismo histórico. O pensamento de Piñeiro, pola contra podémolo catalogar como directamente conectado co do federalismo republicano de Aureliano Pereira, que dende os evidentes contextos históricos no que se produce, pode identificarse como compatible en case todas as súas teses centrais. Esta afirmación lévanos a confirmación da segunda das nosas hipóteses que apuntaba a un pluralismo implícito do nacionalismo galego en paralelo a outras ideoloxías e movementos de signo nacionalista en Europa.

Como terceira das conclusións, podemos establecer que o papel da denominada como Política Cultural piñeirista, non supuña un abandono da actividade política, nin no plano estratéxico, nin no plano teórico, xa que en ambos casos seguiu traballando en estratexias de conformación de novos cadros políticos para o galeguismo, a conformación de novas estratexias de mobilización e presión no escenario post-franquista, e o análise da realidade sociolóxica, económica e política do seu tempo. Habida conta das limitacións cuantitativas dos círculos piñeiristas unha vez falecido o ditador, podemos concluír afirmando que o peso proporcional destes actores no proceso de institucionalización da autonomía foi moi relevante, debido en primeiro lugar ao peso que as súas ideas e personalidades tiveron no debate público, así como a influencia exercida sobre terceiros actores.

Para rematar, unha vez sistematizado dun xeito moi resumido o pensamento do protagonista deste traballo podemos concluír que estamos ante un intelectual e político progresista, cunha visión pluralista e demo-liberal dos sistemas políticos, cun pretendido afán europeísta na configuración da súa teoría política da nación galega, e marcado por unha cultura política federalista que entende a política como síntese de ideas diversas e as veces mesmo opostas. O pensamento político de Ramón Piñeiro, sintetiza cultura con política, humanismo con desenvolvemento, individualismo con comunitarismo, existencialismo con racionalismo e liberalismo con socialismo. Todo integrado baixo unha convicción fondamente democratizadora que confiaba no federalismo como cultura política encamiñada a creación de institucións políticas encargadas de preservar a cultura como garantía da cohesión nunha sociedade galega

que preservara a partes iguais o desenvolvemento da persoa humana, o seu benestar e o impulso creador da liberdade. O pensamento político de Piñeiro non é pois unha ideoloxía, se non un ideosistema, pensado coa pretendida vontade de que calquera galego, alén das súas ideas políticas, se puidera identificar cunha idea pluralista de Galicia, e porsuposto puidera participar na construción desa nación galega, que para Piñeiro faise a través da cultura e da política.

## BIBLIOGRAFÍA

### Monografías sobre nacionalismo

BERAMENDI, J.; NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1995). O Galeguismo pre-nacionalista. O *Nacionalismo Galego*. Ed. A Nosa Terra. San Tirso, Portugal. Pp 18-93

BERAMENDI, J.; NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1995). A chegada da República e a fundación do Partido Galeguista (1931). O *Nacionalismo Galego*. Ed. A Nosa Terra. San Tirso, Portugal. pp 143-148

BERAMENDI, J.; NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1995). O Nacionalismo actual. O *Nacionalismo Galego*. Ed. A Nosa Terra. San Tirso, Portugal. Pp 209-300

GARCÍA ÁLVAREZ, J. (2002) Territorio y nacionalismo: consideraciones generales y estado de la cuestión. *Territorio y nacionalismo. La construcción geográfica de la identidad gallega (1860-1936)*. Ed. Consellería de Cultura e Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

MÁIZ, R. (1983) *O ideario do rexionalismo. Católico-tradicionalista*. Ed. Galaxia. Vigo. p.149.

MÁIZ, R. (2019) *Cultura, sentido e política*. O(s) sentido(s) da(s) cultura(s) II. Ed. Consello da Cultura Galega. Ensaio e Investigación. Santiago de Compostela. p. 32-33.

MÁIZ, R. (1996) *Nación de Bregogán: oportunidades políticas y estrategias enmarcadoras en el movimiento nacionalista gallego (1886-1996)*. Centro de Estudios Constitucionales. Madrid.

MÁIZ, R. (1997) *A Idea de Nación*. Ed. Xerais de Galicia. Salamanca.

MÁIZ, R. (1997) Galeguismo e Federalismo no movemento rexionalista lugués: Aureliano J. Pereira. *A Idea de Nación*. Ed. Xerais de Galicia. Salamanca, pp 237-265

MÁIZ, R. (1997) Segunda Parte. A idea de nación no Galeguismo Histórico. *A Idea de Nación*. Ed. Xerais de Galicia. Salamanca.

MÁIZ, R. (1999) *O pensamento político de Manuel Murguía*. Ed. Xerais de Galicia. Salamanca.

MÁIZ, R. (2000) *A idea de nación en Castelao*. Ed. Xerais de Galicia. Salamanca.

MÁIZ, R. (2018) La nación como proceso político hegemónico y la diversidad de los nacionalismos. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed. Siglo XXI de España Editores, S.A.. Madrid. pp 143-174

MÁIZ, R. (2018) La reconstrucción teórica de la nación desde las exigencias de la democracia republicana. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed. Siglo XXI de España Editores, S.A.. Madrid. Pp 179-235

MÁIZ, R. (2018) Contra el fetichismo de la soberanía: teoría política del federalismo plurinacional. *Nacionalismo y Federalismo. Una aproximación desde la teoría política*. Ed. Siglo XXI de España Editores, S.A.. Madrid. pp 179-235

RISCO, V. (2020) *Teoría do Nacionalismo Galego*. Cen anos de teoría nacionalista, introducción de Rodríguez Álvarez, S.M. (pp 7-33). Ed. Galaxia, Biblioteca Nós. Vigo.

ROJO, A. (1987) *As mocedades galeguistas. Historia dun compromiso*. Ed Galaxia, Vigo.

RUBIRALTA, F. (1998) *De Castelao a Mao, O novo nacionalismo radical galego (1959-1974), orixes, configuración e desenvolvemento inicial da U.P.G.* (Traducción de García Romero, R; Ponte Patiño, P.) Ed. Laiovento. Noia.

### **Monografías sobre Ramón Piñeiro**

BARROS. M. (2009). *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. Volume 1. Pensamento. Ed. Galaxia. Vigo.

BARROS. M. (2009). *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. Volume 2. Acción Política. Ed. Galaxia. Vigo.

CASARES, C. (2005). *Ramón Piñeiro unha vida por Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo.

FERNÁNDEZ, Carlos (2000). *O vento do espírito*. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro. Ed. Galaxia. Vigo.

FRANCO GRANDE, Xosé Luís. (2002). *Os anos escuros, a resistencia cultural dunha xeración*. Ed. Galaxía. Vigo.

GARCÍA TURNES, B. (2009). *Vida e obra de Ramón Piñeiro*. Escolma de textos. Ed. Galaxia. Vigo.

PIÑEIRO, R. (1967) *A lingoaxe i as línguas*. Ed. Galaxia. Vigo.

PIÑEIRO, R. (1974) *Olladas no futuro*. Ed. Galaxia. Vigo.

PIÑEIRO, R. (1984) A Filosofía e o home. *Filosofía da Saúde*. Ed. Galaxia. Vigo. pp 7-19

PIÑEIRO, R. (1984) Para unha filosofía da saudade. *Filosofía da Saúde*. Ed. Galaxia. Vigo. pp 19-81

PIÑEIRO, R. (1984) Saudade e Sociedade, dimensións do home. *Filosofía da Saúde*. Ed. Galaxia. Vigo. pp 81-105

PIÑEIRO, R. (2002) *Da miña acordanza*. Memorias. Ed. Galaxia. Vigo.

PIÑEIRO, R. (2007) *A lingoaxe e as línguas*. Limiar de Henrique Monteagudo e Discurso de Resposta de Domingo García-Sabell. Ed. Galaxia. Vigo. pp. 47-97.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X.P. (2009) *“Diccionario” Ramón Piñeiro*. TresCtres Editores. Santa Comba.

### **Outras publicacións**

ALMOND; VERBA. (1963) *The Civic Culture. Political Attitudes and Democracy in Five Nations*. Princenton University Press.

BEIRAS, Xosé Manuel (2020) *O atraso económico de Galicia*. Ed. Laiovento, 4ª edición. Santiago de Compostela

BERAMENDI. J. G. (1981). Vicente Risco no nacionalismo galego, Tomos I e II. Edicións do Cerne. Santiago de Compostela.

BERAMENDI. J. G. (1985). Antonio Losada Diéguez obra completa, Política, Sociedade, Ideoloxía. *Losada Diéguez obra completa*. Ed. Xerais de Galicia. Salamanca. pp. 143-349.

FERNÁN VELLO. M.A., PILLADO MAIOR. F. (2004). *A estrela na palabra*. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras. Ed. Laivento. Ed. Espiral Maior. A Coruña.

GARCÍA LAGO, L. (2021) *Pasou o que pasou*. Doce estampas dos Oitenta. (Prólogo de Suso de Toro). Ed. Morgante, Rinoceronte Editora. Cangas do Morrazo.

GIDDENS. Anthony. (2001) *Sociología*. Alianza Editorial, 4º edición, Madrid. p.53

MEMMI, Albert. *Retrato do Colonizado*. Ed. Laivento. 2016. Santiago de Compostela

MEXUTO, X. (2006) *A nación galega existe*. Conversas con Francisco Rodríguez. Ed. A Nosa Terra. Santiago de Compostela.

PUY, F. (1999). *Obras completas de Alfredo Brañas. Volumen II. El Regionalismo*. Ed. Fundación Alfredo Brañas. Santiago de Compostela

RODRIGUEZ ÁLVAREZ, S.M. (2021) “Ut sementem feceris ita metes, Exculpato ou realidade galega?”, artigo publicado na revista Grial, nº230 (abril, maio e xuño 2021). Tomo LIX, Ed. Galaxia. Vigo.

SAFRANSKI, R. (1994). *Un maestro para Alemania. Martin Heidegger y su tiempo*. (Traducción de Gabás, R.) Ed. Grupo Planeta. Colección Austral. Barcelona.

VILLARES, R. (2017). Trazos históricos dunha “nación-cultura”. *Identidade e efectos patrios*. Ed. Galaxia. Vigo. Pp 25-93

“Economía y cultura”, Revista de Economía de Galicia, 1, xaneiro-febreiro, 1958, p. 3.

### **Arquivos documentais e epistolares**

ALLUÉ, L. (2005). *Cartas a un mozo galego*. Correspondencia de Ramón Piñeiro con Xosé Luís Allué (1953-1967). Prólogo de Francisco Fernández del Riego. Ed. Galaxia. Vigo.

Programa televisivo. “Dez Anos sen Ramón Piñeiro”, A Chave, Televisión de Galicia, 3 de novembro do 2000. (Interveñen: Carlos Casares, Ceferino Díaz, Benxamín Casal, e o profesor Xosé Vilas Nogueiras).

Documental a cargo do Consello da Cultura Galega. Historias de Vida – Xaime Isla Couto. 2002.

Fondo epistolar entre Ramón Piñeiro López e Xosé Filgueira Valverde, arquivado no Museo de Pontevedra e dixitalizado polo Consello da Cultura Galega.

Fondo epistolar entre Ramón Piñeiro López e Carlos Casares, arquivado na Fundación Penzol e dixitalizado polo Consello da Cultura Galega.

Fondo epistolar entre Ramón Piñeiro López e Marino Dónega, arquivado na Fundación Penzol e dixitalizado polo Consello da Cultura Galega.

Fondo epistolar entre Ramón Piñeiro López e Xan Facal, arquivado na Fundación Penzol e dixitalizado polo Consello da Cultura Galega.

Fondo epistolar entre Ramón Piñeiro López e Rodolfo Prada Chamochín, arquivado na Fundación Penzol e dixitalizado polo Consello da Cultura Galega.

Fondo epistolar entre Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego, arquivado na Fundación Penzol e dixitalizado polo Consello da Cultura Galega.

Fondo epistolar entre Ramón Piñeiro López e Ramón Lugo Pérez, arquivado na Fundación Penzol e dixitalizado polo Consello da Cultura Galega

### **Teses de doutoramento**

PASTORIZA, Xosé Luís.( 2022) *Galeguismo, Humanismo e Desenvolvemento. O pensamento militante de Xaime Isla Couto. (Ontoloxía da resistencia económica: Ramón Piñeiro)*. Tese de doutoramento en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela.

ROMASANTA. *El nacionalismo radical gallego en el ocaso de la Dictadura y los inicios de la Transición democrática (1974-1977)*. Tese de Licenciatura pola UNED. 1991.